



Mestrado Integrado em Arquitectura e Urbanismo

**A TRANSFORMACIÓN DA FORMA URBANA DE SALCEDA DE
CASELAS A PARTIR DA SEGUNDA METADE DO SÉCULO XX**

ALEJANDRO CALVO DOMÍNGUEZ

Orientador: Prof. Doutor Arq. David Leite Viana

Co-Orientadora: Prof.^a Doutora Arq.^a Mónica Alcindor Huelva

Vila Nova de Cerveira, Setembro 2015

PREÁMBULO

Disertación composta pra obtención do grao de Mestre em Arquitetura e Urbanismo, presentada na Escola Superior Gallaecia e desenrolada na Unidade Curricular Projecto-Dissertação do Mestrado Integrado en Arquitetura e Urbanismo, entre Febreiro de 2014 e Setembro de 2014.

Esta Disertación foi orientada polo Prof. Doutor Arq. David Leite Viana e pola Prof.^a Doutora Arq.^a Mónica Alcindor Huelva, ao longo do período de investigación e desenvolvemento, levado a cabo polo alumno Alejandro Calvo Domínguez.

Esta investigación encádrase no ámbito do urbanismo, co título **a transformación da forma urbana de Salceda de Caselas a partir da segunda metade do Século XX**, co obxectivo de identificar as etapas e os elementos de transformación da forma urbana de Salceda de Caselas entre os períodos de 1965, ata o ano 2013. Rematando por determinar as principais características morfolóxicas que conforman o centro urbano de Salceda de Caselas.

AGRADECEMENTOS

Neste presente traballo agradecer as persoas coma aos meus pais, familiares, e amigos, especialmente a Yolanda González porque me brindaron o seu apoio moral para seguir estudando e lograr o obxectivo trazado para un futuro mellor e ser orgullo deles e de toda a familia.

Á escola Superior Gallaecia, por a súa formación e darme a oportunidade de lograr os meus soños como futuro arquitecto. De igual xeito aos meus queridos formadores en especial a David Viana polo seu incansable apoio para lograr a realización desta disertación.

Ao Concello de Salceda de Caselas, a Fotos Balbino e tamén o C.E.P. Altamira pola súa colaboración durante o proceso de recollida de información.

Ao Arquivo Histórico Provincial de Pontevedra, pola información dispoñible.

E o resto das persoas que puxeron o seu gran de area para concluír este traballo.

RESUMEN

A vila de Salceda de Caselas, situada no Suroeste da Comunidade Autónoma de Galiza. Esta situada nunha rexión fronteiriza con Portugal ao Noroeste de España na Provincia de Pontevedra. Foi este o caso de estudo escollido para a realización do presente traballo, centrado na transformación da forma urbana da vila de Salceda de Caselas. O aspecto máis destacado da vila é o seu forte crecemento dende o inicio ata o fin desta análise, cuxa forma urbana reflicte o paso de diferentes épocas e contextos. Non obstante, a principal motivación xorde a partir dos grandes cambios sufridos nesta área de estudo nos últimos corenta e oito anos, froito de diversos factores de carácter social, económico e político que permitiron o desenvolvemento dunha sociedade con novas necesidades.

O estudo desta Disertación é a transformación morfolóxica de Salceda, identificada mediante a lectura da forma urbana da vila. Os obxectivos centráronse en identificar as principais etapas e elementos de transformación que encadraron o contexto político, económico e social de cada momento, para poder identificar posteriormente as principais características morfolóxicas que estruturaron a transformación da forma urbana.

A metodoloxía deste traballo baseouse fundamentalmente en dúas fases: unha contextualización política, económica e social, de modo a encadrar cada época de estudo; e unha segunda fase de análise morfolóxica, na que converxen os datos anteriores nunha lectura física e interpretativa do trazado viario, da matriz de parcelamento, do tecido edificado, os equipamentos e os usos do solo. Para este labor foi necesario

utilizar a análise documental para recoller información de publicacións sobre a vila, datos socioeconómicos e estatísticos; ou o uso de fotografías e a observación directa. Na análise morfolóxica realizouse a superposición de elementos gráficos como a cartografía e imaxes aéreas, co fin de plasmar unha lectura interpretativa do forma urbana. Deste xeito, observouse grandes transformacións na estrutura do tecido urbano e do territorio, debido fundamentalmente aos cambios experimentados pola sociedade nas últimas décadas. Identificáronse implicacións morfolóxicas dalgúns fenómenos importantes, tal e como foi a proliferación de novos tipos edificatorios.

O contexto político e socioeconómico foi determinante durante as diferentes etapas do presente traballo, dividido en dous bloques. En primeiro lugar, estableceuse un capítulo centrado nas etapas de formación e configuración do tecido urbano, comezando mediante un subcapítulo ata 1965, no que se caracterizou a morfoloxía da vila.

Posteriormente, outros catro entre 1965 e 2013 coa finalidade de identificar os elementos que estruturaron e conformaron a transformación morfolóxica de Salceda de Caselas.

Por último contrastase os datos entre a os elementos de transformación da forma urbana e as características da forma urbana, dando lugar a unha lectura continua dos momentos de transformación.

Palabras-chave: Salceda de Caselas, tipoloxía edificatoria, parcelas, usos do solo, trazado viario entre outros.

RESUMO

A vila de Salceda de Caselas situa-se no Sudoeste da Comunidade Autónoma da Galiza. Está localizada numa região fronteira com Portugal, ao Noroeste da Espanha, na província de Pontevedra. Foi este o caso de estudo escolhido para a realização do presente trabalho, centrado na transformação da forma urbana da vila de Salceda de Caselas. O aspecto mais destacado da vila é o seu forte crescimento, desde o início até o fim desta análise, com a forma urbana a refletir a passagem de diferentes épocas e contextos. Entretanto, a principal motivação surge a partir das grandes mudanças sofridas nesta área de estudo nos últimos quarenta e oito anos, fruto de diversos fatores de carácter social, económico e político, que permitiram o desenvolvimento de uma sociedade com novas necessidades.

O estudo desta Dissertação é a transformação morfológica de Salceda, identificada através da leitura da forma urbana da vila. Os objetivos centraram-se em identificar as principais etapas e elementos de transformação, que enquadram o contexto político, económico e social de todos os momentos, a fim de identificar, posteriormente, as principais características morfológicas que estruturaram a transformação da forma urbana.

A metodologia deste trabalho baseou-se, fundamentalmente, em duas fases: uma contextualização política, económica e social, de modo a enquadrar cada época de estudo; e uma segunda fase de análise morfológica, na qual convergem os dados anteriores numa leitura física e interpretativa do traçado viário, da matriz de parcelamento, do tecido edificado, dos equipamentos e dos usos do solo. Para este trabalho foi necessário utilizar a análise documental para coletar

informações de publicações sobre a vila, dados sócio-económicos e estatísticos; ou o uso de fotografias e observação direta. Na análise morfológica foi realizada a sobreposição de elementos gráficos como a cartografia e imagens aéreas, a fim de traduzir uma leitura interpretativa da forma urbana. Desta forma, puderam ser observadas grandes transformações na estrutura do tecido urbano e do território, principalmente devido às mudanças experienciadas pela sociedade nas últimas décadas. Identificaram-se as implicações morfológicas de alguns fenómenos importantes, como a proliferação de novos tipos edificatórios.

O contexto político e sócio-económico foi determinante durante as diferentes fases do presente trabalho, dividido fundamentalmente em dois grandes blocos. Primeiro, estabeleceu-se um capítulo centrado nas etapas de formação e configuração do tecido urbano, começando com um subcapítulo até 1965, no qual se caracterizou a morfologia da cidade.

Posteriormente, outros quatro capítulos, entre 1965 e 2013, com a finalidade de identificar os elementos que estruturaram e conformaram a transformação morfológica de Salceda de Caselas.

Finalmente, contrapõem-se os dados entre os elementos de transformação da forma urbana e as características da forma urbana, dando lugar a uma leitura contínua dos momentos de transformação.

Palavras-chave: Salceda de Caselas, tipologia edificatória, terrenos, uso do solo, traçado viário entre outros.

ABSTRACT

The town of Salceda de Caselas locates in the southwest of the autonomous region of Galicia. It is a bordering region with Portugal to the Northwest of Spain in the province of Pontevedra. This town is the case study chosen for this work, focused on the morphological transformation of its urban fabric. The most striking feature of the village is its tough growth from the beginning up to the end of this analysis, whose urban form reflects the passage of different times and contexts. However, the main drive arises from two big changes experienced in this study field over the past forty-eight years, as the result of social, economic and political conditions that allowed the development of a society with new requirements.

This dissertation focuses on the morphological transformation of Salceda, identified through the reading of the urban form of the village. The aims focused on the identification of key stages and elements of transformation framed within the political, economic and social context of the time, in order to identify the most important morphological features that structured the transformation of its urban form.

The methodology of this work was based primarily on two parts: a political, economic and social framework to delimit each study epoch; and a second phase devoted to the morphological analysis of the previous data to a physical and interpretive reading of the road network, allotment patterns, building fabric, equipments and land use. This work required the analysis to gather documentary information, and publications on the village; socioeconomic data and statistics; photographs and direct observation.

The morphological analysis consisted on the overlay of graphics, such as maps and aerial imagery, in order to capture an interpretive reading of the urban form. Thus, it was possible to observe large changes in the structure of the building fabric and the territory itself, mainly due to the changes experienced by the society in recent decades. Morphological features of some relevant phenomena were identified, such as the increase of new edifying typologies.

The political and socioeconomic context was decisive during the different stages of this work, basically divided into two large blocks. First, it was established a chapter focused on the stages of formation and configuration of the urban form, with a subchapter until the year 1965, in which the morphology of the village was depicted.

Later, four other chapters were developed, concerning a timeline between 1965 and 2013, in order to identify the elements that shaped and structured the morphological transformation of Salceda de Caselas.

Finally, the work contrasts the data between the processing elements of urban form, and the features of the urban form, giving rise to a continuous reading of the moments of transformation.

Keywords: Salceda de Caselas, edifying typology, plots, land use, road network, among others.

ÍNDICE DE CONTIDOS

PREÁMBULO

AGRADECIMIENTOS

RESUMEN

RESUMO

ABSTRACT

1. Introducción	17
1.1 Identificación e xustificación da problemática.....	17
1.2 Obxectivos	17
1.3 Metodoloxía	18
1.4 Estruturação de contidos	19
2. Encadramento teórico	21
2.1 Forma urbana e transformación das cidades	21
2.2 Abordaxe morfolóxica	23
2.3 Definición de conceptos.....	36
3.Salceda de Caselas: Caracterización xeral	41
3.1 Localización	41
3.2 División administrativa	42
3.3 Situación na área metropolitana de Vigo	42
3.4 Factores xeográficos	43
3.4.1 Clima	44
3.4.2 Vexetación	47
3.4.3 Relevo e hidroloxía	47
3.4.4 Xeoloxía	51
3.4.5 Ocupación do chan	53
3.5 Demografía	54
3.6 Actividades económicas	58
4. Elementos de transformación da forma urbana.....	59
4.1 Transformación da forma urbana hasta 1965.....	61
4.1.1 Trazado viario	65
4.1.2 Matriz de parcelamento	75
4.1.3 Tecido edificado.....	77
4.1.4 Equipamentos e elementos de referencia	87
4.1.5 Usos do solo	92

4.2	Transformación da forma urbana desde 1965 a 1975.....	93
4.2.1	Trazado viario	94
4.2.2	Matriz de parcelamento	97
4.2.3	Tecido edificado.....	99
4.2.4	Equipamentos e elementos de referencia	103
4.2.5	Usos do solo	106
4.3	Transformación da forma urbana desde 1975 a 1995.....	108
4.3.1	Trazado viario	109
4.3.2	Matriz de parcelamento	114
4.3.3	Tecido edificado.....	116
4.3.4	Equipamentos e elementos de referencia	123
4.3.5	Usos do solo	129
4.4	Transformación da forma urbana desde 1995 a 2003.....	131
4.4.1	Trazado viario	133
4.4.2	Matriz de parcelamento	136
4.4.3	Tecido edificado.....	138
4.4.4	Equipamentos e elementos de referencia	145
4.4.5	Usos do solo	149
4.5	Transformación da forma urbana desde 2003 a 2013.....	153
4.5.1	Trazado viario	154
4.5.2	Matriz de parcelamento	157
4.5.3	Tecido edificado.....	160
4.5.4	Equipamentos e elementos de referencia	167
4.5.5	Usos do solo	170
5.	Sistematización.....	174
	Conclusión	180
	Bibliografía	183
	Lista de figuras	189

1. Introducción

1.1 Identificación e xustificación da problemática

A vila de Salceda de Caselas sufriu un gran aumento de poboación durante os últimos anos, grazas a ser un concello periférico da cidade de Vigo e a proximidade de numerosos polígonos industriais así como a gran industria do granito, ocasionando un atractivo movemento de persoas doutras cidades próximas que compraron a súa vivenda nesta vila. Cabe destacar un abaratamento considerable destas vivendas que se viu rexistrando nos últimos anos facendo posible o incremento de poboación ano a ano.

Unha das hipóteses que reflexa esta investigación, esta en esclarecer se a tendencia que se levou a cabo durante estas décadas foi a de seguir con este modelo de cidade, que actualmente quedou obsoleto perante as exixencias que presentan os centros urbanos do Século XXI, xustificando as novas infraestruturas mediante a análise da forma da cidade e analizando autores da área da morfoloxía urbana. Un dos problemas que sofre o centro urbano de Salceda de Caselas, é a composición das rúas, que mediante o paso dos anos seguiu alongando e abrindo novas rúas co mesmo carácter arquitectónico de aldea rural, sobre a cal se construía hai moitas décadas sen adecuarse as novas infraestruturas do S. XXI. Os paseos das beirarrúas, os aliñamentos e afastamentos entre as edificacións paralelas entre si, entre outros. Isto provocou un modelo de cidade urbano que quedou obsoleto co paso do tempo, onde puntualmente intentouse adaptar este tecido urbano

para un mellor conforto sen ollar nos inconvenientes que xurdirán co paso dos anos.

O planeamento xeral das normas subsidiarias de 1997, trae a esta vila unha serie de leis que afectará sobre todo a construción de vivenda. Nesta investigación tratarase de atopar se existe algún tipo de vinculo entre o construído fronte o construído e planificado que se inicia sobre todo a partir desta normativa, N.S.P. revisión adaptación a lasga 28/02/1997.

1.2 Obxectivos

Identificar as etapas e os elementos de transformación da forma urbana de Salceda de Caselas a partir da segunda metade do Século XX.

Determinar as principais características morfolóxicas que conforman o centro urbano de Salceda de Caselas.

A área de estudo sitúase no municipio de Salceda de Caselas, ao sur de Galiza e o sur da provincia de Pontevedra, pertencendo á bisbarra do Baixo Miño cunha extensión de 36,1 km cadrados. Limita ao norte co municipio de Pontearreas, ao leste con Salvaterra de Miño, ao sur con Tui e ao oeste con Porriño. En 2013, o concello de Salceda tiña 8.887 habitantes segundo o Instituto Nacional de Estatística. Destes habitantes debese mencionar que 3.747 están censados no centro urbano, sen contar a zona periférica. "Salceda capital", en 1959, ten 817 habitantes, dos cales incluíriase os do centro urbano mais a zona periférica, segundo as Normas

Subsidiarias do planeamento da lei 03/04/1984, na súa memoria na paxina 54. Esta vila dende que comezou a medrar considerablemente, alongouse o longo das rúas pasando de ter unha construción de vivendas individuais típicas da época, a creación das primeiras vivendas colectivas. Dende principios do século XX hasta as décadas de 1970 e 1980, a malla urbana formábase en base a estas edificacións de baixa altura, con rúas establecidas segundo as necesidades da época. Sendo de unha tipoloxía de rúas estreitas e alongadas que inicialmente servían de nexo comunicador entre as parroquias próximas o casco urbano. Mencionar que este tipo de rúas foron construídas para o tipo de transportes que se utilizaban de inicios de século.

1.3 Metodoloxía

A metodoloxía está baseada no método de caso de estudo (Yin, 1984) caracterizado por un análise cualitativo (Bogdan & Biklen, 1994). A temática encadrase dentro do campo do urbanismo.

O método de caso de estudo, analizará como é o proceso de transformación en diferentes épocas do tempo mediante o análise:

- Trazado viario.
- Matriz de parcelamento.
- Tecido edificado.
- Equipamentos e servizos urbanos.
- Usos do solo.

Técnicas de recollida de información

- Análise documental (Albarello & Digneffe, 1997). Recollida de información de carácter oficial, en organismos públicos que interveñen no proceso urbanístico: Oficina de Catastro, Arquivo Municipal de Salceda de Caselas, INE e da Xunta de Galicia.

Normativas municipais (NSP), cartografía dixital e impresa de Salceda de Caselas, fotografías antigas, entre outros.

- Observación (Gil, 1995). Realización de observación sobre o espazo urbano de Salceda de Caselas, para obter información que aínda non figura en ningún documento escrito, como a estrutura actual da cidade, equipamentos actuais, novas construcións, e outros.

- Fotografías (Bogdan & Biklen, 1994). Recollida de imaxes propias que permitan analizar a situación actual para estudar a evolución morfolóxica de Salceda.

Imaxes do autor: Fotografías "in situ".

- Notas de campo (Bogdan & Biklen, 1994). Elaboración de un caderno de anotacións, con opinións propias do autor, durante o proceso de observación.

- Tratamento da información recollida (Samuels, 2004). Comparación cualitativa de cartografía temática diversa sendo complementada con métodos cuantitativos de análise para solventar posibles baleiros no coñecemento (Samuels, 2004). Redeseño cartográfico e análise sistemática de mapas da cidade de diferentes épocas. Recadación de información mediante as categorías de análises da forma urbana.

1.4 Estructuración de contidos

Tras redactar os obxectivos e a metodoloxía, este traballo seguirá estruturado da seguinte maneira:

- ENCUADRAMIENTO TEÓRICO

Este capítulo é fundamental para definir a metodoloxía que se aplicará no estudo a realizar. Encadrarase nel o estado da arte con respecto á problemática definida, establecendo os conceptos necesarios para o estudo relacionados coa morfoloxía urbana, a cidade e o urbanismo.

Outro punto a realizar é o da metodoloxía existente para o estudo das análises morfolóxicas e tipolóxicas, no cal se fará referencia a diferentes autores nas distintas liñas de pensamento, encontrándose neste contexto a metodoloxía aplicada no presente traballo.

- SALCEDA DE CASELAS:

CARACTERIZACIÓN XERAL

Este capítulo realizará de forma sintética unha presentación da vila de Salceda de Caselas. Estableceranse unha serie de datos procedentes da xeografía, clima, orografía, división administrativa e edafoloxía.

Esta información empregarase na análise morfolóxica, sendo de grande importancia a división administrativa da vila e as pendentes do terreo á hora da creación do tecido urbano.

- ELEMENTOS DE TRANSFORMACIÓN DA FORMA URBANA

Este capítulo comezará mediante o encadramento da vila mediante a

realización do estudo da evolución histórica da vila dende as súas orixes, baseada na cartografía existente. O seguinte punto deste capítulo consiste na análise da xestación e configuración da forma urbana, no cal se analizará, na medida do posible debido á escasa documentación, por unha parte a xestación do primeiro asentamento máis próximo a praza principal, e por outra parte o posterior núcleo urbano e as dúas vías máis importantes de comunicación.

Analízase a evolución do tecido urbano da vila, estudando os principais elementos morfolóxicos e as tipoloxías dominantes ata o comezo do século XX, período que se abordará con máis detemento no seguinte capítulo.

Por último, establécense os elementos que determinaron a transformación morfolóxica da vila, obxecto de estudo nos distintos períodos a analizar entre 1965-2013, nos cales se empregará a mesma estrutura de análise que neste capítulo.

- CARACTERÍSTICAS DA FORMA URBANA

Este capítulo dispón de cinco períodos de análise: ata 1965; dende 1965 ata 1975, dende 1975 ata 1995; dende 1995 ata 2003 e por último dende 2003 ata o ano 2013. Cada un deles subdividirase en cinco partes, por unha parte realizarase ao inicio de cada período unha pequena contextualización de modo a encadrar os factores presentes na transformación morfolóxica de cada etapa. Por outra parte, realizarase a análise morfolóxica do tecido urbano, de tal forma que se identifiquen os elementos que estruturaron a morfoloxía da vila de Salceda de Caselas, establecendo os principais elementos morfolóxicos e tipolóxicos.

Comezarse co primeiro elemento:

Trazado viario, analizarase todo o sistema viario para chegar o fin e poder reparar no cambio que sufriron as rúas co paso do tempo.

O seguinte elemento é a matriz de parcelamento, no cal en 1965 se creouse o primeiro catastro de Salceda de Caselas, dividindo en parcelas o chan. O rematar este apartado, dá paso o tecido edificado, no cal é o que máis aumenta neste espazo urbano, crecendo máis e máis en cada época analizada. Este elemento é un das máis importantes, posto que o trazado viario e o edificado van da man e serán analizados con cartografía, ortofotos, fotografías e calquera material que aporte datos para a transformación morfolóxica desta vila.

O penúltimo elemento de transformación son os equipamentos e elementos de referencia para dar paso a os usos do solo, comezando por tres tipos de usos, até chegar a 1997, data na que se crean unhas Normas Subsidiarias que controlan o uso do solo. Nesta vila non existe un Planeamento Xeral de Ordenación Municipal como tal, son estas Normas Subsidiarias as que fan de Normativa.

Tras os resultados de procura de información este apartado comeza a describir unha serie de períodos analizados:

A primeira data en analizar será até o ano 1964-65 mediante o primeiro voo americano realizado en Salceda de Caselas. A continuación comprenderá entre 1966 a 1975 coincidindo esta última data con outra imaxe cartográfica dispoñible.

Entre 1975 e 1995 xa existen numerosos ortofotomapas e numerosas fotografías recollidas no arquivo municipal, esta data é a expansión do núcleo cara a periferia.

A data de maior expansión é a coñecida entre 1995 e 2003, dado que entre esta data e 2013 coincide coas numerosas construcións de edificios plurifamiliares, nos cales albergan moitas máis persoas que as vivendas unifamiliares.

-SISTEMATIZACIÓN

Este último capítulo unha vez rematado a análise morfolóxica servirá como base fundamental para cruzar as épocas e sobrepor deseños dando lugar a unha visión xeral da transformación que se formou na forma urbana de Salceda nas diferentes épocas analizadas.

- CONCLUSIÓN

Realizarase a conexión entre a análise mediante a fundamentación teórica.

Crearase unha síntese dos principais elementos e ordenando a análise morfolóxica, así como comprobar se os obxectivos concordan cos que foron formulados dende o inicio.

- BIBLIOGRAFÍA

Inseríase neste último capítulo a bibliografía de apoio, dende a específica a xeral.

- LISTA DE FIGURAS

Recollerase as referencias bibliográficas de todas as imaxes empregadas no traballo mediante unha orde numérica de inicio a fin.

2. Encadramento teórico

Para comprender o concepto de morfoloxía urbana, en particular, os elementos da forma da cidade preténdese neste capítulo abordar o tema segundo algúns teóricos que foron analizados en diferentes publicacións como Kevin Lynch, Saverio Muratori, M.R.G. Conzen, José Lamas (Morfología urbana e desenho da cidade, 1993) entre outros, que tenden a unha comprensión teórica e práctica da estrutura e comportamento da forma urbana.

Non obstante para o presente traballo compre abordar dende o punto de vista de teóricos urbanistas para comprender como se foron transformando as cidades así como os conceptos que foron xurdindo sobre a forma urbana.

2.1 Forma urbana e transformación das cidades

Comezarase abordando o tema das transformacións das cidades en torno o Século XIX e XX, unha data que se aproxima a transformación de aldea “rural” a espazo urbano da Esfarrapada (barrio que comprende parte do espazo urbano de Salceda de Caselas).

Segundo Capel “El siglo XIX representa la culminación del proceso centralizador y racionalizador del territorio iniciado a principios de la Edad moderna. Fruto de ella es la división en provincias del país y la aparición de la capital provincial” (Capel, 1993, p.67).

O desenvolvemento da industria a partir da revolución industrial asóciase estreitamente ás áreas urbanas e de xeito xeral a paisaxe industrial e urbana

encóntranse confraternizadas. A creación da industria próxima as cidades permite ter unha abundante man de obra.

La crisis y liquidación de las estructuras pre capitalistas se ha producido por (...) la desorganización de las estructuras rurales tradicionales, basadas en la utilización abundante de mano de obra barata y una estructura social desequilibrada (...) al mismo tiempo que el cambio de régimen demográfico y da lugar a la aparición de un fuerte movimiento migratorio (...) el éxodo rural motivado por las míseras condiciones de vida de la población agraria. (Capel, 1993, p.69)

A modo de resumo a revolución industrial trouxo uns beneficios para as cidades como poden ser; a aceleración do proceso produtivo, debido a utilización de máquinas, revolución dos transportes, acumulación de capitais, entre outros e todo isto vai producir un aumento espectacular da produción e unha mellora da calidade de vida, o home vai pasar dunha sociedade agraria e rural a unha industrial e urbana. Como protagonista desta revolución mencionar a burguesía. Era o único grupo social con capital e iniciativa abondo como para poñer en marcha este proceso. Os fenómenos económicos, políticos e sociais están intimamente relacionados nun réxime político determinado, e a economía e a política están en consonancia. (Capel, 1993)

A agricultura, principal sector económico no Antigo Réxime, vai ceder paso á

industria e ao comercio. A mecanización do campo liberará un gran número de poboación que se desprazará ás cidades onde se encontra a industria (principal sector) e o campo iniciará unha lenta pero progresiva despoboación (éxodo rural), con un aumento do nivel de vida.

Para dar paso a forma urbana, rematarase o apartado das transformación das cidades con un extracto de Capel no cal menciona o crecemento urbano:

El desordenado crecimiento de las aéreas urbanas españolas ha ido acompañado de una serie de contradicciones y de problemas, a los que los planificadores tecnocráticos acostumbra a aludir eufemísticamente con la denominación de "costes sociales", "deseconomías", "costes de congestión, costes de fricción". En otras interpretaciones estos costes sociales constituyen la patología de la ciudad. (Capel, 1993, p.79)

Tras este forte crecemento urbano, as cidades foron configurándose en torno a unha "forma urbana".

Despois de rematar con un breve análise das transformacións das cidades, pasase a falar sobre a forma urbana.

O deseño urbano esixe un profundo coñecemento do proceso de formación da cidade, tanto histórico e cultural, e fai de conexión nas formas utilizadas no pasado, e que están a disposición dos arquitectos como ferramentas de traballo, consulta e reflexión sobre a "Forma Urbana" que é a materialización da cidade; capaz de determinar a vida en comunidade, evitando así, prácticas superficiais, sen contido disciplinario.

Segundo Lamas na "Morfología urbana e desenho da cidade" a forma urbana é o aspecto da realidade ou o modo como se organizan os elementos morfolóxicos que constitúen e definen o espazo urbano. Aínda que para desenvolver a forma urbana necesítase comprender a morfoloxía urbana, que se utiliza para designar o estudo da configuración e da estrutura exterior dun obxecto. É a ciencia que estuda as formas, con conexión nos fenómenos que lles deron orixe (Lamas, 2004), que non se debe confundir o estudo da cousa (a morfoloxía) coa cousa en si (a forma).

A morfoloxía urbana pode ser definida, en termos xerais, como a ciencia que estuda as formas da cidade e os respectivos procesos de transformación (Oliveira, 2013), é dicir, a forma de organización e deseño dos espazos edificadas e non edificadas.

O estudo da morfoloxía urbana tivo a súa orixe no paso do século XIX ao século XX (Whitehand, 2007; Oliveira, 2013), con enfoques desde diferentes áreas disciplinares, por exemplo, da Xeografía, Arquitectura, Historia, Arqueoloxía e Urbanismo. M.R.G. Conzen e Saverio Muratori son as grandes referencias nas últimas décadas, froito da visión histórica, xeográfica e dende o punto de vista tipolóxica-proxetual desenvolvida, dando orixe ás chamadas "escolas" de pensamento "Conzeniana" e "Muratoriana" (Lamas, 1993).

Antes de abordar estas "escolas", darase unha pequena mención sobre aportacións de teóricos que abordaron temas do urbanismo antes que Conzen e Muratori, como e o caso de Camille Sitte e Unwin, que mencionan o deseño urbano. Camille Sitte, introducirá unha orientación diversa,

baseada nos principios compositivos e arquitectónicos medievais. Critica a rixidez e falta de imaxinación nos trazados repetitivos dos plans de expansión alemáns, que considera máis determinado por cuestións, como o tráfico e as infraestruturas, e menos preocupados cos resultados paisaxísticos, ambientais e morfolóxicos. Mentres que Unwin reflexiona sobre a problemática do "irregular" e o "estándar". Dáse un dos primeiros pasos na ruptura da cidade tradicional, pola reformulación das relacións da rúa co edificio. O discurso de Unwin é preciso e sistemático, liberado do empirismo dos seus antecesores, e busca o equilibrio entre as necesidades funcionais e os obxectivos estéticos na cidade. Un dos primeiros teóricos en mencionar morfoloxía urbana foi Tony Garner na Cidade Industrial, sendo punto de referencia para os que, sen ver a ruptura coa cidade tradicional, propuñan a súa evolución e adaptación, punto de referencia pola metodoloxía empregada, polo carácter científico que os problemas son tratados e polo sentido morfolóxico e arquitectónico das propostas. Precisa de organización distributiva das actividades construtivas e relacionadas coa morfoloxía urbana, con relación trazado/rúa/parcela/edificio, son, entre outras, as propostas de Garner. Traspón no terreo o principio de zonamento funcional, que permite a cidade fragmentarse por áreas distintas, o sector residencial é atravesado por unha vía central organizándose en "bloques" regulares; cada parcela ten sempre un lado a rúa e entre a fachada do edificio e a rúa existe un pequeno xardín que rodea a construción. (Lamas, 2004).

As escolas e teóricos que contribúen sobre a forma urbana que se abordara no seguinte capítulo será: a Italiana fundada por Saverio Muratori, e seguida de Carlo

Aymonino e Aldo Rossi, a Inglesa, analizando a M.R.G. Conzen, o americano Kevin Lynch, entre outros.

Unha vez coñecidos os autores máis importantes e que foron pioneiros en realizar estudos sobre a forma urbana, abordarase este tema de unha forma máis profunda e de unha forma cronolóxica.

2.2 Abordaxe morfolóxica

Este tema comezará describindo as tres principais escolas que xurdiron no S. XX.

(...) abordam-se três escolas-reunidas sob o enquadramento do Internacional Seminar on Urban Form (ISUF)-com fortes tradições na morfologia urbana, cada uma delas sintetizando uma série de preocupações e um conjunto de objetivos que variam entre a descrição e explicação da geografia urbana Inglesa, a intervenção Italiana e a avaliação Francesa. (Oliveira, 2013, p.21)

Vitor de Oliveira aborda o tema do estudo da forma urbana con unha análise sobre as tres principais escolas (Inglesa, Italiana e Francesa).

Oliveira describe en "A evolução das formas urbanas de Lisboa e do Porto nos séculos XIX e XX", a abordaxe histórico-geográfica Inglesa a través do traballo de Larkham (2006) e Whitehand (2001, 2007). Menciona o estudo sobre a cidade de Alwiche de Conzen onde este propón:

"(...) uma abordagem indutiva ao fenómeno urbano, numa altura em que a geografia debatía todo um conjunto de abordagens quantitativas" (Oliveira, 2013, pp.21-22).

Conzen na década de 1940 e 1950 centrase nos estudos de morfoloxía urbana aplicados ao plano e á planificación urbana e crea a escola de morfoloxía urbana de Birningham.

Whitehand estuda sobre este tema no Reino Unido. O seu texto (2001, 2007) describe as orixes, o desenvolvemento e as características da escola de morfoloxía urbana descritas por Conzen, ao igual que os tres elementos básicos na paisaxe urbana desenvolvidos por este autor, como son: o plano da cidade, tecido edificado e os usos do chan. Ademais, trata investigacións sobre micromorfoloxía realizadas pola fundación liderada por Conzen, a relación entre período morfolóxico e proceso tipolóxico e o vínculo da forma urbana coa toma de decisións no plan. Por outra parte, a morfoxénese estúdase con énfase na representación cartográfica. Cabe sinalar que o traslado de Conzen a Inglaterra (mudouse de Alemaña a Inglaterra) lle permitiu a este país conseguir avances significativos na disciplina e na relación entre xeografía, morfoloxía, plan e arquitectura, en beneficio do desenvolvemento urbano.

No texto de Oliveira (2013) di:

O estudo fundador de Conzen sobre a cidade de Alnwick, pretende responder a um conjunto de questões fundamentais para a morfologia urbana como é que uma cidade de estrutura consolidada adquire a sua complexidade, que contributo pode dar o estudo do "plano de cidade" ao contexto regional de uma cidade, e mais importante para o geógrafo Germânico, que conceitos podem ser deduzidos de uma investigação

como esta para o corpo teórico da análise do plano de cidade. (Oliveira, 2013, p.22)

Larkham (2006) confirma que hai en Gran Bretaña unha verdadeira e potente escola de morfoloxía urbana, cuxo punto de partida son as ideas de Conzen. A devandita escola posúe múltiples enfoques (o principal a xeografía) se ben tamén inclúe vertentes referentes a axentes urbanos. Os traballos desenvolvéronse a través de casos de estudo e só poucos foron dirixidos a definir políticas, con excepción daqueles orientados á conservación.

Larkham (2006) formula que diversos estudos que exploran a arquitectura e os seus estilos, a confrontación entre a cidade ideal e a real, o manexo da paisaxe urbana e os problemas de conservación dos lugares históricos que inclúe unha mirada a conceptos e métodos asociados á escala, como por exemplo, a micromorfoloxia, orientada ás análises de elementos individuais (casas ou edificacións).

O concepto de Conzen denominado "fringe belt" (traducido como banda, franxa ou cinta periférica), trata dun espazo extenso que se configura como pausa no crecemento residencial. Constitúese en liñas fixas de crecemento, as cales poden ser numerosas en unha urbe) ocupa o interese de varios traballos asociados á periferia das cidades contemporáneas. "Período morfolóxico". Outra idea de Conzen, e que rexistrouse unha derivación cara aos estudos de modelos de simulación computarizados, relativos ás estruturas urbanas, os seus patróns e transformacións.

En síntese, remítense a múltiples aplicacións en análise espacial, en particular baixo o enfoque da sintaxe espacial (Larkham, 2006). Tampouco pode deixarse a un lado a preocupación pola dimensión humana na paisaxe construída. Neste horizonte fanse visibles as achegas da lingüística e a semiótica, as investigacións acerca do significado da forma urbana, os axentes e usuarios e a sostibilidade (Larkham, 2006).

Conzen pretende responder un conxunto de cuestións fundamentais para a morfoloxía urbana como é que unha cidade de estrutura consolidada adquire a súa complexidade, que pode dar o estudo do "plan de cidade" ao contexto rexional dunha cidade, establece os tres elementos básicos da paisaxe urbana: o plan de cidade, o tecido edificado e os usos do solo. O plan de cidade defínese como a disposición topográfica dunha cidade constituída por un conxunto de elementos producidos polo home, agrupable en tres complexos: as rúas e á súa disposición un sistema viario, as parcelas e á súa agregación en bloques de parcelas, e os "plans de implantación". A análise de Conzen céntrase sobre o primeiro elemento da paisaxe urbana, o plan de cidade, xustificando o feito por este configurar o cadro elemental para as accións humanas e facilitar a súa conexión ao contexto físico.

Dentro de un proceso contínuo de desenvolvemento e de refinamento, sublinha-se a importancia de catro con ceitos originalmente definidos por Conzen en 1960: ciclo da parcela burguesa / burgage cycle, cintura periférica / fringe belt, estrutura morfolóxica, e por fim, região morfolóxica. (Oliveira, 2013, p.23)

Conzen describe cintura periférica como unha zona orixinada pola estabilización temporal dos límites construídos da cidade, e composta por unha mestura de usos do solo en busca dunha localización periférica.

Cando a expansión maioritariamente residencial retómase, esta área queda rodeada, pero asume un conxunto de características que a individualizan do resto tecido urbano: a heteroxeneidade do plan da cidade, dos seus edificios, e dos usos de solo. Estas dinámicas, en combinación con obstáculos xeográficos ao crecemento urbano dan orixe a zonas da cidade en que áreas residenciais alternan con cinturas periféricas. Esta información describe e consegue apreciar no texto de Oliveira "A evolução das formas urbanas de Lisboa e Porto nos séculos XIX e XX".

No caso de estudo de Salceda de Caselas compre utilizar varios conceptos que se describen anteriormente fundamentais para analizar a transformación da forma urbana. Salceda de Caselas, o principio do S. XX estaba situada nun contexto de solo rural.

Conzen no estudo de 1960, define estrutura morfolóxica como o conxunto de preexistencias formais coas que se depara o desenvolvemento urbano, e que o condicionan, polo menos nunha fase inicial. Estes elementos adquiren particular relevancia durante o "proceso de transformación do solo rural en solo urbano", sendo que as rúas e as parcelas asumen un determinismo que se pode manter durante décadas. Oliveira no seus textos de 2013 menciona a estrutura morfolóxica, como elemento relevante da morfoloxía urbana.

A escola Inglesa foi pioneira ao cargo de Conzen sobre estudos morfolóxicos urbanos tal e como se describe neste capítulo, unha das escolas que tamén deixou unha forte pegada foi a Italiana tal e como se falará a seguir.

En Italia, estudos xerais que relacionan a morfoloxía urbana e as análises xeográficas encóntranse en Sturani e Vecchio (2003). Neste país, a multiplicidade de posturas culturais e escolas enfrontadas conduciu a un malentendido sistemático no tema, aínda cando é posible descubrir unha ampla tradición nas investigacións de tipo morfolóxico e no deseño urbano. Tamén se rastrea unha alta correlación entre tipo edificatorio e forma urbana, a pesar das diferenzas de interpretación derivadas de linguaxes diversas. Un defecto perceptible é que nalgúns traballos non se observa a realidade tal como é senón como debería ser, como na investigación histórica e proxectual de Marzot (1998 e 2005) ofrecendo a análise das escolas de Caniggia e Conzen.

Pelo contrario, os arquitectos Italianos da escola Caniggiana focaram a súa atención no concepto de 'proceso tipolóxico', no qual os novos tipos de edificios são vistos como produtos de um processo de aprendizagem das adaptações desenvolvidas pelos anteriores tipos de edificios. Consequentemente, parece existir aqui um espaço para explorar as ligações entre o 'período morfológico' Conzeniano e o 'proceso tipolóxico' Caniggiano. (Whitehand, 2013, nº1, pp. 49-50)

Antes de abordar o modelo da escola Italiana con Caniggia mencionárase a Saverio Muratori que desenvolveu a súa

tipo-morfoloxía, a través do recoñecemento dos procesos de crecemento urbano, da relación entre o edificado, os espazos, a forma urbana e dos seus "arquetipos". Ante a arquitectura tradicional dos edificios e das cidades, define unha matriz de base histórica e integrante. Un dos seus "sucesores" que adaptaron a súa base teórica foi un dos seus "discípulos" Gianfranco Caniggia, orientado por Muratori no caso de estudo da cidade de Como, continuou a estratexia "procesual tipolóxica" por o enfoque nos tipos de edificio como raíz da forma urbana. Aproximándose á arquitectura e construción de edificios como forma de comprobar as súas teorías na realidade tal e como se pode apreciar nesta cita sobre Muratori e Caniggia.

Muratori pretendia construír una estrutura teórica crítica, de explicación da creación e transformación da forma urbana ao longo dos séculos. Caniggia, assistente de Muratori em Roma, continuou a tradición após a sua morte, transmitindo as suas ideias em termos arquitetónicos, (...) Teoria e prática formam também em Caniggia um consistente processo de planeamento assente na análise tipológica da cidade, evitando o protagonismo projetual, defendendo que a ação correta do arquiteto era a de "devolver ao lugar o seu projeto", logo após este ter sido identificado e assumido tipologicamente. (Oliveira, 2013, p.30)

Caniggia presenta un paralelismo entre a relación de tipo e edificio. Realiza unha completa sistematización destas hipóteses; para iso considera na estrutura da Cidade distintos compoñentes de

escala, cada un forma un sistema en si, e participa nun sistema superior. Establece así catro compoñentes:

os elementos son os edificios; as estruturas de elementos é dicir, os agregados de edificios; estes á súa vez únense nuns sistemas de estruturas como son os asentamentos urbanos; e por último encóntranse os organismos de sistemas, aos que denomina organismos territoriais.

As influencias directas da "escola italiana" de Muratori ou Caniggia, e consecuencia da transformación nos procesos que se coñecen da revitalización, rexeneración, son aínda máis importantes na contribución da Morfoloxía Urbana para o exercicio práctico de transformación dos contextos nos que se intervén. Un dos exemplos prácticos máis próximos son os enfoques do Sur de Europa, como o exemplo portugués, coa tendencia no sentido da tipoloxía e da análise morfolóxica como preparación para a planificación urbana con unha visión heteroxénea nos estudos e nos autores Ferreira (1995) busca o sentido dos lugares e das súas formas edificadas (Oliveira & Pinho, 2006, p.86).

En último lugar, no proceso de decisión é fundamental á evolución urbana e a súa planificación. Dese modo, a relación entre regulación do espazo urbano e forma urbana está presente nos estudos sobre a "cintura periférica", resultado da sucesión de iniciativas e decisións tomadas na xestión e expansión. Recoñecer as características urbanas e construtivas e os períodos aos que están afectas, son formas de análise urbana para a definición de políticas de planificación urbana. Ademais de cuestións de lexibilidade, historicidade e significado, estas políticas

urbanas implica a retención de certos tipos de espazos abertos e designación de áreas de interese ecolóxico (Whitehand, 2001, 108).

A te o momento en Italia describiuse a Muratori e Caniggia, non obstante na década dos sesenta xurdiron novos autores que se mencionan a seguir.

Oliveira (2013) fala da desvinculación co pensamento de Muratori e Caniggia dos arquitectos Italianos dos anos 1960 dicindo que:

desenvolvem uma visão da cidade oposta às teorias modernistas, em que o papel da arquitetura menor e mais repetitiva se converte no elemento decisivo de explicação dos diferentes tecidos constituintes da forma urbana. No entanto, existem diferenças entre a escola de Muratori e as posições de Aymonino ou Rossi, mais próximas da modernidade ainda que numa perspectiva de revisão crítica. A conceção de tipo de Muratori distingue-se da visão de Rossi, para quem o conceito equivale a um princípio lógico e imutável. (Oliveira, 2013, p.31)

Non obstante para Rossi seguindo a citación anterior de Oliveira "é atribuído um significado tipológico àquilo que é a adoção de modelos arquitetónicos escolhidos, de determinados períodos históricos e de determinados lugares".

Nos anos 1950 e 1960 do S. XX o grupo italiano coñecido como a Tendenza (con arquitectos como Carlo Aymonino, Aldo Rossi, Giorgio Grassi, Vittorio Gregotti, entre outros.) formularon unha das revisións críticas máis profundas de

todo o Movemento Moderno. Fronte á decidida e combativa ruptura coa historia das vangardas, os italianos propoñían a necesaria continuidade coa historia.

Aldo Rossi e Carlo Aymonino acabaram por se distanciar da morfología urbana, no entendimento que desta faziam Saverio Muratori ou Gianfranco Caniggia, por nela non encontrarem respostas para as grandes cuestións urbanas contemporâneas. (Oliveira, 2011, p.84)

Fundamentalmente o grupo italiano a Tendenza utilizou dúas ferramentas que permitían abordar dun modo simultáneo a arquitectura e a cidade considerando que esta visión sintética, só con grandes distorsións, podía separar.

Cidade e arquitectura eran aspectos complementarios que obrigaban a abordar o seu coñecemento de xeito conxunto. Esta visión formulábase dende a análise dos tipos edificatorios e dende o estudo da morfología urbana, que se concretaba, precisamente a partir dos tipos. Tipoloxía e morfología se convertían así en maneiras de abordar o coñecemento da cidade. Un coñecemento imprescindible para intervir sobre ela. En definitiva, para proxectala.

En resumo, a investigación tipolóxica, iniciada por a Tendenza italiana nos anos de 1950 converteuse en:

- Un intento de reconstruír a teoría da arquitectura dende a base de un dos aspectos clave da propia disciplina: a forma arquitectónica sen caer nos erros que conducira a abordar a forma dende os formulacións estilísticas.

- Unha busca consciente de recuperar as ensinanzas da historia superando os rexeitamentos inxustificables defendidos polas vangardas, e considerando que ese coñecemento é imprescindible para a implantación da arquitectura na cidade, máis alá de mimetismos superficiais e epidérmicos. Só a conexión entre historia urbana e arquitectura, que as interrelacións entre estudos tipolóxicos e morfolóxicos poñían en evidencia, era o camiño axeitado.

- Unha vontade de superar as posturas anti-históricas consideradas como obsoletas, tendendo pontes de enlace co que, por enriba de episodios puntuais como os anos combativos do Movemento Moderno, fora a verdadeira tradición do pensamento arquitectónico de todas as épocas. (Lamas, 1993)

Tras abordar a escola Italiana e Inglesa, comecei a seguir o estudio coa Francesa, con Moudon, Marcel Poète e Philippe Panerai.

A descrición desta "escola" por parte de Moudon vai no sentido da reflexión histórica, entre a liña de pensamento italiana e a do Reino Unido, incluíndo cuestións de deseño urbano e do proceso de edificación da cidade na práctica da planificación.

A crítica principal ao concepto de tipomorfología, está baseado na morosidade e na non operatividade da recollida e expresión dos datos, ademais de que está limitada á "cidade histórica" e á perspectiva de centros históricos. Sendo así, existe unha influencia da perspectiva da "escola" de Muratori na relación do edificado residencial co espazo urbano.

Dentro deste movemento francés levou á investigación urbana, Marcel Poète. Desenvolve un traballo baseado nunha análise histórica e morfolóxica das cidades, cun enfoque pluridisciplinario aos feitos urbanos.

Poète indica a importancia de, “antes de que se interveña”, coñecer o lugar en todas as súas dimensións. É sobre todo para que o seu traballo inspire o movemento crítico á cidade moderna, destacando a influencia que tivo na obra de Aldo Rossi (Lamas, 1993).

Por último, dentro dos autores da escola francesa, cabe destacar Panerai onde no seu libro “Análise Urbana”, describe temas como os territorios da cidade contemporánea, paisaxes urbanas, crecementos da cidade, tecidos urbanos e tipoloxías entre outros.

Nos elementos da paisaxe urbana describe unha serie de elementos principais, os cales son:

-Rutas (percursos), o autor descríbese como “Sua identificação permite uma primeira abordagem da paisagem urbana, de grande interesse quando comparada com o que nos revela o estudo do crescimento” (Panerai, 2006, p.30).

-Núcleos, seguindo a mesma cita anterior, na páxina 30 e 33 comenta o seguinte:

“são pontos estratégicos na paisagem urbana, sejam de convergência ou encontro de vários percursos, sejam de ruptura ou pontos singulares do tecido”.

Outro elemento é o borde, o cal é un compoñente do territorio urbano distinguido como unha totalidade.

Comenta sobre os límites como bordos dos sectores e marcan visualmente o seu termino.

Os marcos para Panerai son elementos construídos como edificios excepcionais ou monumentos, así como prazas ou un cruzamento, entre outros (Panerai 2006).

Tras concluír con estas tres principais escolas europeas, os seguintes autores serán doutras nacionalidades ou de datas posteriores a estes.

A rección ao Movemento Moderno vese na evolución dos modelos urbanos modernistas, no sentido da descomposición do espazo público tradicional, que xerou novas formas de apropiación da cidade. Esa nova realidade espertou moitas análises e críticas a partir da década de 1960, que se revelan moi importantes en relación á comprensión respecto ás problemáticas sociais que están asociadas á estruturación do espazo urbano. Dentro deste movemento, os traballos de Jane Jacobs, Gordon Cullen, Kevin Lynch e Aldo Rossi son moi reveladores dos efectos sociolóxicos negativos producidos pola cidade moderna. Defendían a necesidade de ver un espazo público humanizable, valorando a imaxe do espazo urbano, o benestar intelectual e social dos cidadáns e integración formal entre periferias e centros urbanos.

A seguir abordarase os urbanistas americanos.

Lynch

En “A imaxe da cidade” (2005) achega unha renovada e eficaz ferramenta para a comprensión das cidades baseada na análise visual de onde derivan os valores

máis importantes a ter en consideración á hora de intervir e transformalas. A teoría de Lynch trata sobre a percepción e interiorización da cidade seguindo principios da psicoloxía e as categorías analíticas que introduce senda, borde, barrio, nodo e fito terían unha grande influencia. (Lynch, 2005)

Jane Jacobs

Parte de análises sociolóxicas, facendo apoloxía da rúa mentres o espazo de socialización establece unha serie de principios para o seu deseño. En primeiro lugar, apela á clara e inequívoca diferenciación entre o que é espazo público e o que é espazo privado. Defende tamén que a rúa debe ser totalmente visible, tanto a través dun espazo público aberto como tamén pola cantidade e orientación das fiestras dos edificios, promovendo o seu control informal. Desaconsella a existencia de parques, patios interiores e áreas de xogo cubertas. Na súa opinión, todas estas medidas permitirían a existencia de “ollos para vixiar a rúa”, ollos daqueles que son, ao fin ao cabo, os seus propietarios naturais. No fondo, xoga coa atracción que os individuos teñen pola observación do "outro". Defende que os contactos fortuítos nos espazos públicos crean un sentimento de conciencia colectiva que acaba por xerar un clima de respecto, confianza e seguridade.

(...) Acontece o mesmo com as escolas. Não se pode depender das boas escolas, embora elas sejam importantes, para a recuperação de bairros ruins e a criação de bairros bons. Da mesma maneira, um bom prédio escolar não garante uma boa educação. As escolas, como os parques, têm tudo para ser

elementos pasageiros do barrio. (Jacobs, 2003, p.124)

En resumo das tres escolas “A escola británica” achega a visión morfolóxica á produción da paisaxe construída, a “escola italiana” permite as bases para a planificación e deseño urbano en respecto á historia das cidades, e a “escola francesa” ofrece a posibilidade de avaliación e demostración das teorías de deseño dos espazos urbanos.

De acordo con Lévy (1999), boa parte das investigacións se fundamentan na semellanza entre forma urbana e fábrica urbana, vínculo que resulta insuficiente para comprender a unha cidade moderna, dispersa no territorio.

Certamente, os elementos tradicionais (lotes, rúas, espazo construído e espazo aberto) mudan cara a unha fabricación periurbana, aberta, fragmentada e caracterizada pola atomización. En consecuencia, son necesarias novas ferramentas de análise. Cabe destacar que nesta transformación morfolóxica, as infraestruturas de transporte ocupan un papel preponderante.

	D.			P.				C.	
	Prop.	Investidor/ Construtor	Plan. / admin.	MU (investigación) potencialidades	Arq.	Urb.	Hab.	Empresas	
Trazado viário	—	○	■	○	○	○	○	○	
Mazas	—	—	■	○	○	○	○	—	
Lotes	■	■	■	○	○	○	—	—	
Usos do solo/edificio	■	■	■	○	○	○	○	○	
Forma volumétricas	—	■	■	○	■	○	○	○	
- Fachadas	—	○	■	—	■	○	○	○	
- Elementos construtivos		○		—	○	○	○	○	
Orientación para o EP	—	○	■	■	■	○	○	○	
- forma	—	○	○	○	■	■	○	○	
- funcións	—	■	○	○	○	○	○	■	
- distribución	—	○	○	○	○	○	○	■	

Lexenda:

- Poder – iniciativa ou control
 - Responsabilidade – legislativa ou contractual
 - Interese / influencia – por debate ou participación
 - Sen interese aparente
- D.: Distribución; P.: Producción; C.: Consumo

Fig. 1 - Diferentes perspectivas da Morfoloxía Urbana de Ivor Samuels.

A principal contribución do traballo de Samuels (2000, p.86) para esta perspectiva práctica da Morfoloxía Urbana foi a clarificación da importancia que os diferentes axentes teñen no desenvolvemento urbano, e á súa influencia ou poder sobre os elementos morfolóxicos presentados na imaxe anterior.

Desenvolve o concepto da diversidade, organización xerárquica e unha visión alternativa á cidade tradicional. Evidencia unha implicación máis próxima, na estrutura física das cidades e das súas unidades formais, de enxeñeiros, arquitectos, urbanistas, técnicos administrativos e políticos.

Á semellanza dos autores Kevin Lynch, Gordon Cullen e tamén José Lamas redactan unha abordaxe relevante na temática de elementos que compoñen a cidade.

Gordon Cullen é un arquitecto inglés fundador do Townscape Movement, principal articulador e activista no desenvolvemento das teorías británicas sobre deseño urbano no período de posguerra. A partir de 1956, actuou como consultor paisaxista, xunto a numerosas institucións británicas e na Fundación Ford con proxectos urbanos en Nova Delhi e Calcuta.

En 1961, publicou o libro "Paisaxe Urbana", onde expresa a arte de facer visualmente coherente e organizado, o entramado de edificios, rúas e espazos que constitúen o ambiente urbano.

Para Cullen a historia dunha cidade pode ser descuberta a través do estudo do seu plano urbano, xa que reflicte os cambios na paisaxe urbana que ocorreron a o

longo do tempo e da rede actual: centro e periferia, uso do solo (residencial, industrial, institucional e zonas verdes), sistema de transporte, entre outros.

Incorporou a idea de que un elemento fundamental para a percepción do espazo construído é o observador en movemento. Na obra Paisaxe Urbana, propuxo por primeira vez a noción de visión serial como un instrumento conceptual para unha lectura urbana. Cullen describe tres conceptos: a óptica, o lugar e o contido. No que atinxe á óptica, Cullen di que se estamos a dar un paseo por unha cidade: encontrámonos nunha rúa recta, e a un dos lados se abre unha pequena praza, ao final da cal, outra rúa torce lixeiramente antes de chegar a un monumento. Non é infrecuente este suposto. O primeiro que vemos é, dende logo, a rúa. Pero, despois de pasar a praza, e antes mesmo de dobrar a esquina, aparece ante nós unha nova perspectiva, perspectiva que segue estando connosco mentres cruzamos a praza. Ao deixar esta atrás, entramos na segunda rúa. E unha nova visión aparece ante nós, aínda que o noso andar sexa uniforme.

Por último, ao dobrar definitivamente a esquina, veremos como se levanta ante nós a masa do monumento. O significado de todo isto non é outro que o de que nos paseos a pé por unha cidade, a paso uniforme, os escenarios cidadáns revélansenos, por regra xeral, en forma de series fragmentadas ou, por dicilo doutro modo, en forma de revelacións fragmentadas. Iso é o que denomina como visión serial.

Referente ao lugar Cullen refírese ás nosas reaccións respecto á posición que ocupa o noso corpo no medio do que o rodea.

O contido inclúe a construción en si dunha cidade: a súa cor, escala, estilo, carácter, personalidade, entre outros. Deixando por sentado que a maioría das cidades son de fundación remota, a súa forma de estar construídas evidencia a presenza de distintos períodos arquitectónicos, así como tamén a intervención, na súa edificación, de diferentes equipos construtores. En moitos casos, esa mestura de estilos, materiais e proporcións, constitúe o seu principal encanto.

Cullen no seu libro "Paisagem Urbana" describe:

Abrigo, sombra, conveniência e um ambiente aprazível são as causas mais frequentes da apropriação do espaço, as condições que levam à ocupação de determinados locais. O facto de se assinalarem esses locais com elementos de carácter permanente pode contribuir para indicar os tipos de ocupação que existem na cidade e criar um meio ambiente que não seja fluído e monótono, mas sim estático e equipado. (Cullen, 2006, p.25)

O concepto de paisaxe urbana de Gordon Cullen, pola súa sinxeleza e obxectividade, é unha das propostas máis difundidas como instrumento de avaliación dos espazos urbanos e talvez sexa unha das formas de entender e analizar o espazo.

Con base no concepto de paisaxe como elemento organizador, Cullen presenta varios temas para as paisaxes urbanas. A modo de exemplificar, algúns temas son presentados a continuación, a través de ilustracións e contidos explicativos. Esta suma entre imaxes e contido conceptual é

xustamente o que caracteriza a proposta deste autor.

Recintos, patios e prazas, son espazos urbanos interiores caracterizados polo sosego e tranquilidade, en que o vai e vén das rúas non é tan notado, a praza (ou recinto, ou patio) ten escala humana e xeralmente é un espazo de árbores e bancos, que permiten descanso e contacto humano.

Cullen observa moitos temas para as súas paisaxes urbanas, a potencialidade do seu concepto, especialmente para aqueles que teñen por encargo avaliacións urbanas, é innegable, porque faculta sentimento, creatividade, racionalidade e liberdade se integraren nun mesmo medio de observación. Este concepto de paisaxe urbana, esta comprendido como ferramenta de análise e observación, e é característica moi versátil para obtención de datos, información e referencias, especialmente pola interacción que promove entre ser humano e ambiente urbano despertando a percepción e conciencia á paisaxe polo acto de atención ao espazo urbano e ás propias emocións dos individuos. Entre as virtudes do sistema proposto por Cullen para análise, estudo e intervención, son:

a) a articulación na observación tanto de principios organizadores de orde xeral, como de principios particulares de ordenación.

b) a rapidez de procesamento na percepción da paisaxe, pola facilidade de iteración entre suxeito e obxecto, as emocións que o suxeito recibe da paisaxe e iso esperta o espírito por medio do cal o individuo percorre a cidade camiñando.

c) como soporte, elabora nunha linguaxe síntese con varios elementos, datos e referenciais históricas, socioculturais e espaciais das cidades ou en notas, imaxes, documentos, imaxes, deseños e contidos teóricos. (Cullen, 2006)

Na abordaxe sobre a forma urbana na Península Ibérica, un autor relevante sobre este concepto é J. Lamas.

José Lamas cre que a identificación de elementos morfolóxicos supón coñecer as partes da forma e o modo como se estruturan nas distintas escalas identificadas. Na súa obra “Morfología urbana e Desenho da Cidade” (Lamas, 1993), refire que a cidade urbana está constituída esencialmente por elementos arquitectónicos (edificios). O espazo urbano pode ser entendido de igual modo como se entende a arquitectura. A arquitectura está constituída por portas, escaleiras que desempeñan funcións, e o espazo urbano está formado por postes de iluminación, fíos eléctricos, mobiliario urbano, entre outros.

Polo tanto, o espazo urbano é entendido como articulación do espazo a través do xeito como se estruturan e de como se organizan os elementos morfolóxicos. Os elementos morfolóxicos da cidade definidos por José Lamas son:

- Solo/Pavimento.
- Edificios.
- Lote/Parcela.
- Mazá.
- Fachada.
- Parcela.
- Trazado/Rúa.
- Praza.
- Monumento.
- Arbore/Vexetación.
- Mobiliario urbano.

O autor José Lamas, en semellanza ás reflexións de Kevin Lynch e Gordon Cullen conclúe que no urbanismo moderno o edificio é o elemento base de formación da cidade. Afirmo que a agrupación de células habitacionais determina a forma do edificio e a agrupación de edificios determina a forma do barrio (Lamas, 1993).

Para identificar os elementos morfolóxicos do espazo urbano é necesario coñecer as partes e o modo como elas se estruturan nas diferentes escalas. Entende-se por morfología a ciencia que estuda as formas interligando-as com os fenómenos que lhe deram origem, ou o estudo da configuração e da estrutura exterior de um objeto , ou ainda, essencialmente, a morfologia urbana refere-se aos aspectos exteriores do meio urbano e às suas relações recíprocas, definindo e explicando a paisagem urbana e a sua estrutura (...) A dimensão é um aspecto importante a ser considerado quando se pretende identificar os elementos urbanos no âmbito da morfologia urbana. Não existem limites de grandezas e complexidades na forma urbana. (Lamas, 1993, p.37)

Kevin Lynch, Gordon Cullen e José Lamas son nomes de referencia e nas súas obras se reteñen experiencias como a noción da importancia do deseño urbano na práctica e igualmente na teoría. Os seus presupostos teóricos pretenden apoiar o deseño urbano a definir na área de estudo que tende a ser un estudo útil para estruturar unha proposta eficaz e funcional na resolución de proxecto urbano.

Segundo Lamas (1993, p.73) “O homem vive numa continuidade ambiental, e as formas urbanas ou territoriais são constituídas pela composición de diferentes unidades espaciais e elementos morfológicos”.

Ademais da historia da forma urbana facilitada, por exemplo, por Teixeira (1993), coa caracterización dos trazados do sistema de rúas portugués, son importantes os estudos como os da Facultade de Arquitectura da Universidade do Porto para a súa integración no desenvolvemento urbano, a través de Ferreira (1995), Fernandes (1996) e Correia (2008).

Tamén foi no Porto, que, co inicio dos plans directores municipais, se realizou unha práctica de planificación con base no rexistro analítico, nun tratamento de escalas metódico e en datos de enquisas urbanas (Marat, Mendes, 2012).

Salgueiro (1992) foi o que máis aportou sobre o estudo da evolución urbana co papel do sistema de planificación e dos diferentes actores. Pero foi Garcia Lamas (2000) quen constitúe a referencia clave para os morfoloxistas portugueses, sobre todo na relación co tecido edificado, sen mencionar directamente o espazo público ou espazo entre edificios.

Outro autor que escribe sobre morfoloxía urbana e Dias Coelho, este foi coordinador dos cadernos de Morfoloxía Urbana, entre os que se destacan dous deles, un é “Os elementos Urbanos” e o outro “O tempo e a Forma”.

No primeiro libro citado anteriormente describen os elementos urbanos, tales como: o tecido, o trazado, a malla, a

praza, a rúa, a maza, a parcela, o edificio singular e común.

Dias Coelho describe o tecido como:

O concepto de tecido urbano exprime a realidade da cidade contruída, materia con existencia real e temporal, que incluí indissociavelmente o espazo e o edificado, o público e o privado, isto é, as ruas, as parcelas, os edificios, as infraestructuras, etc., isto é toda a cidade física. (Coelho, 2013, p.14)

No segundo caderno de “Os Tempos da Cidade”, o primeiro capítulo pertencente a Coelho fala sobre o tempo como dimensión da forma da cidade o cal comeza da seguinte forma:

A autonomía de abordagem á cidade a partir da súa forma implica tanto a lectura dos tecidos urbanos tal como se reconhecem nun determinado momento, resultado de un proceso sedimentar, como a súa proxección nun calquer futuro, seja este temido ou desejado. Neste sentido, a forma urbana pode ser lida a partir da súa dimensión física, considerando os espazos e o edificado que solidariamente compoñen o tecido urbano. (Coelho, 2014, p.13)

Tanto este caderno como o primeiro mencionado anteriormente, supoñen un contributo excepcional para a morfoloxía urbana.

Dende o punto de vista do caso de estudo que se pretende elaborar neste traballo, estas análises serán de importante contributo tanto a nivel teórico como para a redacción dos obxetivos tales como os elementos de transformación da forma e

as características morfoloxicas da forma urbana.

Outro autor relevante no S. XIX e Oliveira, o cal se menciona a continuación.

Os desenvolvementos recentes da historia urbana en Portugal como e o caso de Lamas (1993) ou de Oliveira (2010) establecen unha boa base para o coñecemento da historiografía urbana portuguesa. Comeza por sinalar o atraso desta respecto á situación europea ou estadounidense. Se consideramos por outra banda como “desenvolvemento máis recente” o panorama trazado por Pinho e Oliveira (2011), referíndose sexa a estudos integrantes das nocións da Morfoloxía Urbana, ou ás metodoloxías aplicadas.

Oliveira (2013) propoñe a Morpho enquanto metodologia quantitativa de análise da forma física de áreas urbanas, focando o que designa como elementos fundamentais da forma urbana: ruas, parcelas, edificios. Os principios que compoñen esta metodologia apuntan para análises restritas à dimensão física das cidades; estabelecimento do concepto e grao de urbanidade, a partir de lóxicas gradativas do continuo rural-urbano; pesquisa integrada e práctica de planeamento sincrónica e diacrónica, monitorizando a evolución da forma urbana ao longo dos anos. (Viana, 2015, p.29)

En España un dos maiores Urbanistas foi Solà-Morales.

(...) Solà Morales que daría lugar a toda una generación de planes generales cuyo eje metodológico giró en torno a la recomposición de la forma urbana y a la interpretación de la morfología de sus partes. (Gutiérrez, 2006, p. 100)

A renovación disciplinar impulsada dende o Laboratorio de Urbanismo de Barcelona dirixido por Solà-Morales non tardaría en comezar a producir os seus froitos, e non só en Cataluña, senón en toda España. Certamente, a difusión das propostas teóricas e metodolóxicas non poden ser separadas do impacto que as ideas de Rossi tiveron entre os arquitectos españois nos anos 1970. Un impacto que se viu favorecido polas frecuentes viaxes do arquitecto milanés a España.

Solà-Morales fala da cidade dende o seu desenvolvemento histórico e a comprensión da súa estrutura cambiante. A análise da forma urbana e, para el, imprescindible para planificar a cidade, que seguía inevitablemente unhas pautas de crecemento a partir da arquitectura e dos espazos urbanos, públicos ou privados, que xera (Gutiérrez, 2006).

En España a partir da década dos 1970, nace unha necesidade de reorganizar o espazo urbano, regularízalo e crear novos usos de solo. En 1975 crease unha nova lei de solo. E íranse creando os planeamentos xerais de ordenación municipal (PXOM). No caso de Salceda de Caselas, en 1997 coas Normas Subsidiarias.

2.3 Definición de conceptos

O presente traballo baséase na necesidade de dar resposta á transformación da forma urbana de Salceda de Caselas así como analizar os diferentes conceptos que se describiran a seguir.

FORMA URBANA

Según Lamas (2004) abarca este tipo de actuación, deixando constancia de que:

O termo morfología utiliza-se para designar o estudo da configuración e da estrutura exterior de um objeto. (...) podemos clarificar três pontos:

- a morfología urbana é o estudo da forma do meio urbano nas suas partes físicas exteriores, ou elementos morfológicos, e na sua produção e transformação no tempo;

- um estudo da morfología urbana ocupa-se da divisão do meio urbano em partes e da articulação destes entre si com o conjunto que definen. O que remete para a necesidade de identificación e clarificación dos elementos morfológicos como os meios de comunicación e o impacto das construcións, quer em ordem à leitura ou análise do espaço quer em ordem à sua conceção ou produção;

- um estudo do morfológico deve ter em conta os niveis ou momentos de produção do espaço urbano. (Lamas, 2004, p.55)

Un dos problemas detectados nas transformación das cidades fai referencia o concepto de morfoloxía urbana coa súa definición:

- O estudo da forma urbana e dos procesos e persoas que a constrúen. Trátase, polo tanto, de comprender as causas sociais que fomentan os cambios ou as permanencias da trama, da edificación e da propia imaxe urbana. As liñas que seguen pretenden esbozar algúns aspectos que interesa afondar para o entendemento da evolución da forma urbana.

(...) a través de la forma, [...] parece resumir el carácter total de los hechos urbanos, incluyendo su origen [...] la descripción de la forma constituye el conjunto de los datos empíricos de nuestro estudio y puede ser realizada mediante términos observativos; en parte, eso es todo lo que comprendemos por medio de la morfología urbana: la descripción de las formas de un hecho urbano dentro del Urbanismo Moderno. (Rossi, 2001, p. 72)

A forma urbana é o resultado da organización física dos elementos da cidade, a súa distribución e disposición no espazo é analizada a través do concepto de morfoloxía, que abrangue o estudo de canto se refire aos aspectos físico-espaciais da cidade. Iso implica o estudo e análise dos elementos da forma do espazo urbano: a trama, a mazá, a rúa, o cruzamento, os espazos abertos e as edificacións. Estes elementos urbanos permiten tipificar, en función das calidades, diversas situacións en diversos contextos, convértense nunha constante

co obxectivo de establecer as bases xerais para novas intervencións en contextos construídos, nas características propias de cada elemento e en cada situación particular. Na cidade, os compoñentes que definen a forma e o espazo urbano son:

Urbanos: a trama, a mazá, os espazos abertos (praça, parques, xardíns e espazos residuais), a rúa e o cruzamento.

Arquitectónicos: as edificacións. Estas categorías morfolóxicas, permiten caracterizar os elementos baseándose na xerarquía ou subordinación dalgún deles (Capel, 2002).

A trama e o patrón bidimensional que organiza a forma urbana, non é posible percibila dunha soa vez, pero si é posible, a partir da súa estrutura (configuración e relación das partes co todo e entre si). Refírese ao tratamento e articulación do plano do chan (texturas e composición). Está definida por unha combinación de cheos e baleiros, que contribúen á percepción dos espazos públicos.

A mazá pertence ao tecido urbano e é a unidade básica da trama. Constitúe o resultante que segundo o tipo de trazado determina a división do chan, é o elemento indispensable para a estruturación da cidade, nela acontece a parcelación e subdivisión do chan tanto público coma privado.

A rúa e entendida basicamente como unha formación que segue a transición do espazo privado ao público, a partir do cal se organiza e distribúe a trama urbana.

O cruzamento e a súa disposición en relación co cambio de dirección que xera e a organización dos seus elementos

marcan un ritmo e pautas distintas no percorrido da cidade.

Segundo Manuel Teixeira na 1ª Conferência da Rede Portuguesa de Morfologia Urbana di:

As praças desempeñan um papel importante na organização urbana das cidades portuguesas. Sob a designação de praça englobamos uma grande variedade de espaços urbanos – praças, largos, campos, terreiros, adros – com funções, tamanhos, características formais, relação com a malha urbana e com os edifícios que neles se localizam bastante diversos. Cada um destes espaços tem atributos distintos, mas todos eles comungam do facto de serem locais privilegiados de encontro, de troca e de sociabilidade, e de todos assumirem um papel fulcral na estruturação física da cidade (...) A forma das praças surge associada às suas funções, às suas origens e às suas relações com a malha urbana. (Teixeira, 2008. P.11)

Dentro da cidade encóntranse elementos arquitectónicos que se constitúen en focos de interese para quen percorre o espazo urbano. Estes destacan sobre outros en relación coa xerarquía que presentan, ben sexa, por exemplo pola súa importancia histórica, estética ou funcional, entre outras e serven para articular ou organizar os percorridos e as secuencias visuais.

Os elementos urbanos: a trama, a mazá, a rúa, o cruzamento e os espazos abertos, constitúen o sustento para a situación das edificacións ou elementos arquitectónicos, ademais de xerar as imaxes das cales se alimenta a percepción visual.

O plano "*es un elemento esencial de la análisis morfológica*" (Capel, 2002, p. 67). No plano represéntase a cidade en todo o seu detalle, é dicir, pódense evidenciar as formas das mazás, a malla vial, os edificios, os lugares de ocio, entre outros.

Segundo Capel, o plano pódese definir por catro aspectos elementais:

- As rúas e a súa relación co sistema vial.
- As mazás delimitadas polas rúas.
- Os espazos individuais, os cales resultan ser ocupados polos edificios.
- As zonas verdes, as cales se poden evidenciar nunha escala detallada.

Estes elementos resultan ser os factores para definir as diferentes estruturas urbanas e a partir diso establecer relacións cos usos do chan. Dende a observación e lectura do plano pódense evidenciar os diferentes usos do chan, identificando a simple vista categorías ou unidades da cidade, como as localizacións industriais xerando unidades industriais, así mesmo vivendas e edificacións formando unidades residenciais ou administrativas. Pola súa banda as vías ou rúas xogan un papel importante como un elemento principal para a definición da estrutura urbana, xa que actúan como unha malla de conexión dentro da mesma cidade (Capel, 2002).

Do plano pódese destacar o trazado das rúas ou entramado viario, que é un dos elementos máis difíciles de modificar da estrutura urbana. Está condicionado polo medio natural e á súa vez condiciona a disposición da edificación e o sistema de movementos. O seu estudo permite coñecer o desenvolvemento da cidade a través do tempo. Da edificación, a forma e

disposición dos edificios na trama urbana ou tecido, responde aos usos ou actividades que eles albergan, e, á súa vez, o trazado das rúas e as funcións destas na estrutura vial condiciona a localización dos edificios nas mazás.

En canto ao uso do solo, as actividades predominantes en cada zona, ademais de caracterizala (zona comercial, central, residencial, industrial) requiren dunha adecuación tanto dos espazos que albergan as actividades (parcelas e edificios) coma das canles de circulación.

Um desses conceitos é a 'região morfológica' (morphological region). O conceito de 'região morfológica' como uma área morfológicamente homogénea (em termos de plano / planta de cidade, tecido edificado e uso do solo) e como tal distinta das áreas que a envolvem, e o método de 'regionalização morfológica' (morphological regionalization) como um instrumento para reconhecer e delimitar essas áreas (Oliveira & Monteiro, 2014, 2(2), p.106).

A forma e trazado dos edificios e rúas dunha zona urbana están en relación coas funcións que se desenvolven nela, imprimíndolle unha morfoloxía especial. A morfoloxía dunha zona na que predomina a función ou uso residencial (barrio de vivendas), diferénciase notablemente da morfoloxía que percibimos nunha zona onde predomina a actividade comercial ou industrial. Cabe aclarar que hai zonas onde non se percibe o predominio dun uso senón que conviven diversas actividades (vivenda, talleres, depósitos ou servizos) e que esa mestura precisamente, é a que achega unha morfoloxía particular á zona. (Oliveira, 2011)

As implicacións morfolóxicas de procesos de concentración poden analizarse dende dúas perspectivas. Unha, de apreensión global da cidade e de análise da formación do seu plano e a outra, a unha escala maior, de caracterización dos cambios na trama urbana e na edificación. A primeira descríbese como un dobre movemento de dimensión horizontal e de dimensión vertical que toma forma a partir dos cambios inducidos nos sistemas de promoción inmobiliaria. A hipótese é a de asignar unha extensión prioritariamente horizontal do crecemento durante os momentos de recesión ou inicios da expansión, e unha principal densificación de espazos intersticiais e da cidade consolidada nos momentos de crecemento. As condicións físicas inflúen sobre a forma da malla pero aínda cando o trazado se incrusta de forma orgánica no lugar hai outros condicionantes poderosos que se manifestan nela determinándoa como condicionantes do lugar e ás veces actúan de forma simbólica resultando formas lineais, polares, bipolares ou multipolares, radiais ou anulares (Lamas, 2004).

Neste sentido, calquera análise dun espazo determinado debe ter en conta o momento de transformación en que se encontra dende a súa primeira conformación moral, os ámbitos de influencia urbana a que está sometido, e as funcións que desempeñan dentro deses ámbitos. Se algo ten a extensión xeneralizada do fenómeno urbano coñecida como metropolitanización é a existencia de relacións múltiples e de superposición de campos de influencia de distinto ámbito, e nela se poden encontrar unha serie de características que mostran esta superposición de fenómenos relativos ao comportamento espacial que se poden sintetizar en:

- Transformación do modo de produción agrícola, afectado por políticas de intervención sobre o campo, frecuentemente absorbido por compañías urbanas.

- Aparencia formal de exo urbanización, con produción sobre o campo de formas do espazo urbano que expresan procesos diferentes de produción de plusvalía. Desta forma o espazo rural da sociedade urbana sofre unha profunda transformación, cuxas tensións máis fortes nótanse sobre o espazo de contacto coa cidade, onde se produce unha especie de avanzada dos usos urbanos máis molestos, así como unha ocupación agrícola intensiva e moi fraccionada do espazo (máis ocio que produción, como ocupación marxinal dunha poboación de orixe rural) é territorio, frecuentemente, de poboación inestable, con déficit xeneralizado nos servizos, e sobre todo sometido a fortísimas tensións especulativas con base na súa posible transformación en chan urbano. Esta franxa constitúe un territorio de características específicas que conforman o concepto de periurbano (Capel, 2002).

TIPOLOXÍA EDIFICATORIA

En Urbanismo adóitanse agrupar en conxuntos homoxéneos os distintos tipos de edificios constituíndo cada un deses conxuntos unha tipoloxía edificatoria. Normalmente, un mesmo tipo edificatorio coincide nun determinado ámbito territorial xa que se tende a situar una mesma tipoloxía nun concreto punto do municipio co obxectivo de ordenar a cidade e evitar así que sexa caótica. Ademais, cada un dos tipos van estar condicionados por parámetros urbanísticos tales como as aliñacións o trazado viario ou lindes,

volumetría, edificabilidade, edificación illada ou colectiva, entre outros.

Normalmente as distintas tipoloxías edificatorias fíxanse no Plan Xeral ou como no caso de Salceda de Caselas nas Normas Subsidiarias, que é a expresión da intervención administrativa na ordenación da cidade. Actualmente pasa a ser obrigatorio o seu cumprimento, aínda que anos antes de que se aprobaran as Normas de Planeamento Urbanístico, existían baleiros legais na ordenación dos centros urbanos.

Entender o proceso de transformación, é básico para comprender a lóxica de conformación da cidade. A construción da cidade caracterízase por acumulación de sucesos de intervención transformadora do territorio, e, tamén, pola súa extensión por etapas de desenvolvemento sempre prolongación do xa construído, crecemento que se dá por superposición histórica de períodos con alongamentos de rúas e servizos, de períodos de esgotamento e sobre explotación do xa construído, e de momentos de superación de límites físicos ou funcionais dunha cidade. Fenómenos que é preciso ter presentes para entender as formas estruturais do crecemento urbano, mesmo para dar utilidade á identificación dos súas tipoloxías espaciais e á análise dos seus elementos morfolóxicos.

Crecedo urbano de forma continua sobre o espazo, a partir de núcleos preexistentes e ao longo de camiños, alterado en épocas recentes, nas que fixéronse máis agudos os procesos de descontinuidade consubstanciais á lóxica de apropiación do espazo pola cidade moderna. Na confirmación dese territorio continuo foi relativamente doado identificar certas constantes de tipo

morfolóxico que apoian o estudo da súa estrutura espacial, e por iso é posible realizar unha análise de enfoque formal que os agrupe e clasifique.

Tal e como se mencionou ate agora, o concepto de forma urbana atinxe varios elementos. Para finalizar con este capítulo redactarase un pequeno resumo dos elementos que compoñen a forma urbana e que serán útiles para a elaboración dos obxectivos no cuarto capítulo deste presente traballo.

Para a interpretación da forma urbana precisase o analizar o primeiro elemento fundamental, o tecido. É primordial para o entendemento da forma en todos os seus ámbitos. Outro elemento xa descrito e o trazado, o cal serve para a composición urbana e ademais o trazado e necesario na forma urbana e temen e un elemento que permite a comodidade dos usuarios que circulan sobre o tecido urbano. A malla é a realidade física e operativa, que se crea nun lugar dado, o efecto combinado de edificios, infraestrutura urbana e os espazos non construídos que existen no seu interior. Existen diferentes tipos de mallas (ortogonal, radial, concéntrica, linear, entre outros). A praza e a rúa como elementos do espazo público e de tránsito dos usuarios da malla urbana. A maza e un elemento no deseño urbano que se relaciona entre o espazo público e privado. A parcela dirixinos cara un elemento morfolóxico do espazo urbano privado.

Unha vez abordado o encadramento teórico compre analizar o estudo de caso profundamente, tal e como se caracteriza dende un punto de vista xeral (Capel, 2002).

3. Salceda de Caselas: Caracterización xeral

3.1 Localización

Este capítulo pretende localizar a zona urbana de Salceda de Caselas como parte dun sistema urbano nacional e rexional. Salceda é un concello da Provincia de Pontevedra situada no Sur da Comunidade Autónoma de Galiza. Esta situada nunha rexión fronteiriza con Portugal ao Noroeste de España.

Pertencente á comarca de Vigo ocupando un espazo dentro da área metropolitana de Vigo. As súas coordenadas son: latitude Norte 42°06'08" e lonxitude oeste 8°33'28.

do Concello esta a menos de 2 km do río Miño en liña reta (Contrastada a información sobre o mapa cartográfico da Xunta de Galicia).

A distancia con respecto entre o espazo urbano de Salceda e o de Tui, tan so os afasta por estrada uns 12 km, e con respecto a Vigo 27 km. O centro urbano máis próximo e do de Salvaterra de Miño a pouco menos de 8 km. (Esta información e contrastada na memoria do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Salceda de Caselas).



Fig. 2 - Situación de Salceda de Caselas dentro da Península Ibérica.

Limita cos municipios: o Sur con Tui, Oeste co Porriño, Norte Ponteareas e o Leste con Salvaterra de Miño.

Localízase nun espazo transfronteirizo co Norte de Portugal. O extremo Sur do límite




Fig. 3 - Situación de Salceda de Caselas dentro da Provincia de Pontevedra.

3.2 División administrativa

Pertence xeograficamente á bisbarra da área metropolitana de Vigo. Esta localidade distribúese en sete parroquias (A Picoña, San Xurxo de Salceda, Santa María de Salceda, San Estevo de Budiño, Soutelo, Parderrubias e Entenza). O territorio organízase maioritariamente en torno ao río Caselas, afluente do río Miño.

O barrio principal dentro do espazo Urbano chamase a Esfarrapada, onde se concentra a maioría da masa construída, e tamén atopase a maioría da poboación dentro do centro urbano.

A parroquia da Picoña é a que se atopa mais o Norte da vila. O río Caselas nace nesta parroquia. A súa construción máis simbólica é a dun pazo.

O sur da Picoña atopase San Xurxo, a unha distancia de 1,5 km da Esfarrapada.



Fig. 4 - Localización parroquias de Salceda de Caselas.

Por aquí atravesa a antiga estrada que comunica os concellos limítrofes de Salvaterra de Miño con O Porriño.

Santa María de Salceda situada o N.E. da vila, e a parroquia con máis habitantes (según I.N.E 2014) de todas, con 4.853, grazas a que o centro urbano do concello de Salceda sitúase nesta parroquia. Alberga a casa-pazo de Pegullal un dos máis importantes da zona.

Parderrubias en numero de habitantes estaría situada na segunda posición con 1.000 persoas censadas. (I.N.E 2014). Esta orientada o Sur do centro urbano.

Budiño localízase o Oeste da vila. É coñecida por ser unha zona dedicada o sector industrial. Conta con un polígono industrial.

Soutelo está a 4,8 Km. do centro do municipio. Atopase no S.O. e fai de fronteira co concello de Tui.

Entenza esta situada ó S.E. do termo municipal e a 4 Km. do casco urbano. Destacan nela os montes Faro, as súas fincas están regadas polos ríos Caselas e Landras, e na Idade Media existiu un castelo co nome de Castelo de Toroña. (Información baseada na memoria do Plan Xeral de Ordenación Municipal).

3.3 Situación na área metropolitana de Vigo

Son catorce os municipios que compoñen a área metropolitana de Vigo: Vigo, Cangas, Moaña, Soutomaior, Fornelos de Montes, Pazos de Borbén, Redondela, Nigrán, Baiona, Gondomar, Mos, Porriño, Salceda de Caselas, e Salvaterra de Miño.




Fig. 5 - Situación da área metropolitana de Vigo.

A área metropolitana de Vigo é unha rexión urbana que se estende ao sur de Pontevedra en torno á cidade de Vigo, na comunidade autónoma de Galiza, España.

Situada no sur da provincia de Pontevedra limita ao sueste coa Bisbarra do Condado-Paradanta, ao sur coa do Baixo Miño, ao norte coa ría de Vigo, e ao oeste co Océano Atlántico. Os datos aprobados polo INE en 2011 din que ten unha poboación de 480.459 habitantes, dos que 297.241 habitantes viven en Vigo, o que significa o 61,79% do total da poboación de Vigo.

O ámbito da Cidade de Vigo configúrase como un espazo físico no que conviven preto de medio millón de persoas, cunha densidade de poboación case tres veces superior á media provincial, e constitúe un dos principais motores económicos e dinámicos de Galicia, co predominio dalgúns sectores industriais de tecnoloxía punta que resultan claves no crecemento económico de Galicia.

Municipio	Población (2011)	Superficie (km ²)	Densidad (h/km ²) (2011)
Vigo	297.241	109,10	2.724,48
Cangas do Morrazo	26.121	38,10	685,59
Moaña	19.336	31,50	613,84
Soutomaior	7.223	24,97	289,27
Fornelos de Montes	2.002	83,10	24,09
Pazos de Borbén	3.192	50,00	63,84
Redondela	30.006	51,90	578,15
Nigrán	17.879	34,90	512,29
Baiona	12.258	35,35	346,76
Gondomar	13.973	74,50	187,56
Mos	14.942	52,00	287,35
Porriño	18.075	61,20	295,34
Salceda de Caselas	8.665	35,90	241,36
Salvaterra de Miño	9.546	62,00	153,97
Total	480.459	744,52	645,33

Fig. 6 - Poboación da área metropolitana de Vigo.

O seu peso demográfico, económico e social, así como a súa continuidade xeográfica, conforman un espazo idóneo para a posta en marcha da primeira área metropolitana en Galicia.

A eurorexión Galicia-Norte de Portugal está a configurarse actualmente como un espazo de forte relación social, económica e cultural, cheo de oportunidades e cun gran potencial de desenvolvemento futuro. Neste espazo de cooperación, que conta xa cunha área metropolitana arredor da cidade de Porto, é indiscutible que a área de Vigo está chamada a desempeñar un papel fundamental tal e como se redacta no plan aprobado sobre a eurorexión Galicia Norte de Portugal.

3.4 Factores xeográficos

Segundo os datos do Instituto Galego de Estatística, a superficie municipal é de 35,9 km² con 8.890 habitantes segundo censo do 2014, o que indica unha densidade de 247,49 hab/km², superior á media provincial que é de 204.

Atópase comunicada por estradas comarcais, e unha vía rápida que une os municipios de Porriño e Salvaterra de Miño.

O municipio posúe un relevo moi diversificado, no que se poden distinguir unha serie de vales lonxitudinais que se enlazan con áreas algo elevadas, as cales pechan o termo nun pequeno val. Actúan como límite no Oeste do municipio os montes de Montecelos e o monte do Faro entre os cales atravesa a estrada PO-510, ofrecendo a entrada a vila. O Sur do municipio, entre o val do Louro e o curso inferior do río Caselas (límite oriental do municipio) non existe ningún obstáculo orográfico relevante. A rede hidrográfica está condicionada polas fracturas de dirección N-S predominantes no termo. Toda esta distribución lonxitudinal rompese cara o sur polas fracturas Este-Oeste que dirixen o curso cara o río Miño. O río que organiza, xunto cos seus afluentes, dita rede fluvial.

Outro apartado necesario para analizar a vila de Salceda e o clima, o cal nos dirá a temperatura, os ventos e as precipitacións entre outros.

3.4.1 Clima

Segundo Meteo-Galicia, Salceda de Caselas atópase baixo a influencia dun clima oceánico-húmido, caracterizado por unhas temperaturas suaves debido á influencia das correntes cálidas mariñas, e por abundantes precipitacións causadas pola descarga das masas de aire que se moven do Atlántico cara a Península o entrar en contacto coa terra e coas primeiras elevacións montañosas.

A temperatura media anual oscila entre 14° e 15°C, cunha amplitude térmica media que excede dos 14°C, debido á

baixa altitude da zona e o efecto do mar. As precipitacións son abundantes, cunha media de 1.500 mm anuais, que se reparten de forma irregular ó longo do ano, sendo mínimas no verán e máximas no Outono-Inverno.

Na bisbarra os ventos de orixe marítima son mornos e húmidos, véndose afectados de modo bastante regular, agás en verán, polos sistemas nubrados que procedentes do Atlántico, son arrastrados por estas correntes de compoñente oeste, especialmente en outono e inverno, producindo un tempo moi característico de sucesivas borrascas acompañadas de fronteas cálidas e frías con grandes precipitacións.




Fig. 7 - Ventos dominantes.

En verán, prodúcese un desprazamento dos cintos de vento, e ao quedar o deas oeste máis ao norte, Galicia queda baixo o dominio de cálmalas subtropicais. Paralelamente, o anticiclón dos Azores desprázase e esténdese cara ao Oeste cortando o paso das borrascas atlánticas. Os ventos nesta época son débiles en

xeral e están influídos por particularidades locais predominando os de compoñente noroeste, norte e nordés.

Para levar a cabo a análise do clima do municipio tomase como referencia os datos das estacións climatolóxicas de Tui (Monte Aloia), e Páramos de Tui, debido a súa proximidade con este concello, pertencentes o Instituto de Meteoroloxía de Galicia. (Meteo-Galicia)

TEMPERATURAS

As temperaturas son agradables durante todo o ano. O período de frío prodúcese entre os meses de decembro a marzo, con valores medias que roldan os 8°C, con un carácter suave á estación invernal. A temperatura mínima absoluta ten lugar no mes de decembro, cun valor aproximado de -2, 1°C, si ben, as temperaturas, incluso no mes máis frío, solen ter valores positivos. A temperatura media das mínimas ten tamén o seu valor mínimo no mes de decembro, sendo igual a 3, 1°C. A media das temperaturas máximas no período frío do ano sitúase entornó os 13°C e a media das mínimas ten un valor aproximado de 6°C.




Fig. 8 - Gráfica temperatura anual en 2010 na estación Monte Aloia.

Os meses de xuño a setembro constitúen o período cálido, cun valores medias de 19°C. De xuño e setembro a temperatura mensual ten valores moi parecidos, sendo as temperaturas medias 18,3 e 19,3°C, respectivamente, mentres que en xullo e agosto prodúcese o máximo de temperaturas do ano, superando os 20°C de media temperaturas.




Fig. 9 - Réxime de precipitacións do observatorio de Tui.

En canto ás temperaturas máximas, a media chega ós 23°C no mes de agosto, cunha temperatura máxima absoluta de 39,3°C que se produce no mes de agosto. No período cálido, as temperaturas mínimas oscilan entre os 13 °C e os 16 °C, dando lugar, en xeral, a noites frescas e agradables.

Os meses restantes forman un período de transición entre épocas cálidas e frías. A media varia entre os 13°C de abril e os 16 e 11 °C de outubro e novembro, respectivamente, constituíndo unhas estancias de primavera e outono termicamente agradables.

RECIPITACIÓNS

A característica principal da precipitación no municipio é a súa abundancia, cun total anual de 1.477 l/m², sendo o inverno a estación máis chuviosa, cun 39% en precipitacións, prodúcese un máximo secundario en outono e primavera co 26 e 25% respectivamente.

RESUMEN ANUAL

Tª media:	12.9 °C
Tª máx. media:	17.6 °C
Tª min. media:	9.2 °C
Tª máx. absoluta:	35.6 °C 31/08/2010
Tª min. absoluta:	-2.4 °C 14/02/2010
Humedad Relativa:	75 %
Lluvia total:	1821 mm
Lluvia máxima diaria:	117 mm 03/10/2010
Días de lluvia (>0mm):	166
Días de helada:	17
Horas de sol:	1922 h
Irradiación media diaria:	1340 10kJ/m2
Velocidad media del viento:	2.7 m/s
Racha máxima diaria:	29.6 m/s 27/02/2010

Fig. 10 - Resume anual en 2010 na estación Monte Aloia.

Os meses do verán supoñen o mínimo de precipitación, recolléndose de Xuño a Agosto un 10% do total, cunha media de 50 mm mensuais, que unidos as temperaturas da época, provoca no solo un déficit hídrico anual que vai dende os 104 l/m² ós 158 l/m². No mes de xullo recollese o mínimo de precipitación mensual con 25 l/m².

Segundo o Instituto Meteorolóxico de Galicia en canto ó número de días de choiva, obsérvanse valores máximos da orde de 13-14 días durante o mes de decembro, cun período comprendido entre decembre e marzo, ambos inclusive. O valor mínimo ten lugar no mes de agosto, oscilando entre 2 e 4 días de choiva ó mes. O período con menos de 6 días de choiva é o de xullo a setembro, coincidindo coa época estival.

Entre as estacións de primavera e verán, as diferencias en canto ó número de choivas son pequenas, de feito o reparto pluviométrico asigna o 25% das precipitacións á primavera e o 26% ó

verano; estas prodúcense nunha media de nove días ó mes, o que resulta unha media moi baixa no contexto galego.

Os ventos predominan de compoñente W-SW, que aportan nebulosidade e precipitacións abundantes con temperaturas suaves. En menor intensidade preséntanse os ventos de compoñente N-NE. (Fernández, 2000).

Na seguinte imaxe pódese apreciar mediante manchas a cor, como se distribúen as precipitacións por todo o chan de galego, podéndose apreciar que Salceda de Caselas non esta situada nun espazo dos mais chuviosos de Galicia, aínda que tampouco é un dos que menos chove.

As cores da imaxe canto mais escuras se fagan as manchas quere dicir que máis chove nesa zona. Canto máis claro sexa a mancha menos chove.




Fig. 11 - Precipitación no mes de Maio en 2010 en Galicia.

3.4.2 Vexetación

A vexetación cobre gran parte do relevo galego cun mesto manto verde. As especies arbóreas máis abundantes son:

O carballo, o piñeiro, o eucalipto, o freixo e o bidueiro. A matogueira e monte baixo, inclúe toxos, breixos, xestas e fentos, todo iso á parte do prado que constitúe unha alta porcentaxe do tapiz vexetal.

O territorio obxecto deste estudio localízase no Sur da provincia de Pontevedra. No que respecta a súa bioclimatoloxía, localízase no sector Galaico-Portugués.

Para concluír á cuberta vexetal presente na área de estudo, indica que as carballeiras deberían caracterizar á maior parte do territorio municipal, a realidade é que debido ás transformacións derivadas das actividades humanas, a comunidade vexetal da paisaxe municipal sexa esta de pinos, eucaliptos, que ven complementada a súa contribución á caracterización da paisaxe vexetal nas terras de prados, cultivos e hortos. (Puerto, 2007)

3.4.3 Relevo e hidroloxía

O marco físico de Salceda caracterízase por un relevo moi diversificado. A variedade de formas nesta área explicase a través da tectónica de fractura, que posibilita o xogo de bloques fundidos e elevados e da disección fluvial do Miño e os seus afluentes.


O río vai aproveitando as interseccións entre ambos tipos de fracturas, ensanchando o val e xerando unha morfoloxía aberta, facendo retroceder por erosión ás vertentes en función de

diversos factores. O resultado é un val aberto no centro urbano, que nas partes baixas está ocupado por potentes capas de materiais, aluviais dispostos en terrazas fluviais, como o río Landres e o Caselas, ambos afluentes do río Miño.

Os vales fluviais do territorio municipal compartimentanse mais ou menos paralelos que seguen dirección N-S que se corresponden co val do río Landres, e do río Caselas. Son as zonas de menor pendente do territorio, con valores inferiores ó 3%, tal e como se amosa na imaxe anterior. Trátase pois das zonas de fondo do val dos principais cursos fluviais do territorio, zonas con solo urbano, industrial e forestal. Os terreos suavemente ondulados son característicos basicamente por a pendente, que se sitúa no intervalo comprendido entre os 3-10% (ver figuras 12 e 13).

Esta unidade localízase a modo de orla que rodea e envolve anterior no val do centro urbano, curso medio/baixo dos dous ríos. É o tipo de relevo mais común que envolve a área de estudio.

Son terreos que na maior parte do territorio municipal aséntanse sobre granitos de afinidade alcalina salvo no entorno dos ríos, onde se alapa sobre rocas metamórficas. Os cumes con ladeiras de pendente moderada sitúanse no intervalo comprendido entre os 10-20%. Forman esta unidade as partes baixas Monte do faro o Noroeste do centro da vila, así como o alto de Montecelo nos cales atravesa a estrada principal que comunica co espazo urbano.



 Limite espazo urbano



Fig. 12 - Mapa de pendentes de Salceda de Caselas.




Fig. 13 - Mapa de alturas de Salceda de Caselas.




Fig. 14 - Mapa dos ríos de Salceda de Caselas.

O río Caselas nace ao norte do concello de Salceda de Caselas, entono o monte de San Cibrán e percorre 11 km ata a súa desembocadura no Miño. Percorre o val de Salceda e os montes do Faro de Budiño que o separan do río Louro. Atravessa o municipio de Salceda de Caselas para entrar logo no de Salvaterra de Miño, encurvándose e servindo de linde entre os dous concellos. No seu

tramo final como se pode observar na figura anterior sirve de linde co concellos de Salvaterra, e antes de desaugar no río Miño co concello de Tui.

O seu perfil, cun val relativamente encaixado, presenta unha forte pendente (a pendente media do río alcanza o 10‰), aumentando na súa desembocadura ata o 14‰. Este incremento da pendente

estaría relacionado posiblemente cun afundimento do leito do río Miño neste tramo.



Fig. 15 - Río Caselas.

A rede hidrográfica da área de estudo, englobase nos afluentes do río Miño, do que cabe mencionar o río Caselas, e como afluente deste, os regatos do Landres que atravesa moi próximo o núcleo urbano e por último o regato da Fraga. O regato do Landres, o cal é mais corto e menos caudaloso que o Caselas, é un regato que bordea o núcleo urbano na parte sur pasando pola parroquia de Entenza como se pode ver na figura seguinte. (Hervella & Caballero, 1999).



Fig. 16 - Regato do Landres.

3.4.4 Xeoloxía

O macizo galego está formado na súa maior parte por rochas graníticas, os granitos sofren alteracións baixo a acción da humidade, dando lugar este proceso de hidroxenación a unha degradación do macizo rochoso, que se traduce morfoloxicamente nunha aparición de formas redondeadas que xunto coa verde vexetación conforman o carácter suave da paisaxe galega.

A formación máis importante do municipio está composta por rocas ígneas, e ocupa a parte occidental; lle sigue en relevancia os depósitos do Cuaternario distribuídos nas ribeiras do río Miño, Louro e Caselas. Esta diferenza de materiais vai a provocar sobre a resistencia mecánica do terreo que as zonas graníticas presentan unhas características favorables neste sentido con altas capacidades de carga e inexistencia de asentos. Nas formacións do Cuaternario, debido ás baixas capacidades de carga e a existencia de asentos importantes, as características mecánicas son desfavorables, aínda que melloran nos límites con outras litoloxías.

O Mioceno que se observa no termo municipal de Salceda de Caselas está formada por limo que só nalgúns ocasións contén cantos cuarcíticos duns 30 metros. Estes materiais están cubertos cunha profundidade de 45 a 55 metros, por cantos rodados de cuarcita, de tamaño e abundancia variable, que polo grao de consolidación poderían case considerarse como un conglomerado. Estes cantos xacen nunha matriz de limo ou arxila endurecida, e en ocasións os depósitos encóntranse estratificados, ben sexa pola disposición dos cantos ou alternancia dos tamaños, ou ben por a alteración de capas de areas ou limo. Na

Bisbarra existen varios tipos de granito con bastante parecido entre si. Non obstante é posible distinguilos pola diferenza en textura, e en composición mineralóxica. Por último os granitos de biotita porfiroide presenta grande aridez, moi rico en cuarzo e con grandes feldespatos brancos ou rosados que destacan sobre un fondo composto de

cuarzo, biotita e feldespato de menor tamaño de gran e sen ordenación nin orientación. Adoita conter como minerais accesorios: granito, circón e titanita. Ás veces, comprobouse a existencia de grandes bloques de xistosbiotíficos migmatíficos, dentro da masa de granito de biotita. (Vera, 2004)




Fig. 17 - Mapa xeolóxico de Salceda.

3.4.5 Ocupación do chan

Configúrase actualmente como un espazo de forte interrelación social, económica e cultural, con potencialidades e problemas habitualmente recoñecidos.

As dúas clases de ocupación do chan con maior representatividade eran as clases das zonas forestais, de vexetación natural e espazos abertos e das zonas agrícolas. A segunda maior clase, eran as zonas agrícolas seguidas das zonas forestais, de vexetación natural e espazos abertos artificiais, as zonas húmidas e as superficies de auga posúen unha débil representación no territorio. Verifícase que as dinámicas de ocupación do solo entre 1990 e 2006 revelan un aumento significativo das superficies artificiais e un

retroceso das zonas agrícolas e zonas forestais e semi-naturais.

Do conxunto das superficies artificiais, o tecido urbano discontinuo é a clase de ocupación do solo con maior peso e dinámica. O crecemento das clases de tecido urbano discontinuo, zonas industriais, comerciais e vías de comunicación produciuse a costa da ocupación de áreas agrícolas e forestais.

Como consecuencia do aumento do tecido urbano discontinuo, verifícase tamén unha tendencia, de diminución da densidade de vivendas e aumento dos gastos de enerxía eléctrica en iluminación pública a medida que aumenta a área ocupada por tecido urbano discontinuo. (Arozarena, 2005)




Fig. 18 - Mapa usos do chan.

3.5 Demografía




Fig. 19 - Evolución de habitantes no Concello de Salceda de Caselas.

A evolución da poboación de Salceda de Caselas o longo do pasado século da un resultado positivo de crecemento demográfico, pasando de 4.408 habitantes no 1900 a 8.887 habitantes no 2013. Esta evolución amosouse irregular con numerosos puntos de inflexión entre momentos de crecemento e recesión demográfica.

Ate o ano 1960 o crecemento da poboación foi subindo irregularmente con picos de subida e baixada de habitantes, pasando de 4.408 a 4.737 habitantes en 60 anos. A partir de 1960 ata 1981 comeza outra vez un aumento

de poboación considerado, situándose nos 5.618 habitantes, crecendo en 21 anos case 1.000 persoas.

A década de 1980 e 1990 foi unha fase de estancamento con algúns anos de perda de habitantes como se pode ver no gráfica seguinte situando o ano 1990 como unha das etapas que maior perda sofre o concello.

A partir de 1999, a vila comeza a subir de poboación chegando a duplicarse en 100 anos pasando dos 4.556 os 8.665 entre 1910 e 2011 tal como se observa na gráfica anterior.

Nomenclátor: Población del Padrón Continuo por Unidad Poblacional													
Municipio	Año 2000	Año 2001	Año 2002	Año 2003	Año 2004	Año 2005	Año 2006	Año 2007	Año 2008	Año 2009	Año 2010	Año 2011	Año 2012
049 Salceda de Caselas	Población	Población	Población	Población	Población	Población	Población	Población	Población	Población	Población	Población	Población
ESFARRAPADA	1072	1276	1450	1628	1804	2200	2458	2707	2930	3205	3374	3550	3723

Fig. 20 - Nomenclátor centro urbano de Salceda de Caselas.




Fig. 21 - Evolución dos habitantes do Concello de Salceda de Caselas nos últimos 18 anos.

Tal e como se aprecia na gráfica anterior e a través do censo municipal revisado no Instituto Nacional de Estatística do barrio da Esfarrapada, que é onde se insire principalmente case todo o espazo urbano de Salceda, case se cuadriplica en habitantes en doce anos. Isto e unha mostra de que o a zona urbana esta sufrindo un aumento considerable de habitantes cada ano. Trátase de un dos poucos Concello da Comunidade que non perde habitantes dende que se sufriu unha forte crise no sector inmobiliario.

Outra mostra deste aumento de poboación, tamén se pode observar na gráfica anterior a cal correspondente os habitantes totais do Concello, apreciándose un forte crecemento dende o ano 1999 ata o 2012, no cal se estanca con un crecemento mínimo durante dous anos consecutivos.

Segundo o Instituto Galego de Estatística, estes datos de crecemento ascendente tamén se recollen nas gráficas seguintes, tanto a evolución da poboación masculina coma feminina. A diferenza está en que a poboación feminina nunca para de aumentar, aínda que entre o 2013 e o 2014 ten un crecemento moi pequeno e que apenas se aprecia na gráfica mentres que a dos homes dende o ano 2012 ata o 2014 apenas descende 10 habitantes.

Salceda sempre se caracterizou por ser unha vila que atrae novos habitantes, froito deste aumento pódese ver na gráfica de inmigración que ingresa unha cifra considerable de habitantes para o termino Municipal de Salceda de Caselas.

Posteriormente analizarase brevemente os diferentes tipos de inmigración que ingresaron na vila, así como dende o punto de vista de diferentes lugares, tanto a nivel rexional, nacional ou estranxeiro.

Habitantes masculinos




Fig. 22 - Evolución dos habitantes masculinos do Concello de Salceda de Caselas nos últimos 14 anos.

Habitantes femininos




Fig. 23 - Evolución dos habitantes femininos do Concello de Salceda de Caselas nos últimos 14 anos.

	Total	Inmigración interna	Da mesma provincia	Da mesma comarca	Doutra comarca mesma provincia	Doutra provincia de Galicia	Inmigración externa	Doutra CCAA	Do estranxeiro
1992	110	77	71	32	39	6	33	26	7
1993	66	48	43	17	26	5	18	3	15
1994	71	51	49	19	30	2	20	13	7
1995	102	91	81	37	44	10	11	9	2
1996	58	45	36	17	19	9	13	13	0
1997	97	73	68	36	32	5	24	17	7
1998	177	132	121	82	39	11	45	11	34
1999	181	115	108	70	38	7	66	10	56
2000	279	182	178	96	82	4	97	29	68
2001	288	204	195	127	68	9	84	23	61
2002	287	172	164	104	60	8	115	32	83
2003	352	253	232	151	81	21	99	35	64
2004	597	434	411	315	96	23	163	83	80
2005	459	340	308	231	77	32	119	37	82
2006	464	326	306	225	81	20	138	69	69
2007	547	428	394	286	108	34	119	50	69
2008	574	405	374	270	104	31	169	76	93
2009	513	355	329	204	125	26	158	94	64
2010	499	374	348	229	119	26	125	62	63
2011	462	341	313	201	112	28	121	63	58
2012	451	359	327	208	119	32	92	69	23
2013	403	332	315	198	117	17	71	42	29

Fig. 24 - Evolución da inmigración no Concello de Salceda de Caselas.

Como se pode observar na gráfica anterior, Salceda de Caselas posúe un aínda algo elevado se comparamos os habitantes totais da vila. Entre 1992 e 2013 case se cuadriplica o número de entradas de inmigrantes, a maioría destes tal e como se pode apreciar, proveñen da mesma comarca. Anteriormente xa se mencionara a relación e vantaxes que supón estar próximo a unha cidade como é o caso de Vigo. Nalgúns casos as zonas periféricas que rodean as cidades mais grandes, serven como vilas ou cidades dormitorio, xa que na maioría dos casos estas posúen un menor prezo da vivenda, gozando practicamente das mesmas infraestruturas de unha gran cidade.

Outro dato peculiar é que o grupo minoritario da inmigración provén do estranxeiro. Dende o ano 1997 pasou de ter 7 habitantes inmigrantes a 83 en 2002. Un dato de descenso considerable foi a partir 2009, que de ter 93 en 2008 pasou a

64 habitantes, chegando a 23 en 2012. Isto principalmente débese a que a partir do ano 2008 España cae nunha forte crise, tanto no sector mobiliario coma en calquera sector de traballo. Este feito impediu que numerosos inmigrantes decidisen ir a vivir a Salceda de Caselas.

Os habitantes que menos inmigran son os de outras provincias de Galicia, con apenas 17 membros en 2013.

Para finalizar sobre o tema da demografía, indicárase os datos totais que recibiu Salceda mediante o Instituto Galego de Estatística, o cal mostra 110 persoas no total en 1992, reducíndose a 58 en 1996. Posteriormente terá un gran aumento até 2008 con 574 habitantes, cerrando en 2013 con 403 persoas.

A continuación abordarase as principais actividades económicas emprendidas en Salceda de Caselas.

3.6 Actividades económicas

O concello de Salceda de Caselas é dos que non minguaron de poboación nas últimas décadas. A agricultura, a gandería e a explotación forestal, afectadas polo minifundismo, foron sendo desprazadas pola industria, centrada no polígono industrial de O Cerquido, que continúa o eixo Vigo-Porriño. Moitos veciños van traballar a Vigo ou ás empresas situadas en Porriño diariamente. As industrias máis importantes están relacionadas coa transformación do granito, os accesorios para a industria da automoción, os plásticos, as construcións metálicas e a cerámica. Tal e como se poden apreciar nas dúas táboas, a Industria e o sector servizos, son as principais actividades económicas que predominan no Concello de Salceda.

		Salceda de Caselas
	Fecha	VALOR
DIRCE. Número de empresas	2014	572
DIRCE. Industria (nº empresas)	2014	80
DIRCE. Construcción (nº empresas)	2014	115
DIRCE. Comercio, transporte y hostelería (nº empresas)	2014	237
DIRCE. Total servicios (nº empresas)	2014	140
- DIRCE. Actividades financieras y de seguros (nº empresas)	2014	16
- DIRCE. Actividades profesionales y técnicas (nº empresas)	2014	45
- DIRCE. Educación, sanidad y servicios sociales (nº empresas)	2014	21
- DIRCE. Otros servicios personales (nº empresas)	2014	45
Censo Agrario. Número de Explotaciones	2009	73
Censo Agrario. Superficie agrícola	2009	239,88
Censo Agrario. Unidades ganaderas totales	2009	1.075,56
Censo 2011: Total viviendas familiares	2011	4.490
Censo 2011: Total viviendas principales	2011	3.310
Censo 2011: Viviendas secundarias	2011	339
Censo 2011: Viviendas vacías	2011	841

Fig. 25 - Total de empresas e vivendas en Salceda de Caselas.

POBOACION	HOMES	MULLERES	TOTAL
AGRICULTURA	57	43	100
PESCA	11	4	15
INDUSTRIA	651	135	786
- Industria extractiva	291	10	301
- Industria manufactureira	343	124	467
- Producción e distribución de enerxía	17	1	18
CONSTRUCCIÓN	304	10	314
SERVIZOS	344	238	582
- Comercio e reparacións	91	68	159
- Hostalería	55	35	90
- Transporte e comunicacións	69	6	75
- Servizos Empresariais, financeiros, inmobiliarios	8	3	11
- Admón. Pública, defensa, Seguridade Social	43	17	60
- Educación	18	22	40
- Sanidade e servizos sociais	15	15	30
- Outros servizos	45	72	117
TOTAL	1.367	430	1.797

Fig. 26 - Poboación de 16 ou máis anos en Salceda de Caselas ocupada segundo actividade. Ano 1996.

4. Elementos de transformación do espazo urbano

O capítulo que se desenvolvera a continuación pretende analizar a transformación da vila de Salceda de Caselas dende o ano 1965 ata o 2013, os cales son uns períodos de grandes cambios.

Neste capítulo expoñeranse cinco períodos nos que se observa un cambio na forma urbana de Salceda, tanto dende o punto de vista urbanístico como económico, social e político sendo estes a causa principal da súa evolución morfolóxica.

Neste capítulo que se vai realizar, será a prolongación do anterior, no cal se realizou a análise caracterización xeral da vila.

Realizarase un traballo mediante etapas, das cales se analizará a estrutura urbana, a matriz das parcelas, o tecido edificado, os equipamentos e elementos de referencia así como os usos do solo. Estudáronse a estrutura urbana, espazos públicos, equipamentos, prazas e tipoloxías de edificación, que definen o centro urbano da vila.

Outro elemento analizado foi o desenvolvemento económico, social e político que xerou o crecemento da vila tal e como a coñecemos na actualidade. Este contexto inicial foi unha pequena abordaxe que axudou á comprensión do crecemento de Salceda, que será ampliado en cada fase de estudo para observar a contextualización en cada período e así comprender con profundidade o análise da transformación morfolóxica.

A metodoloxía de análise baséase nas teorías da escola inglesa e italiana descritas no encadramento teórico do presente estudo, son empregadas e referida en posteriores estudos como:

- Comparación cualitativa de cartografía temática diversa sendo complementada con métodos cuantitativos de análise para solventar posibles baleiros no coñecemento (Samuels, 2004).
- Redeseño cartográfico e análise sistemática de mapas da cidade de diferentes épocas.

Iniciarase con unha breve contextualización histórica e a seguir prolongarase a análise da forma urbana existente en cada época creando unha comparativa entre o inicio de un período e o seguinte.

En cada período utilizarase imaxes aéreas da época, cartografía e imaxes realizadas no centro urbano.

O traballo componse de cinco épocas comprendidas da seguinte maneira:

- Hasta 1965, farase unha pequena introdución histórica ata esta data. Posto que practicamente non existe case ningunha documentación tanto a nivel fotográfico como cartográfico, realizarase unha pequena introdución, servindo esta para encarar a seguinte data, a cal comeza co cambio morfolóxico que leva sucedendo nesta vila ata 2013, ano no que se finaliza o estudo da forma urbana deste presente traballo.

- Dende 1965 a 1975, produciuse un pequeno cambio na forma urbana. Para o traballo recollese un voo americano de 1965, o cal conséguese apreciar o tramado urbano.

Un aspecto fundamental a nivel de documentación, e a recollida no Arquivo Histórico Provincial de Pontevedra, no cal existe un deseño catastral desta época, no cal crease a primeira forma de parcelamento nesta vila.

- De 1975 a 1995, neste período, comeza un gran cambio na forma urbana, créanse novos trazados viarios, aumento de edificacións, equipamentos, e diversos elementos urbanos. Nesta época recollese un ortofotomapa de 1975 no cal xa se pode apreciar as edificacións, as rúas, e os diferentes tipos de solo tanto agrario, uso forestal ou destinado a outros usos da parcela que se distinguían nesta data.

- Desde 1995 ata 2003, observase un gran crecemento de vivendas colectivas e que é producido en si do que será un gran “boom inmobiliario”. A poboación do centro urbano medra, os prezos das vivendas son máis competitivos que os de concellos limítrofes, e isto fai que veñan novos residentes para Salceda. Cerca de 2003 xa comezan a crear ortofotos cada pouco tempo, e de moi boa calidade, isto fai que se consiga apreciar ata o mínimo detalle da forma urbana.

- Por último desde 2003 a 2013, e un período de crecemento urbano e o mesmo tempo sucede un feito como e a crise inmobiliaria que afectou de cheo a construción de vivendas e a parálise de todo o que tiña que ver co urbanismo. Nesta data existe moita información, desde catastral, ortofotos, fotografías ou incluso cartografías entre outros.

Este presente capítulo continua coa redacción de cada apartado de diferentes épocas con un amplío análise morfolóxico, inserindo os distintos elementos que influíron no crecemento da forma urbana. Empregarase elementos gráficos, deseños propios realizados en base a ortofotos, catastro, ou mesmo cartografía, interpretando a evolución que sufriu a malla urbana de Salceda de Caselas. Os elementos máis destacados son:

- Trazado urbano ou estrutura urbana: Capel, pola súa banda escribe sobre as vías ou rúas que xogan un papel importante como un elemento principal para a definición da estrutura urbana, xa que actúan como unha malla de conexión dentro da mesma cidade. Do plano pódese destacar o trazado das rúas ou entramado viario, que é un dos elementos máis difíciles de modificar da estrutura urbana. (Capel, 2002)

- Matriz de parcelamento: No estudo de 1960, Conzen define estrutura morfolóxica como o conxunto de preexistencias formais coas que se depara o desenvolvemento urbano, e que o condicionan, polo menos nunha fase inicial. “Estes elementos adquirem particular relevância durante o proceso de transformación do solo rural en solo urbano, sendo que as rúas e as parcelas assumem un determinismo que se pode manter durante décadas” (Oliveira, 2013, p. 24).

- Tecido Edificado: Pretendese realizar un estudo de toda a forma urbana a través das construcións existentes, e comparar o crecemento con cada nova etapa. En cada época irá en aumento a construción de vivendas colectivas, dando paso a demolicións de vivendas antigas,

perdendo pouco a pouco o centro histórico case inexistente na actualidade.

As regiões morfológicas definidas por Conzen no seu estudo sobre Alnwick correspondem a áreas de grande homogeneidade formal ao nivel das implantacións bidimensionais, do edificado (analísado tridimensionalmente) e dos usos do solo, distinguindo-se como tal, das áreas envolventes. O mapa das regiões morfológicas de uma área urbana corresponde a um elemento compósito, constituído por diferentes mapas com tecidos, edificios e usos do solo específicos. (Oliveira, 2013, p. 24)

- Equipamentos e elementos de referencia: realizarase un estudo dos distintos equipamentos existentes en cada período, elementos que configuran a forma urbana en diferentes épocas.

La Ley del Suelo dispone (art. 3, g) que el planeamiento urbanístico debe «establecer espacios libres para parques y jardines públicos en cada polígono, en proporción adecuada a las necesidades colectivas y no inferior al 10 % de la superficie». Oficialmente, pues, todo plan parcial realizado con posterioridad a 1956 dispone de esta superficie dedicada a zonas verdes. (Capel, 1983, p. 80)

- Usos do solo: a primeira normativa de planeamento que se aprobou no Concello de Salceda foron as Normas Subsidiarias de 1997. Ata o período que comprende entre 1995 e 2003, os deseños que se realizaran sobre os usos de solo serán de uso forestal, agrario e outros usos. A partir

de 1997 realizaranse comparativas entre o uso de solo destinado en Planeamento e usos de solo a través de imaxes aéreas, nas cales se apreciará que clase de solo son exactamente.

Pretende-se ainda desenvolver uma abordagem às relacións entre forma urbana e planeamento territorial, através da análise dos principais documentos producidos ao longo destes anos, particularmente das suas propostas ao nivel da hierarquizaçã do sistema de ruas e da regulaçã dos usos do solo. (Oliveira, 2013, p. 24)

Polo tanto un elemento mais analizar será a N.S.P de 1997, actualmente vixente e que durante este tempo serviu de modelo para as normas urbanísticas en Salceda.

4.1 Transformación da forma urbana hasta 1965

E necesario expor os acontecementos que sucederon anterior a 1965, xa que este ano e o punto de partida para o análise da forma urbana posto que é a partir de aquí cando se rexistra o primeiro voo americano, servindo de modelo para o presente traballo.

Debido a pouca documentación que existe do centro urbano, é necesario expor a información da periferia e do centro, xa que nas aforas, concretamente nas parroquias de Salceda, foi onde se atopan os vestixios de construcións mais antigos da vila. Un dos elementos principais son de carácter relixioso. A seguir mencionárase o Pazo de Pegullal e a igrexa parroquial de Santa María de Salceda.

Outra referencia a esta vila aparece no reinado de Felipe II, durante el don Pedro Alemparte e Correa, arcediago da igrexa de Santiago, mercou a este rei a “freguesía de Santa María de Salceda”, para edificar nela a casa e granxa de Pegullal. (Español, 2007, p. 14)

Como se pode observar na seguinte figura a localización do Pazo e da igrexa sitúase moi próximo ao centro urbano. Debido a proximidade que existe entre o pazo e o centro urbano, este é un elemento fundamental na historia de Salceda de Caselas. Tamén destacar a igrexa

parroquial que está pegado aos terreos do Pazo de Pegullal.



Fig. 27 - Fachada dianteira Pazo de Pegullal.



Fig. 28 - Situación Pazo de Pegullal.

Os numerosos pazos situados o longo deste termo municipal están na periferia do actual centro urbano, estes son de carácter medieval. Destaca a casa grande da Picoña, que data de 1543, o pazo de Aballe, e o pazo de Budiño. O Pazo de Aballe, situado tamén na freguesía de Santa María (Parroquia que engloba o centro urbano), realizaba un nexo comunicador entre o pazo de Pegullal, destacando unha vía principal de comunicación que atravesa o espazo urbano.



Fig. 29 - Pazo de Aballe.



Fig. 30 - Pazo da Picoña.

A orixe do nome do municipio búscase no de Santa María de Saliceta, mosteiro de monxes e monxas fundado no ano 914. Este mosteiro foi refuxio de Raíña Aragonta, fundadora da actual igrexa parroquial do século XVIII.

Segundo varios testemuños e a falta de información anterior a o Século XX no arquivo municipal, a malla urbana do municipio de Salceda de Caselas ten a súa orixe no século XVIII.

O actual asentamento Urbano de Salceda de Caselas atopábase nun cruzamento de vías que ían dar os pazos medievais e a igrexa parroquial. O seu crecemento debese basicamente a que se atopa nunha senda da antiga estrada que facía de unión entre os municipios de O Porriño e Salvaterra de Miño e o mercado de Salceda co municipio de Tui.

Salvaterra de Miño era un pobo con vestixios medievais e incluso da época romana.

O Porriño era un punto estratéxico de ruta comercial próximo a Salvaterra, atopándose a metade de camiño con Salceda de Caselas.

Outro punto estratéxico era a comunicación con unha antiga capital, "Tui" (unha das antigas capitais de Galicia) que facía de conexión coa igrexa mais cos pazos da Picoña, de Aballe e o de Pegullal (todos eles situados o Norte do actual centro urbano).

Na figura seguinte de 1784 pódese observar unha vía que atravesa o municipio de Salceda, mencionando Pegullal e Esfarrapada (Barrio que comprende unha parte do Caso de Estudo), esta vía parte de Tui e une o municipio de Pontearreas o cal extrema con Salceda.

Nesta data, a provincia que gobernaba esta zona era a de Tui. Nesta ruta insírese a estrada que unía Tui (parroquia de Paramos) coa parroquia de Santa María, atravesando o centro urbano.



Fig. 31 - Mapa da antiga Provincia de Tui de 1784.


A figura numero 31 mostra un mapa histórico de 1784, o cal corresponde a antiga provincia de Tui, mostra un camiño que transcorre polo concello de Salceda, o cal pasa pola aldea da Esfarrapada (actual centro urbano). As primeiras mencións a Esfarrapada insírense entre finais do S. XVIII e principios do XIX.

A partir do Real decreto de 23 de xullo de 1835, dentro do partido xudicial de Tui, configúrase o que será concello constitucional de Salceda de Caselas, composto polas sete parroquias que o integran na actualidade: Santa María de Salceda, capitalidade do mesmo, San Xurxo de Salceda, San Martiño de Picoña, San Xusto e Pastor de Entienza, San Estevo de Budiño, San Tomé de Parderrubias e San Vicente de Soutelo. Entre estas varias parroquias residían

aproximadamente 2.100 habitantes. (Costa, 2014)

No arquivo municipal de Salceda, atópase un censo de poboación de 1857 no cal indica que a parroquia de Santa María posuía 1.108 habitantes. (Arquivo Municipal do Concello de Salceda de Caselas)

A primeira información de arquivo do centro urbano remontase a 1915, data na cal se comeza a proxectar o a Casa Consistorial do concello (actual Casa da Cultura) tal e como se pode ver na seguinte imaxe. Esta casa do Concello usárase para este fin hasta principios do S.XXI, no cal se construíu unha nova casa do Concello, pasando a antiga a ser a actual biblioteca municipal e “Casa da Cultura Castelao”, inaugurada en 2010.



Salceda de Caselas 1º de Xuño de 1915

Arquitecto: Lino Borrajo

Fig. 32 - Fachada Casa Consistorial.

No ano 1920 segundo as palabras de Español no seu libro, di o seguinte: “A vila de Salceda parece estar bastante abandonada, facían falta moitas cousas, entre elas a estrada O Porriño-Salvaterra, a praza do mercado (...)” (Español, 2007, p. 20).

Segundo un diario emitido en Galicia o 4 de Outubro de 1927 mencionase Salceda de Caselas:

Estuvo conferenciando con el alcalde, Señor Arturo Gallego Cruces y ultimando detalles para traer la luz eléctrica a esta villa el empleado de “Electra Gallega”, Don Angel Valverde. La instalación partiendo del tendido general que va a Tuy en el punto denominado San Blas de Budiño, pasa por San

Esteban de Budiño, Parderrubias, villa de Salceda, Cabreira, Arantey y Salvatierra. Nos aseguró dicho señor Valverde que si los núcleos de población por donde va a pasar responden podríamos tener aquí la luz este invierno. Esperamos pues que el vecindario dará todas las facilidades debidas haciendo al mismo tiempo un pequeño sacrificio a fin de que podemos ver pronto realizada esta importante mejora. (El Pueblo Gallego, 1927, p.15)

4.1.1 Trazado viario

A primeira cartografía dispoñible a unha escala bastante grande, pero que da para percibir o modelo de trazado viario e de 1943. Tal e como se pode ver no seguinte deseño, existen dúas vías de comunicación principais que atravesan o centro urbano. Unha delas é posiblemente a mais antiga das dúas, tratase da vía que une a cidade de Tui con Salceda. No mapa da antiga provincia de Tui de 1784, xa aparecía deseñada este camiño antigo. Actualmente e a estrada PO-411.

A outra vía de comunicación e a que une os municipios de Salvaterra con O Porriño. Tratase da antiga PO-410. Esta vía na actualidade foi substituída nalgúns tramos por un novo trazado que bordea de Sur-Oeste a Sur-Este o espazo Urbano.

O camiño antigo que une O Porriño con Salvaterra, permitía unha nova ruta entre dous concellos con unha forte historia urbana.

se debe a los incesantes trabajos que viene realizando el Señor Boente como secretario del Ayuntamiento el que con perseverancia digna de aplauso ha logrado vencer la múltiples dificultades que desde hace nueve años, época en que se iniciaron los trabajos, se han presentado para la realización de la proyectada carretera que tan señalados servicios esta llamada a prestar a esa localidad. (Faro de Vigo, 1908, p. 20)

Na figura 35 pódese observar onde unha serie de persoas de diferentes cargos públicos que se reúnen para observar como se van realizando as obras de dita estrada. Un dos primeiros mapas cartográficos que se deseñaron sobre Salceda de Caselas foi en 1943. No seguinte mapa aparecen deseñadas as dúas estradas que atravesan o centro

urbano de cor vermello. Tamén se pode apreciar de cor vermello un tramo de estrada que une os municipios de Tui con O Porriño na estrema situada no Oeste da vila de Salceda, xusto case en paralelo a esta atravesa a vía do ferrocarril que anteriormente se mencionou. Existen un numero de vías secundarias que se insiren dentro do centro urbano, nalgunas destas rúas xa existen unhas poucas construcións. Na cartografía móstranos como case toda a maioría do tecido edificado asentase os bordes destas dúas estradas.

A continuación marcarase o limite da área de estudo. Posteriormente, mediante unha serie de fotografías da década dos 1950 e 1960, pódese observar o estado destas estradas e como tomou importancia o tecido edificado sobre as rúas, e tamén a configuración deste tecido viario anterior a 1965.



Fig. 35 - Fotografía da estrada Porriño-Salvaterra de Miño na década dos anos 1950.




Fig. 36 - Cartografía Concello Salceda 1943.

Para a realización deste traballo foi necesario marcar un limite de área de estudo, o cal serve para delimitar as

zonas que serán tratadas. Para este análise morfolóxico da forma urbana estableceuse o seguinte límite.



Fig. 37 - Límite área de estudo sobre voo americano 1956.

A delimitación basease sobre unhas pautas na área das vías de comunicación e edificacións. Propondo un límite a través da última estrada construída (PO-410) que une os municipios de O Porriño con Salvaterra o SO do centro urbano así como tamén se recolle un índice de

edificabilidade, no cal cando diminúa considerablemente o número de construcións, e se atope no borde do perímetro do centro urbano establecerase dito límite. Este aplicase da mesma forma en calquera etapa do presente traballo.



Fig. 38 - Trazado viario en 1962.

Neste deseño pódese apreciar, as estradas que maior impacto teñen sobre o malla viaria son as que maior grosor teñen. A parte xa das dúas estradas anteriormente citadas, cabe destacar a estrada que une o centro urbano coa parroquia de Entenza, situada o Sur (PO-403), e vai enlazar coa estrada que une O

Porriño con Salvaterra de Miño, esta vía xa posuía unha gran importancia no pasado, posto que ía dar a un pazo, o cal a parcela esta situada a pe desta estrada, a cal tamén ía dar a Tui mediante a estrada que une os municipios de Salvaterra de Miño con Tui a actual PO-404.




Fig. 39 - Trazado viario 1962.

Este apartado representará algunhas das principais rúas tendo en conta a dispoñibilidade das fotos atopadas. A continuación poderase observar unha das fotografías máis antigas que existen sobre a rúa nº1 de cor vermello sobre o deseño.

Trátase da estrada que ven do Porriño a actual Rúa Vitoriano Pérez Vidal, nesta fotografía tamén se pode observar o aliñamento das construcións sobre a estrada.



Fig. 40 - Fotografía antiga estrada Porriño-Salvaterra (actual Rúa Vitoriano Pérez Vidal).

Nesta estrada aínda que non se aprecie por mor da neve callada no chan, estaba caracterizada por ter un pavimento de pedra en forma de pequenos cadrados unidos entre si. Destacar que a beirarrúa estaba construída en pedra alongada e de un tamaño moito mais grande que a utilizada na calzada. En zonas da beirarrúa están asentadas sobre o propio terreo no cal predomina a terra.

A continuación mostrase a prolongación desta vía en sentido Salvaterra de Miño, posto que a anterior ia en sentido O Porriño, tratándose pois da actual avenida de Galicia. Debido a proximidade da praza central situada no cruzamento destas dúas estradas, esta vía posúe un maior índice de edificabilidade na época anterior a 1965, sendo un dos motivos polo cal estas dúas estradas posúen tanta importancia.



Fig. 41 Fotografía antiga estrada Porriño-Salvaterra (materiais usados na súa construción).



Fig. 42 - Fotografía antiga estrada Porriño-Salvaterra (actual avenida de Galicia).



Fig. 43 - Fotografía estrada Paramos(Tui)-Salceda (actual Rúa Joaquín Fernández Sestelo).

A fotografía anterior mostra a estrada Paramos (Tui) - Salceda, na cal a calzada aínda esta sen pavimentar. Pódese observar como algúns anacos de beirarrúa están construídos a base de lousas estreitas de pedra, con un formato similar a rúa anteriormente analizada.



Fig. 44 - Fotografía da praza principal.

Na fotografía anterior, observarse o fluxo de circulación en ambas vías así como o material empregado en ambas rúas destacando a praza principal.



Fig. 45 - Voo americano 1956.

Tanto unha estrada como a outra teñen un sentido de circulación en ambos sentidos.

Na seguinte fotografía vese como estaba configurada a estrada PO-410, tanto o pavimento coma as beirarrúas e a conexión coas edificacións a ambos lados da vía. Na actualidade esta estrada é a Rúa Victoriano Pérez Vidal.



Fig. 46 - Fotografía o redor da década dos anos 1950-1960 da estrada PO-410.

4.1.2 Matriz de parcelamento

Tras analizar as vías de comunicación o seguinte análise centrase no sistema de parcelas que se dividiron no centro urbano de Salceda.

No Arquivo Histórico Provincial de Pontevedra, albergan unhas fotografías do voo americano de 1965, sobre as cales se deseñaron por primeira vez as parcelas, distribuíndoas e numerándoas por polígonos. Mediante a comparación do sistema parcelario actual co antigo, pódese apreciar que a numeración destes cambia.



Fig. 47 - Imaxe das parcelas sobre o voo americano de 1965.

Estas imaxes amosan a raíz do inicio das distribución das parcelas na década de 1960. Foron necesario catro imaxes dos vos americanos para xuntar todas as parcelas que engloban a área de estudo.

A imaxe seguinte mostra unha zona na que pasa a estrada de Salceda a Tui.

Polo xeral as parcelas distribuídas dentro da área de estudo non son de un gran tamaño, nestas dúas imaxes pode ver que as parcelas que predominan son rectangulares e pequenas. Polo xeral estreiras e na maioría algún extremo destas ten acceso a algún camiño. As parcelas mais grandes atópanse nas áreas forestais.




Fig. 48 - Imaxe das parcelas sobre o voo americano de 1965.

A continuación mostrarase como queda montado o sistema parcelario mediante un deseño cartográfico. Durante as diferentes etapas, van xurdindo cambios tanto na forma como no número de parcelas, Nalgúns casos estas divídense en varias parcelas e noutros casos agrúpanse. Tamén se da a hipótese de que nalgunha data crease algún novo camiño e isto fai que mude puntualmente algún parcela. Na década de 1990, da inicio a unha maior parcelación debido as novas urbanizacións que se rexistraron en Salceda de Caselas.



Fig. 49 - Deseño parcelario 1965.

A través deste deseño pódese ver o sistema de parcelas que se agrupan en cada maza. Nesta etapa a maioría destas atópanse en chan agrario ou forestal. Polo xeral as parcelas máis alongadas e

estreitas corresponden a campos de cultivo ou montes con masa de árbores.

A continuación iniciarase o análise do tecido edificado.

4.1.3 Tecido edificado



Fig. 50 - Deseño ensanche de Salceda 1962.

Este deseño foi feito para o ensanche de 1962 que se realizou no centro urbano, no cal se deseñaron varias construcións,

entre elas os equipamentos existentes da época. No seguinte deseño comezase a analizar as edificacións existentes.



Fig. 51 - Deseño do tecido edificado completo de 1965.

A maioría das edificacións son destinadas a vivendas privadas, no caso destas últimas, insírense nun parcela de pequeno tamaño.

Na fundamentación teórica descrita no segundo apartado deste presente traballo

da Forma Urbana, foron mencionados diversos conceptos como por exemplo a trama, a mazá, os espazos abertos, rúa e cruzamento entre outros, dos cales serán analizados en cada época a través do redeseño cartográfico que se creara para cada momento.




Fig. 52 - Deseño do tecido edificado de 1965.

A trama que organiza a forma urbana de Salceda de Caselas non 3 posible percibila se non se analiza anteriormente a s3a estrutura.

A continuaci3n analizarase como se agrupa o tecido edificado na zona urbana de Salceda.

Observando a figura anterior pódese ver que, nesta época aínda non esta configurada unha maza que se poida apreciar no plano visual, xa que as edificación esténdense e configúranse de unha forma paralela o eixo viario, sendo a rúa a que segue a formación e transición do espazo privado ao público, creando un nexa que distribúe a trama urbana.

A poboación agraria dálle prioridade a un asentamento máis disperso, formado por vivendas illadas e terreo cultivable á súa volta. A súa localización xa non depende tanto de axentes estratéxicos, senón que a súa principal preocupación pasa a ser xeográfica, é dicir, as características do solo que configuran dende un principio a maia urbana. Polo tanto o factor mais importante desde o punto de vista do tecido edificado é o das vivendas agrupadas a unha vía na súa maioría con algunha excepción de algunha vivenda dispersa que se atopan no límite do núcleo urbano nunha zona con unha forte presenza de solo agrario rural.

Morfoloxicamente, este crecemento desenvólvese de forma lineal en torno ás vías de comunicación. A estrada, convertida en rúa, constitúe a liña de crecemento, mentres que a parcela construída funciona como o elemento que torna continuo o desenvolvemento espacial (Panerai, 2006).

Estas novas construcións tenden a aliñarse no límite da parcela que ocupan, para manter unha relación estreita coa estrada.

A continuación mostrarase fotografías sobre o tecido edificado ate 1965 nas cales pódese apreciar a forma mais o tipo edificado que se forma na trama urbana

de Salceda de Caselas das diferentes rúas.



Fig. 53 - Agrupación do tecido edificado de 1965.




Fig. 54 - Área fotografada 1.

As fotografías serán colocadas mediante áreas deseñadas nun deseño cartográfico.



Fig. 55 - Área fotografada 1.

Esta fotografía foi sacada dende o Noroeste do Centro Urbano. Apreciase un maior índice de edificabilidade canto mais se acerca a praza central (antiga praza “del Generalísimo”). As edificacións están en paralelo a rúa, algunhas delas teñen un espazo privado entre a rúa e a construción, e nalgúns casos a

construción esta pegada a vía de comunicación.

Predominan as vivendas de dúas alturas, sendo poucas as que son de unha altura, son case inexistentes as de máis de tres alturas.




Fig. 56 - Área fotografada 2.




Fig. 57 - Área fotografada 3.



Fig. 58 - Área fotografada 2.



Fig. 59 - Área fotografada 3.




Fig. 60 - Área fotografada 4.




Fig. 61 - Área fotografada 5.



Fig. 62 - Área fotografada 4.

Esta última fotografía é o reflexo de cómo as construcións se agrupan en torno a unha rúa de forma paralela a esta. Neste caso non existe espazo privado na

fachada principal, dando esta directamente a zona pública. Esta forma na trama urbana repetirase ao longo das diferentes etapas.



Fig. 63 - Área fotografada 5.

Unhas das únicas mazas visibles, é a que se envolve sobre a praza central a nomeada “praza del Generalísimo” nesta época. As construcións sitúanse a volta deste espazo público nun eixo lonxitudinal, as vivendas, os comercios e os equipamentos teñen case o mesmo patrón, edificacións paralelas a rúa sen espazo privado entre a construción e a vía de comunicación. En case todo o espazo construído predomina un tipo de material, sendo a pedra o elemento principal tanto nas vivendas, pavimentos de rúas, praza, comercios, equipamentos, entre outros.

A inicios dos anos 1960, o tecido urbano de Salceda seguía mantendo como tipoloxía dominante a vivenda tradicional de carácter unifamiliar. As construcións que rodeaban a praza central estaban constituídas practicamente na súa totalidade por unha tipoloxía de vivenda unifamiliar entre medianeiras. Estes

edificios de entre dúas e nalgúns casos tres alturas, dedicaban a súa planta inferior para establecemento comercial, reservando para vivenda as superiores. Debido ao seu propósito comercial os edificios axustábanse ao límite da súa parcela para relacionarse directamente co espazo público.

As construcións que se foron establecendo en torno ás novas vías de comunicación, mantiveron estas mesmas características. Herdaron o esquema tipolóxico da vivenda tradicional, situando a actividade comercial na planta baixa e a vivenda na superior con un único propósito de relacionarse de xeito inmediato coa dinámica da rúa ao igual que as da Zona Antiga, as construcións axustábanse ao límite da súa parcela, deixando en moitos casos amplos terreos para labradío na parte traseira das vivendas.




Fig. 64 - Área fotografada 6.




Fig. 65 - Área fotografada 7.



Fig. 66 - Área fotografada 6.



Fig. 67 - Área fotografada 7.

Con respecto a outras tipoloxías existentes, débese mencionar a vivenda unifamiliar dispersa. Este modelo irá cobrando forza ao longo da segunda metade do século XX, alentado pola chegada de novas técnicas construtivas, así como polo confort que ofrecían estas vivendas con respecto ás da zona da praza, sobre todo pola posibilidade de gozar de terreo ao seu arredor. A inicios dos anos sesenta as construcións dispersas eran escasas e situábanse entre os terreos de labradío. Un dos casos que se atopa é a da anterior fotografía, na cal se pode observar un par de vivendas illadas que se situaban o Noroeste do centro urbano, na estrada que unía a o centro coa igrexa parroquial.

Estas construcións alternábanse entre dúas e unha altura, normalmente de pedra debido a forte industria do granito que posúe Salceda de Caselas.

Nalgunhas destas vivendas existía un cacho de terreo entre a entrada principal e a rúa, dando lugar a un pequeno anaco de parcela privada. Normalmente estas construción situábanse na periferia.

A continuación no seguinte apartado describirase os equipamentos e elementos que marcan a forma urbana de Salceda, espazos relevantes que configuran toda a trama urbana deste municipio.

4.1.4 Equipamentos e elementos de referencia

En canto aos equipamentos realizados nesta época, aínda que a sociedade española tras a posguerra atopábase nunha situación precaria, en Salceda existían algúns servizos cidadáns. A principios do S. XX realizase o proxecto do antigo edificio da Praza de Abastos, situada na praza del “Generalísimo”, asinado polo arquitecto Enrique Álvarez Sala e Moris. Esta construción era ocupada polo actual edificio do concello onde os veciños vendían os produtos do

campo. Desta forma o mercado centralizouse nun único espazo, dando facilidade aos clientes e comerciais pero non aos distintos comercios e establecementos situados próximos ás prazas. Chegouse a construír un pórtico cuberto nun lateral do mercado para protexer do mal tempo a venta ambulante. O antigo mercado era unha construción da arquitectura tradicional galega, sendo un edificio de unha altura de pedra e madeira.



Fig. 68 - Praza de abastos.



Fig. 69 - Anexo pórtico Praza de abastos.



Fig. 70 - Praza principal nun día de mercado.



Fig. 71 - Casa consistorial mais praza principal.



Fig. 72 - Campo de fútbol municipal de Salceda de Caselas.



Fig. 73 - Cámara agraria.

A figura 72 foi unha das primeiras fotografías tomadas o campo de fútbol municipal de Salceda de Caselas pouco despois da súa construción. A figura 73,

mostra o exterior da cámara agraria nun dos seus cursos que se impartían.




Fig. 74 – Cine.

Comezando o análise dos equipamentos, destacar a construción da Casa do Concello, o edificio corresponde ao estilo imperante na época, o “Neobarroco” Galego de principios do S.XX, inspirado na arquitectura dos Pazos e certas influencias do Barroco Portugués, con emprego de granito e enfoscado branco nas fachadas.

O proxecto orixinal, redactado o 25 de setembro de 1909, por D.Lino Borrajo, é considerado de grande custo, e polo tanto dada a crítica situación pola que atravesan os fondos municipais, foi imposible realizalo. A Corporación acorda que se fagan uns novos planos, reducindo custos.

O arquitecto D.Lino Borrajo presenta novos planos e propón dúas alternativas. A última e gañadora, constrúese en 1917.

A praza principal, constrúese na mesma época que este edificio. Serviu e serve como mercado ambulante nos días de feira.

O campo de fútbol descoñecese a data de construción, aínda que existen rexistros de que xa existía na década dos anos 1940. Era un campo aberto sen ningún tipo de delimitación cara o exterior.

Inicialmente ocupaba mais espazo que na actualidade, co paso do tempo foi estreitándose e pechando os laterais do campo.

A cámara agraria foi un equipamento que serviu de varios usos, posto que na fotografía que corresponde a esta construción, pódese ver como serviu de taller escola de mecánico reparador.

O edificio no que se atopaba situado o cine estaba estratexicamente localizado na praza, xusto o carón da Casa Consistorial. Serviu de sala de proxección de películas durante varias décadas ata o seu peche. Tal e como se pode observar na fotografía anterior, ampliouse unha altura máis, pasando de ter dúas alturas a tres.

Por último mencionar a construción onde se albergaba a sala dos teléfonos así como tamén o edificio do Centro Rural de Hixiene, sendo actualmente o espazo destinado a Banda de Música de Salceda de Caselas. Esta obra tamén tivo varios usos.




Fig. 75 - Deseño do tecido edificado e equipamentos de 1965.

Tal e como se pode ver no anterior deseño, o Mercado Municipal, a Praza, a Casa Consistorial, e o cine concentrábanse nunha mesma área, todos eles a volta da praza principal. O campo de fútbol situado no Oeste do centro Urbano a Cámara Agraria no Norte,

eran os equipamentos máis retirados do centro. Os teléfonos e o Centro Rural de Hixiene estaban próximos a praza. Por último mencionar o Cuartel da Garda Civil, que se atopaba na entrada a Salceda pola estrada que unía este municipio co de Tui.

4.1.5 Usos do solo




Fig. 76 - Deseño de usos do solo de 1965.

A falta de calquera Plan Xeral de Ordenaci3n Municipal ou Normas Subsidiarias por estas datas, os usos do

solo analizaranse de tres tipos diferentes: 3rea acumulada de uso forestal 321.500 m2 no ano 1965 con base cartogr3fica no

voos americanos de 1965, sendo a maior superficie entre os tres tipos de usos do solo.

A seguinte área acumulada é a de uso agrario con 278.000 m², por último con apenas 6.000 m² de área acumulada destinábase a uso público como pode ser a praza e o campo de fútbol.

Nesta altura Salceda constaba con unha gran masa arbórea, cubrindo case todo o perímetro do centro urbano, chegando en sitios a entrar dentro deste espazo. Como Salceda era unha pequena vila rural que posuía numerosas parcelas agrarias, en medida de que o centro urbano ía crescendo, as partes traseiras das parcelas edificadas, destinában un cacho a uso agrario.

A construción de novas vivendas na periferia supoñía restar área forestal para posteriormente transformala en agrícola.

Como conclusión desta época analizada, mencionar que serve como base para o análise das seguintes datas. Unha vez analizados os diferentes elementos que compoñen a forma urbana, estes elementos serán os mesmos que se analizarán durante estas épocas.

4.2 Transformación da forma urbana desde 1965 a 1975

Esta etapa de transformación está marcada por ser unha década na que se

ensancharon e pavimentaron varias rúas, así como a creación de algunha nova vía de comunicación. Durante estes dez anos, a malla urbana non mudou demasiado, mantendo case intacta a forma urbana. No tecido edificado e onde se produce un maior auxe dentro dos elementos que forman a forma urbana. Constrúense bastantes vivendas de carácter privado e unifamiliar.

A matriz de parcelamento tan só se viu alterada coa creación das novas rúas e a construción de algún elemento de referencia como é o caso do primeiro parque proxectado no centro urbano (Parque da Gándara).

No que se refire a usos do solo, dende 1965, vense dando un novo cambio, posto que o centro urbano crece co paso do tempo, cada vez estase recortando metros no espazo forestal, pasando por primeira vez o espazo agrario e verde a gañar mais peso e espazo co paso de cada década até chegar o fin do análise deste presente traballo.

O cambio mais significativo será na próxima época de análise, a partir de 1975, mudando en todos os elementos que configuran a forma urbana, dende 1965 até 1975 case non existe información documental, tan só un ortofotomapa feito en 1975. Poucas foron as fotografías recollidas sobre esta data.

A continuación pasarase o análise do trazado viario e os distintos elementos que conforman a forma urbana da vila de Salceda de Caselas.

4.2.1 Trazado viario

Este deseño viario foi posible grazas a un voo que se realizou en 1975.

Como xa fora dito anteriormente, a primeira cartografía dispoñible foi en 1943, pasando a obter unha segunda cartografía

en 1962. Como non existe ningunha cartografía actualizada entre 1962 e 1975, os deseños serán baseados nestes mapas aéreos e tamén mediante fotografías da época.




Fig. 77 - Trazado viario 1975.

Tal e como se pode ver no anterior deseño, seguen existindo dúas vías de comunicación principais que atravesan o centro urbano como tamén se daba o caso no primeiro análise viario ata 1965.

A vermello pódese ver a creación de dúas novas rúas, a actual Rafael Tilve Adrio mais a Rúa Compostela. Tamén se pode apreciar o prolongamento da Rúa Rosalía de Castro, onde esta rúa serviu de tránsito e enlace para o novo equipamento creado en Salceda durante a metade da década de 1970. Foi necesario o ensanche desta última rúa, xa que esta non posuía un modelo de vía apto para o tránsito de transporte escolar. Un último alongamento de rúa e que apenas se aprecia sobre o deseño, e o que se sitúa o final da actual Rúa de Vigo. Destacar a pavimentación da vía de comunicación

que unía os municipios de Salvaterra con O Porriño o seu paso polo centro urbano de Salceda de Caselas tal e como se pode observar na seguinte imaxe o seu paso pola actual Rúa Vitoriano Pérez Vidal, e tamén na seguinte fotografía a esta, o seu paso pola actual Avenida de Galicia. A o mesmo tempo salienta o pavimentado da estrada que unía o municipio de Tui coa freguesía de Santa María de Salceda o seu paso polo centro urbano, xa que esta carecía de pavimento ata esta época, o contrario que lle sucedía a estrada que unía Porriño-Salvaterra. Arranxáronse as dous lados as beirarrúas diferenciándoas a distinto nivel coa estrada, permitindo de unha forma máis eficiente o paso dos peóns. Deste xeito as dúas principais vías de comunicación comezan a consagrarse como unha típica rúa de un espazo urbano da época.



Fig. 78 - Actual Rúa Vitoriano Pérez Vidal (Década 1970).



Fig. 79 - Cruzamento das actuais Rúa Vitoriano Pérez Vidal e Avenida de Galicia (Década 1970).

Nesta dúas fotografía anteriores observase os detalles de cómo se conforma o sistema viario e os pequenos cambios sucedidos neste período. Sobre todo destaca o cambio de pavimento sendo orixinal empedrado, pasando a ser de asfalto.

Na figura 79 vese a antiga estrada O Porriño dirección Salvaterra de Miño, na cal se pode apreciar mellor a dimensión da calzada e das beirarrúas existentes. A marxe dereita desta estrada, servía para estacionamento dos vehículos. A seguinte imaxe mostra a nova rúa que se construíu nesta época de análise, creando un novo espazo na malla urbana de Salceda de Caselas.

Como se referiu no apartado anterior, o crecemento espacial de Salceda ata os

anos 1970 foi mínimo, apoiándose en torno as dúas principais vías de comunicación da vila. Ao longo da segunda metade do século XX, o desenvolvemento manterase estancado en torno as principais vías, encabezados pola Antiga PO-410, actual Rúa Vitoriano Pérez Vidal e a PO-411, actual Rúa Joaquín Fernández Sestelo.

Cando o crecemento comece a saturar o tecido próximo a estas dúas estradas, este comezará a expandirse progresivamente cara a estruturas secundarias.

Neste sentido, débese mencionar o papel que mantén ata o momento o almacén de camiños rurais, dado que apoiará en moitos casos a aparición de novas vías secundarias.



Fig. 80 - Rúa Rafael Tilve Adrio (Finais Década 1970).

4.2.2 Matriz de parcelamento

O sistema parcelario do centro urbano de Salceda tan so se viu alterado en moi poucos casos.

A creación de novas rúas supuxo unha pequena alteración da división das parcelas. Tamén influíu a construción de un parque público. A parte destes cambios, non se rexistrou ningunha variación que puidese alterar a forma urbana, tan so foron un par de cambios

(ou agregación ou segregación) con outras parcelas. Debido a inexistencia de documentación de carácter catastral durante esta etapa de análise, verificárase os cambios producidos entre 1965 e a década de 1980 (data na cal se existe documentación catastral).

A continuación mostrarase un deseño parcelario do centro urbano no cal se pode apreciar a distribución das parcelas.



Fig. 81 - Deseño parcelario 1975.

Os cambios mais significativos foron os producidos polas actuais rúa Rafael Tilve Adrio, rúa Compostela e rúa Rosalía de Castro, sobre as cales partiron as parcelas sobre as que atravesaron. Tamén

destacar que se segregaron algunhas parcelas. Posto que nesta data non se produciron grandes cambios no sistema parcelario pasarase a analizar o tecido edificado ata 1975.

4.2.3 Tecido edificado



Fig. 82 - Deseño edificado 1975.

Morfoloxicamente, este crecemento desenvólvese de forma lineal en torno ás vías de comunicación. A estrada, convertida en rúa, constitúe a liña de crecemento, mentres que a parcela construída funciona como o elemento que torna continuo o desenvolvemento espacial (Panerai, 2006). Estas novas

construcións tenden a aliñarse no límite da parcela que ocupan, para manter unha relación estreita coa estrada. Estas construcións adoitaban albergar pequenos negocios e actividades relacionadas directamente coa infraestrutura adxacente, tal e como son a caixa de aforros, a ferraxaría, os calzados, entre outros.

Os comercios que se establecían en torno a estas vías atopaban un maior dinamismo fronte á periferia.

Así mesmo, a única posibilidade de aparición de novas edificacións redúcese ao límite entre estrada e parcela, xa que o resto do territorio se mantén estruturado pra labradío, con estreitos e precarios camiños de comunicación.

O tecido da zona antiga, caracterizado durante décadas pola existencia da dúas vías de comunicación, mantivo un crecemento polar interno continuado. Por o contrario, a aparición de novas rúas, modifican o desenvolvemento do tecido urbano para un desenvolvemento e creación de un sistema de mazás onde se construíra o redor destas rúas. Un claro exemplo deste sistema de mazas vese na nova vía de comunicación a Rúa Rafael Tilve Adrio como se pode ver no seguinte deseño.



Fig. 83 - Deseño edificado 1975.

Nesta imaxe dentro do rectángulo que se identifica a puntos, pódese ver unha mazá

creada pola apertura de dúas novas rúas. Salceda de Caselas inicia un auxe de construcións a partir da década dos 1970 que irá en continuo crecemento ate chegar o fin desta análise por épocas.

Polo tanto o factor mais importante desde o punto de vista do tecido edificado é o das vivendas agrupadas a unha vía na súa maioría con algunha excepción de algunha vivenda dispersa que se atopan no límite do núcleo urbano nunha zona con unha forte presenza de solo agrario rural.




Fig. 84 - Agrupación do tecido edificado 1975.

A continuación amosarase un deseño con un incremento de construcións que se produciu a partir de 1965, analizando as novas edificacións así como os novos engadidos que se anexaron as construcións.




Fig. 85 - Deseño edificado 1975, identificación entre construcións de 1965 e 1975.

A vivenda tradicional unifamiliar mantense como a tipoloxía máis importante do tecido urbano de Salceda de Caselas. O escaso crecemento lineal da vila materialízase con edificios unifamiliares de dúas alturas principalmente. A vivenda plurifamiliar aínda non comeza neste período. Fronte ao crecemento lineal da vila, caracterizado por manter un tecido

edificado compacto, increméntase de forma significativa a edificación de carácter disperso, así como a creación das primeiras mazás. Neste aspecto inclúese o desenvolvemento das tipoloxías de vivenda illada e de importantes equipamentos. A inexistencia dun marco legal que restrinja este desenvolvemento vai supoñer unha completa transformación

do ámbito da vila, ademais de aumentar a
 posibilidade de que continúe esta
 tendencia.

No ámbito da tipoloxía de vivenda illada, o
 desenvolvemento neste período é escaso,

tendendo a aparecer algunhas vivendas
 en áreas próximas ás vías de
 comunicación. Por esta razón, tamén se
 constata a importancia dos trazados
 infraestructurais na aparición da vivenda
 dispersa.



Fig. 86 - Exemplo tecido edificado lineal a finais da década de 1970.



 Edificación entre 1965-1975.
 Edificación anterior a 1965.

Figura 87 - Exemplo da tipoloxía edificatoria entre épocas.

4.2.4 Equipamentos e elementos de referencia




Fig. 88 - Deseño do tecido edificado e equipamentos de 1975.

No apartado dos equipamentos, pouco cambia durante estes dez anos. O máis significativo é a apertura da Colexio Público de Altamira no ano 1975. Anterior a esta data os escolares do Concello de Salceda asistían as escolas parroquias

que se concentraban nas diferentes freguesías do Concello. Outro novo elemento de referencia foi a construción de un parque público, un acontecemento importante, posto que non existía ningún espazo público a non ser a praza principal.



Fig. 89 - Fotografía do CPI Altamira a finais da Década de 1970.

Esta fotografía aproximase a 1975, posiblemente foi realizada moi próxima a inauguración desta escola. O colexio foi sufrindo engadidos durante o paso do tempo. Nesta data posuía un corpo central de forma rectangular destinado as aulas. Na entrada estaba situada a secretaría, e na parte traseira estaba o ximnasio mais as pistas polideportivas. O edificio destinado as aulas contaba con dous pisos, e as restantes construcións eran de unha planta.

Outra construción importante para centro Urbano de Salceda foi o Parque Municipal

da Gándara. Situado na periferia do centro urbano tal e como se pode ver na figura 88, foi un elemento principal para a configuración da forma urbana a partir desta época, posto que serviu de nexo para atraer novas construcións o carón deste. Nesta data antes de proxectar as futuras piscinas municipais, o parque posuía máis de 4.000 m². Unha zona de lecer onde se podía pasar un fermoso rato dentro deste espazo.

A seguir mostrarase unha serie de fotografías do Colexio realizadas nesta data de análise.



Fig. 90 - Fotografía parte traseira do CPI Altamira a finais da Década de 1970.



Fig. 91 - Fotografía pista deportiva do CPI Altamira a finais da Década de 1970.



Fig. 92 - Parque Municipal da Gándara durante a súa construción.



Fig. 93 e 94 - Campo de Fútbol Municipal da Gándara.

A fotografía anterior mostra o cambio que sufriu este campo de fútbol, durante esta época procedeuse o peche do perímetro do recinto, desta forma tan só se accedía mediante unha zona de paso. Situada na antiga estrada PO-410.

4.2.5 Usos do solo

Nesta data Salceda de Caselas sofre un baleiro de calquera Plan Xeral de Ordenación Municipal ou de Normas

Subsidiarias, nos Usos do Solo volveran a analizarse tres tipos diferentes: área acumulada de uso forestal, uso agrario e uso público. En 1965 a área forestal posuía 321.500 m² sendo a maior superficie entre os tres tipos de Usos do Solo. En 1975 a área acumulada de uso forestal e de 233.000 m², reducíndose considerablemente en 10 anos. A seguinte área acumulada é a de uso agrario en 1965 que contaba con 278.000 m², tendo en 1975 344.000 m², pasando a ser o uso de solo predominante.



Fig. 95 - Deseño usos do solo 1975.

A figura anterior mostra un deseño dos usos do solo con varios trazados, o de cor laranxa destinado a uso agrario é o que máis predomina despois do de uso forestal.

Por último a área acumulada destinase a uso público pasou de 6.000 m² a 25.000 m², sumando a praza principal, o campo

de fútbol, o terreo da Escola e o Parque da Gándara. Nesta altura Salceda empeza a gañarlle terreo as zonas forestais transformándose en solares agrarios nos que a maioría se constrúe unha vivenda coa parte traseira destinada a uso agrario. Destacar o incremento de espazos destinados a o uso público.

4.3 Transformación da forma urbana desde 1975 a 1995

Esta etapa de transformación está marcada por ser unha etapa de transición entre a ditadura e unha democracia.

O final do franquismo coincide cunha aguda crise económica internacional (primeira crise enerxética ou do petróleo de 1973), que ten un especial impacto no Estado español. Ás dificultades económicas hai que sumar a inestabilidade política (a necesidade de reformar as estruturas políticas, democratizándoas para ingresar na Unión Europea, daquela Comunidade Económica Europea), e un non menor malestar social (desemprego, inflación, tensións independentistas).

A democratización das estruturas políticas e administrativas ten lugar mediante pactos e consensos entre o poder vinculado ao antigo réxime e a oposición, en moitos casos no exilio. Neste contexto a política de vivenda decaeu de forma espectacular. A partir de 1973 case non se constrúen vivendas de promoción pública e a acción pública limitábase ao fomento das actuacións privadas dalgúns tipos de vivendas, as denominadas Vivendas de Protección Oficial (VPO) que gozan de xenerosos subsidios e axudas a cambio de limitacións nos prezos do venda, e ríxidos condicionantes no deseño. Se a política de vivenda decae, a do chan practicamente desaparece, coa posterior excepción da promoción de chan industrial.

En 1986, comeza o que se deu como o "primeiro boom inmobiliario" (1986-1990), para distinguilo do segundo, o actual que

se inicia aproximadamente en 1996. Pódese observar como as últimas dúas décadas viñeron marcadas por unha espiral inmobiliaria, unha situación na que se xuntan un aumento considerable da produción de vivendas e con un incremento de prezos, isto ven dado en parte grazas a entrada de España na unión europea. (Gomez, 2005)

Coa chegada da lei do Chan 8/1990, de 25 de Xulio, sobre Reforma do Réxime Urbanístico e Valoracións do Chan no Capítulo 3, Sección 3.Artículo 12 mencionase por primeira vez nunha lei a palabra urbanizar:

Sección 3.^a Derecho a urbanizar:

1. La adquisición del derecho a urbanizar requiere la aprobación del planeamiento preciso en cada clase de suelo.
2. El instrumento de planeamiento a que se refiere el apartado anterior será:
 - a) En suelo urbano: Plan General y, en su caso, Plan Especial de Reforma Interior.
 - b) En suelo urbanizable programado: Plan General y Plan Parcial.
 - c) En suelo urbanizable no programado: Plan General, Programa de Actuación Urbanística y Plan Parcial.

3. El expresado derecho sólo se adquiere con la aprobación definitiva del instrumento de ordenación más específico.

4. El ejercicio del derecho a urbanizar requiere la aprobación, cuando así lo establezca la legislación o el planeamiento urbanísticos, de estudio de detalle, proyecto de urbanización u otro instrumento previsto y regulado en aquella. (BOE nº 179, 1990, p. 22.063)

Para Salceda de Caselas esta etapa foi unha das de maior auxe inmobiliario. O igual que a etapa de análise anterior, ensancháronse e pavimentáronse varias rúas, así como a creación de novas vías de comunicación. Durante estes vinte anos, a malla urbana aumentou de forma considerable, aínda que mantivo case intacta a forma urbana. No tecido edificado e onde se produce un maior auxe dentro dos elementos que forman a forma urbana. Constrúense bastantes vivendas de carácter privado, unifamiliar e por primeira vez de carácter plurifamiliar.

A matriz de parcelamento tan so se viu alterada coa creación das novas rúas e a construción de algún elemento de referencia ou equipamentos no centro urbano.

No que se refire a usos do solo, dende 1975, vense dando un novo cambio, posto que o centro urbano crece co paso do tempo, cada vez estase recortando metros no espazo forestal, e tamén no agrícola, pasando por primeira vez a ter un espazo de baleiro urbano. Nesta etapa podíase dicir que o centro da vila pasa a ser de cheo un espazo urbano.

A continuación pasarase o análise do trazado viario e os distintos elementos da forma urbana.

4.3.1 Trazado viario

No que se refire a nivel infraestructural, é preciso mencionar a construción da Vía Rápida PO-510. Esta estrada permitiu acurtar o tempo de transporte entre as vilas periféricas, e tamén reducir considerablemente o tempo de desprazamento coa cidade de Vigo.

Esta camiño conta cun trazado completamente novo respecto a vella estrada que unía O Porriño con Salvaterra de Miño, a Antiga PO-410. O paso deste vial nas inmediacións da vila tivo numerosas implicacións morfolóxicas, xa que rapidamente converteuse nun polo de atracción de actividades de varios sectores. Así mesmo, mellorou de forma considerable as comunicacións con outras poboacións, particularmente uniu directamente coa autoestrada A-55.

O crecemento urbano rexistrado no período comprendido entre 1975 e 1995 foi de carácter exponencial. Os grandes cambios sociais e económicos que xurdiron durante estes vinte anos, acabaron favorecendo un considerable desenvolvemento durante os anos oitenta.

Ata 1975 o crecemento espacial da vila foi moi escaso, mentres que a partir desta data comezou a aumentar de forma progresiva debido principalmente a a aparición do ladrillo e a especulación inmobiliaria. A chegada de capital procedente da emigración principalmente de América incidiu de forma determinante na aparición da iniciativa privada.




Fig. 96 - Trazado viario 1995.

O crecemento lineal da vila mantén a tendencia de anos anteriores, axustándose en torno ás principais vías de acceso. O principal soporte deste desenvolvemento continúa sendo a Antiga estrada Porriño-Salvaterra, (Rúa Vitoriano Pérez Vidal – Avenida de Galicia e a Rúa Joaquín Fernández Sestelo) na zona da saída cara Tui. Esta área

experimentou un gran desenvolvemento, ata o punto de constituírse novas mazás grazas o feche de novas Rúas, ver fig. 96.

A vermello pódese ver a creación de catro novas rúas, a actual Rafael Tilve Adrio, Rúa Coruña, Rúa de Pontevedra e Rúa Brasil. Tamén se pode apreciar o a creación da nova vía, servindo de

desafogo na zona mais urbana de Salceda.

A expansión construtiva trouxo consigo a creación e renovación dunha estrutura viaria que precisaba adecuarse aos novos tempos e ás novas necesidades comunicativas da sociedade, e en particular, ao automóbil. Deste modo, comezan a xerarquizarse diferentes eixes viarios, tales como estradas nacionais, comarcais, rúas principais ou secundarias, camiños de paso, accesos, entre outros. Tornase un sistema viario cada vez máis complexo, adecuando a estrutura viaria tradicional como camiños agrícolas para adaptalos ao acceso rodado. Por norma xeral, os camiños estreitos eran convertidos en pequenas pistas asfaltadas e mesmo algunhas en rúas secundarias,

consecuencia da aparición de grandes agrupacións construtivas. Tras a apertura ao tráfico da PO-510, a estrada Tui-Salceda e a Avenida de Galicia convértese no principal acceso á vila, debido a que son os tramo máis curtos entre o novo vial e o espazo urbano. Esta nova situación transformouna nunha importante liña de crecemento. A Rúa Doutor Zununegui, que antigamente posuía unha forte presenza na trama viaria, vai diminuindo o protagonismo a nivel de tránsito rodado.

Nas novas entradas o centro urbano iniciase un intenso desenvolvemento construtivo nas décadas dos oitenta e noventa. A tipoloxía que máis se estendeu en torno a esta vía foi a vivenda plurifamiliar. (ver fig. 97)



--- Acceso o centro urbano desde a estrada PO-510

Fig. 97 - Cruce Vista aérea do centro urbano de Salceda (ano 1995).



Fig. 98 - Cruzamento das actuais Rúa Vitoriano Pérez Vidal e Rúa Zunzunegui (ano 1995).

Nesta fotografía anterior observase os detalles de cómo se conforma o sistema viario e os pequenos cambios sucedidos neste período. Sobre todo destaca o cambio de pavimento sendo orixinal empedrado, pasando a ser de asfalto, con beirarrúas de formigón e rematado en baldosa.

Na figura 98 vese a Rúa Vitoriano Pérez Vidal co cruce da Rúa Zunzunegui, na cal se pode apreciar mellor a dimensión da calzada e das beirarrúas existentes. A marxe esquerda desta estrada dirección O Porriño, servía para estacionamento dos vehículos. Tamén se consegue ver as novas infraestruturas creadas no sistema viario, as arquetas de saneamento, auga potable entre outros.

Como se referiu no apartado anterior, o crecemento espacial de Salceda ata os

anos 1975 foi mínimo, apoiándose en torno as dúas principais vías de comunicación da vila. Ao longo do último terzo do século XX, o desenvolvemento manterá un ritmo constante de crecemento en torno as principais Rúas, encabezados pola Rúa Vitoriano Pérez Vidal e a avenida de Galicia.

A seguinte imaxe mostra a nova rúa que se construíu nesta época de análise, creando un novo espazo na malla urbana de Salceda de Caselas. Trátase da Rúa Coruña, a cal accedíase mediante Rafael Tilve Adrio ou a Rúa Rosalía de Castro. Tal e como se ve na figura 99, este camiño, esta totalmente sen humanizar, tan so foi asfaltado un pequeno sendeiro que existía antigamente. Non posúe beirarrúas nin iluminación pública.



Fig. 99 - Rúa da Coruña (1994).

A marxe esquerda da figura 99, vese un espazo forestal, sen ningún tipo de edificación. So existe un edificio plurifamiliar que foi construído o longo da década de 1990. Esta Rúa manterase sen urbanizar durante uns anos, ata a construción de novas vivendas na seguinte etapa de análise.

Na figura 100 amosase a prolongación da rúa Rafael Tilve cara o acceso a PO-510. Tamén se pode ver a rúa Ador que serve para dar apoio a unha das vivendas plurifamiliares que se construíron durante a década de 1990.

Por último a figura 101 mostra a rúa Pontevedra e Brasil.




↔ Aceso PO-510

↔ Prolongación Rúa Rafael Tilve Adrio

⋯→ Rúa Ador

Fig. 100 - Imaxe aérea centro urbano Salceda (1995).



→ Rúa Pontevedra ····→ Rúa Brasil

Fig. 101 - Imaxe aérea centro urbano Salceda (1995). Tanto na figura 100 como na 101, vense as novas rúas construídas nesta época.

4.3.2 Matriz de parcelamento


A cartografía de concentración empezouse a realizar nos anos 1960 e aínda na actualidade séguese executando. Substitúe a cartografía histórica por un novo sistema catastral, xa que o terreo a representar cambia drasticamente ante todo en canto a vías de comunicación e parcelación. En todos os casos este traballo integrase na cartografía de base catastral dende a histórica ate a actual.

Durante a década de 1990, a Dirección Xeral do Catastro realizou unha cobertura de todo o territorio a base de ortofotos de escala 1:5.000. O obxectivo era obter unha base xeométrica axeitada para plasmar sobre elas a realidade parceira. Técnicos de Catastro das diversas xerencias debuxaban o parceiro sobre campo coa base xeométrica da ortofoto. (Sede electrónica de Catastro)

O sistema parcelario do centro urbano de Salceda tan so se viu alterado en moi poucos casos. A creación de novas rúas supuxo unha pequena alteración da división das parcelas.

Moi poucas son, as excepcións a unha dinámica xeral caracterizada pola débil innovación, a improvisación, o localismo, e o desenvolvemento especulativo. Poucas veces o crecemento das cidades estivo unido a un modelo ou proxecto de cidade previamente deseñado. Isto impulsou a creación da forma urbana de Salceda a proxectarse sen ningún tipo de planificación plasmada pola improvisación.

A continuación mostrarase un deseño parcelario do centro urbano no cal se pode apreciar a distribución das parcelas.



—— Parcelas



Fig. 102 - Deseño parcelario 1995.

Os cambios mais significativos foron os producidos polas novas Rúas sobre as cales partiron as parcelas sobre as que atravesaron. Destacar que se segregaron varias parcelas para a creación de vivendas plurifamiliares. O final desta etapa veuse en auxe pola implicación do

primeiro “Boom inmobiliario” da década de 1990, as urbanizacións, co apoio pola lei do chan de 1990.

A continuación comezarase a analizar o tecido edificado ata 1995.

4.3.3 Tecido edificado




Fig. 103 Cartografía Salceda de Caselas 1988.

O período 1975-1995 caracterízase pola expansión da vivenda plurifamiliar na vila, promovida por uns intereses particulares que procuraban espremer ao máximo a parcela edificada. Lamentablemente, consagrouse a construción de varias alturas, algo que A inexistencia dunha normativa local, sumada á impasibilidade da corporación municipal, acabou permitindo a expansión deste tipo de edificios, chegando mesmo ás catro alturas en moitos casos. Mesturando vivendas tradicionais de 1 ou dous pisos con 4 ou 5 alturas como se pode ver nas figuras 104 e 105.

Por outra parte, comezaron a implantarse tipoloxías edificatorias abertas, é dicir, deixando espazo libre ao seu arredor. Estes modelos que comezaron a expandirse de forma progresiva na vila son completamente alleos á tipoloxía dominante de mazá pechada.



Fig. 104 - Diferentes alturas Rúa Zinzunegui.




Fig. 105 - Diferentes alturas Rúa Victoriano Pérez Vidal.




Fig. 106 - Cartografía Salceda de Caselas 1995.

En canto ao crecemento de Salceda no período de análise, continúa a construción dun gran número de vivendas debido ao esplendor inmobiliario que continúa e tamén debido á proximidade a cidade de Vigo.

No núcleo urbano tan so se edifican vivendas plurifamiliares (ver figura 107), as vivendas unifamiliares illadas (ver figura 108), constrúense na periferia do núcleo. Estes datos pódense observar nas seguintes figuras.



Fig. 107 - Construcións plurifamiliares no núcleo urbano.



Fig. 108 - Construcións unifamiliares na periferia do núcleo urbano.




Fig. 109 - Deseño edificado 1995.

Morfoloxicamente, este crecemento desenvólvese de forma lineal en torno ás vías de comunicación. A estrada, convertida en rúa, constitúe a liña de crecemento, mentres que a parcela construída funciona como o elemento que torna continuo o desenvolvemento espacial (Panerai, 2006). Estas novas

construcións tenden a aliñarse no límite da parcela que ocupan, para manter unha relación estreita coa estrada. A diferenza da etapa de 1975 onde as construcións adoitaban albergar pequenos negocios e actividades relacionadas directamente coa infraestrutura adxacente, tal e como eran a caixa de aforros, a ferraxaría, os calzados,

entre outros, adoitaban ser pequenos locais comerciais, as novas construcións en altura permiten a creación de locais comerciais mais amplos a nivel da Rúa.

Os comercios que se establecían en torno a estas vías atopaban un maior dinamismo fronte á periferia. Mentres que anteriormente a única posibilidade de aparición de novas edificacións reducíase ao límite entre estrada e parcela, agora ábrese novas rúas, podendo crear construcións a volta de mazas.

O tecido da Zona Antiga, caracterizado durante décadas pola existencia da dúas vías de comunicación, mantivo un crecemento polar interno continuado. Por o contrario, a aparición de novas rúas, modifican o desenvolvemento do tecido urbano para un desenvolvemento e creación de un sistema de mazás onde se construíra o redor destas rúas. En 1975 existía unha maza, actualmente créanse algunhas mais.





Fig. 110 - Deseño sobre as mazas creadas en 1995.

Nesta imaxe dentro das formas que se identifican a puntos, pódense ver algunhas das mazás creada pola apertura das novas rúas. Salceda de Caselas inicia un auxe de construcións a partir da década dos 1990 que irá en continuo crecemento ate chegar o fin desta análise por épocas.

Polo tanto o factor mais importante desde o punto de vista do tecido edificado é o das vivendas agrupadas a unha vía na súa maioría con algunha excepción de algunha vivenda dispersa que se atopan no límite do núcleo urbano nunha zona que comeza a diminuír a presenza de solo agrario rural.



▨ Construcións agrupadas a unha vía ● Construcións illadas

Fig. 111 - Agrupación do tecido edificado 1995.

A continuación amosarase un deseño con un incremento de construcións que se produciu a partir de 1975, analizando as novas edificacións así como os novos engadidos que se anexaron as construcións ate 1995.




Fig. 112 - Deseño edificado 1995, identificación entre construcións de 1975 e 1995.

A vivenda tradicional unifamiliar comeza a perder cada vez máis peso como a tipoloxía máis importante do tecido urbano de Salceda de Caselas. O continuo crecemento para a periferia do núcleo urbano materialízase con edificios plurifamiliares principalmente de varias alturas. Fronte ao crecemento lineal que sufrira a vila, caracterizado por manter un

tecido edificado compacto, redúcese de forma significativa a edificación de carácter disperso, así como a creación das primeiras mazás. Neste aspecto inclúese o desenvolvemento das tipoloxías de vivenda illada e de importantes equipamentos. A inexistencia dun marco legal que restrinxa este desenvolvemento vai supoñer unha completa transformación




 Novas construcións dispersas na periferia do núcleo urbano

Fig. 113 - Nova construción de vivendas dispersas entre a década de 1980-1990.

do ámbito da vila, ademais de aumentar a posibilidade de que continúe esta tendencia. Na tipoloxía de vivenda illada, o desenvolvemento neste período é escaso, tendendo a aparecer algunhas vivendas en áreas próximas ás vías de comunicación. Por esta razón, tamén se constata a importancia dos trazados infraestructurais na aparición da vivenda dispersa. (Fig. 113)

A figura 114 mostra unha vivenda tradicional da década de 1970, fronte a unha vivenda da década de 1980-1990. A vivenda máis recente, conta con unha altura máis, os cerramentos exteriores son feitos integramente en pedra, a modo de perpiaños de granito colocados de unha forma regular.



 Edificación de 1975 ou anterior

 Edificación posterior a 1975

Fig. 114 - Exemplo da tipoloxía edificatoria entre épocas.



Fig. 115 - Construción de vivendas plurifamiliares na década de 1990.


A figura 115, identifícase coa construción de edificacións en altura con máis de unha vivenda por altura, son edificios que se comezaron a construír na periferia do núcleo urbano a finais da década de 1980 e na década de 1990. Concretamente a imaxe anterior está situada na Rúa Rosalía de Castro xusto o carón do Colexio Público Altamira, tal e como se ve no seguinte deseño.



Fig. 117 - Tipoloxía das primeiras vivendas plurifamiliares construídas na década de 1980 na núcleo urbano.

A figura 117, mostra unha das primeiras vivendas plurifamiliares construídas no núcleo urbano de Salceda de Caselas, na década de 1980, tal e como se pode ver na figura 118, localízase na Rúa Victoriano Pérez Vidal.


A continuación pasarase a analizar os equipamentos e elementos de referencia.



■ Edificacións □ Área fotografada



Fig. 116 - Localización das primeiras vivendas plurifamiliares construídas na década de 1990.



■ Edificacións □ Área fotografada



Fig. 118 - Localización das primeiras vivendas plurifamiliares construídas na década de 1980.

4.3.4 Equipamentos e elementos de referencia




Fig. 119 - Deseño do tecido edificado e equipamentos de 1995.

No apartado dos equipamentos, dáse un cambio considerable durante esta época. O desenvolvemento económico e social que caracteriza a década dos oitenta vese reflectido na implantación de novos

servizos públicos, varios deles son en saúde e educación. O avance máis importante prodúcese coa apertura do Centro de Saúde que proporcionou cobertura médica a todo o municipio.



Fig. 120 - Fotografía da Casa Consistorial co engadido sufrido na década de 1980.

Na figura 120 pódese ver unha imaxe da Casa do Concello de Salceda de Caselas. A vermello vese un engadido que se fixo na década de 1980, situado na parte dereita da fachada principal. Dende a transición política de unha ditadura a unha democracia, os concellos pasaron a ter un papel moito mais importante, os cales recibiron un maio poder goberamental. Os pequenos espazos que se necesitaban nas casas consistoriais quedan pequenos e obsoletos. Cada vez necesítase archivar mais documentación, a mesma vez que a presenza política ia gañando mais forza. Necesítábanse mais gabinetes, e unha solución temporal foi ampliar o espazo.

Outro equipamento que cabe mencionar e a ampliación do campo Municipal da Gándara (campo de fútbol), que supuxo a construción de unha grada cuberta para os espectadores, e o mesmo tempo a construción de un espazo de vestiarios, despachos e almacén, pódese ver na figura 121 a vermello. Nesta mesma figura tamén se poden ver en azul escuro as piscinas municipais. Estas piscinas tan so abren no verán, non posúen auga climatizada nin están cubertas, o resto do ano permanecen pechadas. Construíronse pouco despois de comezar as obras do parque da Gándara.



Fig. 121 - Fotografía zona campo de fútbol, parque da Gándara e piscinas Municipais na Década de 1990.



Fig. 122 - Parque Municipal da Gándara.



Fig. 123 - Centro de Saúde.

A figura 122 anterior mostra o parque da Gándara xa rematado de construír, en 1975, comezase coa construción do muro que pecha todo o perímetro, durante esta época o parque sufriu varios engadidos.

A figura anterior mostra o Centro de Saúde de Salceda de Caselas, ate a década de 1980, tan so existía un Centro de Hixiene (fig.124) que se compoñía de un medico local. O novo centro de Saúde dotaba de varios médicos, enfermería, e a posibilidade de asistencia sanitaria durante as mañás. Non obstante o centro de hixiene muda de uso, na década de 1990 pasa a ser un local destinado o

ensaio de música, chamado o local “dos amigos da música”.



Fig. 124 - Centro de Hixiene.

A praza de abastos localízase na Rúa Pontevedra, é unha obra do arquitecto Álvaro Romero, datada en 1990 con unha área próxima os 1.500 m².

En 1988, o concello decide demoler o edificio do antigo mercado e substituílo por novo equipamento situado nunha parcela próxima a esta. En 1990 finalízase a nova construción do mercado actual da vila.



Fig. 125 - Praza de abastos en construción.

O Mercado Municipal de Salceda de Caselas responde a un volume rectangular simple de dúas plantas con cobertura a dúas augas. O edificio salva un desnivel de catro metros con respecto á fachada máis baixa, que se encontra na parte posterior. A diferenza de cota cóbrese por medio de dúas vías rodadas coas dúas beirarrúas que rodean o volume. Existiu vontade de dignificar a entrada por medio da utilización dun volume a xeito de pórtico que mestura

dúas linguaxes clásicas e estruturalmente opostas; o arco e dúas columnas adinteladas. O espazo interior está iluminado e ventilado por unha fileira de contras corridas que coroa o muro perimetral. É un espazo pechado ao interior que evoca os galpóns que se utilizan no campo para o almacenamento de útiles de labranza e a os hórreos galegos, por a súa morfoloxía e o seu esquema de ventilación.



Fig. 126 - Praza de abastos na década do 2000.

mercado tradicional de produtos frescos no que o espazo central esta ao servizo dos mercadores un día á semana, no que se celebra o mercado da vila. Ese día o mercado gaña dinamismo e clientela.



Fig. 127 - Antigo Cuartel da Guarda Civil.



Fig. 128 - Praza da Devesa.

Tanto o Cuartel da Garda Civil como a praza de Devesa están situados na Rúa de Vigo. Xusto onde se localizaba a zona de estacionamento diante da fachada principal, creouse unha pequena praza, que antigamente recoñecía polo nome do campo da Feira da Devesa, sendo un pequeno espazo en terra que co paso do tempo se foi humanizando. O Cuartel da Garda Civil mudou de uso, pasando a ser o centro de servizos sociais a "Devesa". A

comandancia da Garda Civil de Salceda de Caselas foi trasladada o veciño Concello de o Porriño. Actualmente son as patrullas de Porriño as que se desprazan a Salceda. Unha pequena interpretación indica que segundo van pasando os anos, os equipamentos intensifícanse nesta localidade. Para rematar este capítulo analizarase os usos do chan nesta etapa que augura cambios nun futuro moi próximo.

4.3.5 Usos do solo

Nesta data Salceda de Caselas aproximase a un Plan Xeral de Ordenación Municipal que foi proposto na década de 1980 e que non chegou a ser aprobado. As novas leis de solo, empezan a xurdir un pequeno control sobre o Urbanismo de Salceda, aínda que non foron de todo aplicadas ate a aprobación das Normas Subsidiarias de 1997, as cales se abordaran no seguinte capítulo. Os Usos do Solo volveran a analizarse en tres tipos diferentes, máis un novo tipo de chan, o chamado “baleiro urbano”.

Atendendo aos procesos de cambios rexistrados entre 1975 e 1995 comprópanse comportamentos moi dispares dunhas zonas a outras dentro da forma urbana. De xeito básico cabería diferenciar rexións que rexistran apreciables aumentos na súa malla urbana fronte a outras que practicamente non incorporan novos núcleos.

Por último non faltan tampouco aquelas rexións que mesmo padecen un debilitamento desta son as que experimentan un retroceso na cobertura espacial da súa malla urbana.

Antes de nada é preciso insistir en que este retroceso na malla urbana, non significa un descenso na taxa de edificación. O crecemento de edificacións o redor de mazas na periferia, con zonas se urbanizar supón a creación de áreas con baleiros urbanos.

As discontinuidades encerran graves problemas de articulación territorial, á vez que significan serios inconvenientes para o conxunto da organización espacial.

Por primeira vez comezan a xurdir baleiros urbanos que non deixan de ser zonas de chan urbano que quedaron por distintas circunstancias excluídas do uso para o que foron concibidas e urbanizadas. Moitas veces constitúen espazos de oportunidade que, ben aproveitados, dende os parámetros da racionalidade urbanística, axudan a recompoñer e ordenar a cidade no seu conxunto. É dicir, determinadas situacións de privilexio confírenlles un carácter estratéxico, que vai máis alá do terreo que ocupan, e mesmo das súas inmediacións.

O análise dos diferentes usos do chan ramifícanse en: área acumulada de uso forestal, uso agrario, uso público e baleiros urbanos. En 1975 a área forestal posuía 233.000 m², reducíndose a 160.000 m² en 1995. A seguinte área acumulada é a de uso agrario en 1975 que contaba con 344.000 m², en 1995 pasa a ter 328.000 m². Por primeira vez a área agraria comeza a reducir espazo. Nesta etapa, comeza a verdadeira transformación entre espazo rural a espazo urbano. Entre tanto os espazos públicos comezan a gañar protagonismo.

Nesta época, os espazos verdes e zonas públicas están en auxe, posto que a partir da década de 1970, Salceda comeza a ter un forte crecemento da poboación, isto implica dotar o centro urbano destes espazos para uso e lecer da poboación. Sumando o período político que atravesara España, implantada unha democracia que comeza a darlle privilexios os cidadáns.




Fig. 129 - Deseño usos do solo 1995.

A figura anterior mostra un deseño dos usos do solo con varios trazados, o de cor laranxa destinado a uso agrario é o que máis predomina despois do de uso forestal.

A área acumulada que se destina a uso público pasou de 25.000 a 35.000 m², sumando a praza principal, o campo de

fútbol, o terreo da Escola, o parque da Gándara e a súa envolvente e a zona da praza da Devesa.

Por último analizar un novo uso do chan, o creado polos baleiros urbanos no que se pode apreciar na figura 129 con un total de 10.000 m² aproximadamente.

4.4 Transformación da forma urbana desde 1995 a 2003

Por outro lado, ao partir para o estudo do crecemento urbano como una análise das relacións entre as diferentes formas do crecemento (morfología urbana) e as forzas sociais, Solá-Morales aproxima-se de Ivor Samuels, para quem a morfología urbana representa una técnica analítica para "ler" a cidade e comprender a evolución da forma urbana em relación com as mudanzas sociais, económicas e demográficas. (Pereira, 1998, p.57)

Unha vez chegado a este punto a falta de analizar unha data de estudo mais, xa se vai "lendo" a forma urbana de Salceda, e a súa vez vai consolidándose ate chegar ao fin da análise.

Da forma que Pereira (1998) menciona a Ivor Samuels, o cal lee a cidade a través da forma urbana para chegar a comprender a evolución, a esta altura tras o estudo anterior, xa da para percibir de cómo se transformou a forma do centro urbano de Salceda de Caselas.

A seguinte data, chama a atención por ser unha época de bonanza económica, comezando o fin desta unha burbulla inmobiliaria, a cal procedeu a unha forte crise sobre todo no sector da construción aínda ata metade da década de 2010.

Los datos estadísticos de la actividad constructiva residencial (Ministerio de Fomento, 2013) muestran una crisis inmobiliaria sin precedentes por la intensidad y rapidez de la caída y por el bajísimo nivel de producción de viviendas actual. En 2006 la burbuja

inmobiliaria española alcanzó su máximo desarrollo con 762.540 viviendas iniciadas y en 2012 apenas 6 años después tan sólo se iniciaron unas 42.145, viviendas. (Puebla, 2014, p. 101)

Esta etapa de transformación esta marcada por ser unha etapa de forte crecemento no sector da construción, especialmente en España e practicamente en todo Europa.

Esta etapa e moi similar a anterior, a diferenza de que o crecemento e moito mais rápido e forte. A facilidade de préstamo bancario fai que a compra de unha vivenda se torne mais fácil que en datas anteriores a esta. No período que vai entre 1995 e o 2003, o concello de Salceda de Caselas experimentou un forte crecemento nas súas taxas de actividade e ocupación do chan debido ao aumento producido nas cifras de poboación, que se traduciu nun aumento da poboación maior de 16 anos, pero sobre todo nun aumento da poboación ocupada. Isto fixo que as taxas do concello se situasen por riba das taxas da Área Metropolitana de Vigo, Pontevedra e Galicia. Na taxa de actividade por sexo pódese apreciar as diferenzas que hai entre a poboación masculina e feminina do concello. Así mentres que para as mulleres o número de inactivas e maior có de activas, para os homes pasa exactamente o contrario. Tamén se observa como a distribución da poboación inactiva nas diferentes categorías é distinta, tendo un peso moi importante para as mulleres os epígrafes de tarefas do fogar e xubiladas, mentres que para os homes eran os de xubilados e estudantes. Este feito é significativo dunha

menor incorporación da muller ao mercado de traballo. A taxa de ocupación no concello de Salceda, ao igual ca de actividade, experimentou unha suba no período 1996-2001. Así, mentres que en 1996 estaba situada na cifra do 36,86%, no 2001 pasou ao 49,59%, o que supuxo unha alza de 9,84 puntos porcentuais. (Instituto Nacional de Estatística, 2010)

Salceda de Caselas foi un dos poucos Concellos Galegos nos que sempre aumentou a poboación. Isto máis o prezo das vivendas, sendo un dos núcleos urbanos da zona Sur de Pontevedra con prezos máis competitivos, provocou que moitas familias e persoas decidisen ter a súa vivenda aquí.

No que se refire a equipamentos, en 1995 inaugúrase o Pavillón Municipal de Deportes de Salceda, o cal permite que equipos como o de baloncesto, poidan xogar competicións baixo un teito, así como varios tipos de deportes. Outro equipamento que se inaugurou anos despois foi a nova escola de Ensino Secundario, a cal permitía escolarizar os nenos de Salceda con idades comprendidas entre os 12 os 18 anos. Segundo o Diario Oficial de Galicia:

El Pleno de la Corporación Municipal de Salceda de Caselas, reunido en sesión celebrada el 27 de febrero de 1998 acordó la cesión a la Comunidad Autónoma de Galicia, del solar denominado Anexo Colegio Altamira de 3.500 m, situado en Salceda de Caselas (Pontevedra) para la construcción de un centro de ESO. (Código lei nº 204/1998, DOG nº 130)

Outro gran acontecemento foi a aprobación das Normas Subsidiarias do Planeamento Municipal de Salceda de Caselas. Este documento aprobado en

1997 foi o primeiro instrumento de ordenación urbanística co que contou Salceda de Caselas. Á marxe da vontade do goberno municipal de crear este documento, é preciso atender ás esixencias que existían da normativa vixente nese momento. A Lei de Adaptación do Solo de Galicia (LASGA), de 1985, sinalaba prazos para a formulación do plan urbanístico municipal para todos os concellos que carecían deste. Por este motivo, Salceda coma outros municipios galegos estaban obrigados a elaborar Normas Urbanísticas Subsidiarias. Entre elas foron feitas para a causa de:

- Necesidade dun plan que ordene a actividade urbanística e construtiva sobre a base dunha normativa legal adaptada ás características concretas do Municipio.
- Necesidade dunha revisión do sistema xeral infraestrutural do territorio municipal, e se é posible unha optimización de a relación entre as diferentes entidades de poboación, corrixindo as posibles pautas disfuncionais dunha excesiva dispersión.
- Necesidade dunha ordenación que á parte de regularizar e controlar os ámbitos urbanos actuais que admita unha superficie ponderada de chan preparado para urbanizar como extensión dos anteriores.
- Paliar, dentro do posible, os déficits nos estándares do sistema xeral dotacional e de espazos verdes públicos, axustándoos como mínimo ao previsto na Lei do Chan.
- Necesidade dunha regulación normativa do chan non urbanizable, o cal pola súa considerable tensión e as súas peculiares características paisaxistas e ambientais constitúe un factor da máxima importancia

na ordenación do Termino Municipal. Iso implica intrinsecamente a necesidade de protección e conservación do medio natural, incluídas as edificacións rurais do cal forman parte.

O capítulo 1 da NORMATIVA BOP 04/04/1997 das Normas Subsidiarias de Salceda de Caselas, na páxina 19 no apartado de urbanización de Chan Urbano menciona o seguinte:

Para la concesión de licencias de edificación en Suelo Urbano se requerirá que la parcela cuente con un mínimo de servicios urbanísticos, que según los casos señalaremos a continuación: En Suelo Urbano de núcleos y Áreas urbanas, se exigirán como mínimo los siguientes servicios:

- acceso rodado público.
 - encintado de aceras, cuando este prevista su construcción.
 - pavimentación de calzada.
 - red de suministro de energía eléctrica.
 - red de abastecimiento de agua.
 - red de evacuación de aguas.
 - instalación de alumbrado público.
- (Boletín Oficial del Estado, 04/04/1997, Capítulo 1, p.19)

A continuación proseguirase co análise do trazado viario para o estudo da forma urbana de Salceda.

4.4.1 Trazado viario

No que se refire a nivel infraestructural, é preciso mencionar a construción da Rúa do Rollo. Esta estrada vai permitir desviar o tránsito rodado de unha das zonas máis antigas e de relevancia do centro urbano, a praza principal. Comezase a ensanchar algunhas rúas como e o caso da Rúa de Vigo. Acondicionase e pavimentase o redor da Praza Municipal.

O final deste período, comezase a realizar un acceso da estrada PO-510 para a Rúa Joaquín Fernández Sestelo, creando unha segunda entrada a Salceda de Caselas en dirección Salvaterra de Miño o Porriño.

O crecemento urbano rexistrado no período comprendido entre 1995 e 2003 foi de carácter exponencial. Os grandes cambios sociais e económicos que xurdiron durante estes oito anos, acabaron favorecendo un considerable desenvolvemento durante a década do 2000. Esta etapa e unha das de maior crecemento xunto a etapa a seguir, chegando a triplicar a poboación do centro urbano sen contar a periferia en menos de 12 anos, tal e como se pode corroborar na figura 130. Dende a chegada do boom urbanístico, Salceda de Caselas beneficiouse no censo de novos habitantes onde se pode apreciar na fig. nº 130.

Nomenclátor: Población del Padrón Continuo por Unidad Poblacional

Municipio	Año 2000	Año 2001	Año 2002	Año 2003	Año 2004	Año 2005	Año 2006	Año 2007	Año 2008	Año 2009	Año 2010	Año 2011	Año 2012
049 Salceda de Caselas ESFARRAPADA	Población 1072	Población 1276	Población 1450	Población 1628	Población 1804	Población 2200	Población 2458	Población 2707	Población 2930	Población 3205	Población 3374	Población 3550	Población 3723

Fig. 130 - Nomenclátor centro urbano de Salceda.

Desta forma, o trazado viario de Salceda xa non ten unha forte presenza lineal como antigamente, xa que as novas Rúas que se foron creando pasan a ter un papel decisivo, pasando a ser arterias que desvían sobre todo o tráfico máis pesado, que necesite pasar cara o Nordeste da vila.



Fig. 132 - Rúa Rollo a través da Rúa Victoriano Pérez Vidal.

A Rúa Rollo, Pontevedra, Vigo e Rosalía de Castro, convértese nas Rúas periféricas, creando unha serie de mazás que disimulan o modo de malla lineal que se viña dando até agora.

Igual a como se mencionou no apartado anterior, a forte expansión construtiva trouxo consigo a creación e renovación dunha estrutura viaria que precisaba adecuarse aos novos tempos e ás novas necesidades comunicativas da sociedade, e en particular, ao automóbil.

A anterior imaxe e a seguinte mostran a configuración da Rúa Rollo dende a intersección coa Rúa Victoriano Pérez Vidal (Fig. 132) e coa Rúa Doutor Zunzunegui (Fig. 133), podéndose ver as prazas de estacionamento, as beirarrúas e o tamaño da Rúa en si.



Fig. 133 - Rúa Rollo a través da Rúa Doutor Zunzunegui.

Outro aspecto importante na trama viaria, foi a conexión na PO-510 (Figura 134), coa estrada Tui-Salceda a Rúa Joaquín Fernández Sestelo convértese nun novo principal acceso á vila, diminuíndo a forte presenza a nivel de tránsito rodado nas Rúas máis próximas da praza principal. Nas novas entradas o centro urbano iniciábase un intenso desenvolvemento construtivo nas décadas de 1990 e sobre todo na do 2000.



Fig. 134 - Acceso a Rúa Joaquín Fernández Sestelo a través da PO-510.

Un dos novos cambios no trazado viario, foi a mellora do pavimento o redor da Praza de Abastos Municipal, creando espazos de estacionamento e beirarrúas a volta deste. Deste xeito comezáronse a proxectar edificacións en torno a estes accesos a Praza Municipal (Fig. 135).



Fig. 135 Trazado viario Mercado Municipal.

Coa construción de vivendas plurifamiliares, mudou o sistema de iluminación, pasando os fíos a estar soterrados nas partes onde non hai construcións e nas zonas de edificios están amarrados a estes. Instálanse novos candeeiros, substituíndo os vellos por iluminación nova e de deseño.

A rede de saneamento xa esta operativa Na totalidade das Rúas, así como a auga municipal de consumo. Nesta época comezase a proxectar a instalación de Gas hasta o centro urbano.

4.4.2 Matriz de parcelamento

Segundo Catastro (registro administrativo dependente do Estado no que se describen os bens inmobles rústicos, e urbanos entre outros)

La Dirección General de Catastro custodia en sus archivos un fondo documental de carácter histórico de gran relevancia, compuesto por dos series documentales “fotografía aérea” y “ortofotografía” de todo el territorio nacional (excepto país Vasco y Navarra), la primera de fechas extremas 1956-1976, y la segunda de 1987-2000. Este fondo constituye una imagen de territorio

español en un amplio horizonte temporal aunque presenta algunas lagunas de más de sesenta años, constituyendo por tanto un material excepcional para múltiples fines como la investigación, estudios de desarrollo rural, planeamiento urbanístico o litigios jurídicos, entre otros. (Pérez, 2007, p.51)

Nesta época de análise xa se facían revisión catastrais cada pouco tempo, existe un deseño cartográfico do catastro de 2003, sendo o máis actualizado entre 1995 e 2003. Dentro destas datas, o sistema parcelario do centro urbano de Salceda, veuse seriamente alterado, xa que redúcense considerablemente o numero de parcelas.

Coa construción de moitos edificios en altura, a maioría das parcelas agregáronse entre si formando unha soa, para poder proxectar edificios grandes en unha soa parcela, podendo así cumprir as normativas que estaban en vigor nesas datas. Tan so aumentaron algunhas parcelas nos casos de algunha urbanización, nas cales segregaron unha parcela grande para convertela en varias parcelas mais pequenas.

O sistema de parcelas actual é produto de subdivisións, variando as dimensións destas na medida que nos distanciamos do núcleo urbano. Na actualidade observase que o continuo crecemento de novas mazas en torno o centro urbano, provocou un cambio no que corresponde ao sistema parcelario inicial, polas constantes subdivisións.

A continuación mostrarase un deseño parcelario do centro urbano no cal se pode apreciar a distribución das parcelas.




Fig. 136 - Deseño parcelario 2003.

Os cambios mais significativos foron os producidos polas novas Rúas sobre as cales partiron as parcelas sobre as que atravesaron. Destacar que se agregaron varias parcelas para a creación de varias edificios destinados a vivendas. Sobre todo danse estes casos nas zonas envolventes a zona periférica da praza principal, nos espazos creados a partir das

novas rúas, formando as mazas, nas cales fóronse proxectando edificios e deste xeito agregando as parcelas mais pequenas en unha mais grande e así poder cumprir coa lei do solo. Un interpretación final indica que as parcelas continúan con pequenas variacións, sobre todo coas subdivisións. A continuación comezarase a analizar o tecido edificado ata 2003.

4.4.3 Tecido Edificado

Entre 1997 e 2006 España coñeceu un boom inmobiliario excepcional pola súa intensidade e a súa duración. Nun contexto económico e social moi favorable ao crecemento, unha posición ideolóxica conservadora buscou, mediante cambios na normativa e na práctica urbanística, unha progresiva deslexitimación do plan público para eliminar trabas ao crecemento e poder desenvolverlo no chan non urbanizable sen límites de cantidade nin localización. O resultado foi un crecemento urbanístico esaxerado, desordenado e cada vez máis dirixido polas empresas e non polos intereses xerais.

O grande incremento da demanda de vivendas é sen dúbida o factor fundamental para explicar o enorme crecemento da actividade urbanística en España nestes anos de análise. Pero hai outros elementos do contexto político e social que favoreceron este boom e as súas excepcionais dimensións e que lle deron unhas características novidasas e preocupantes.

Como e o caso de un forte incremento da demanda residencial.

As excepcionais condicións de financiamento para a compra de vivendas, o incremento do número de fogares e unha boa situación económica en España e en Europa foron, os factores decisivos do forte incremento da demanda de vivendas en España nos últimos dez anos.

No libro *Situaciones Urbanas de Parejo*, fala sobre a situación extraordinaria e irrepitible do mercado financeiro converténdose nun dos factores máis

determinantes deste boom inmobiliario. O continuo descenso do custo do diñeiro e o seu mantemento a un nivel moi baixo, historicamente descoñecido, unido a unha mellora substancial das restantes condicións de financiamento, favoreceu o endebedamento das familias, sexa para conseguir a vivenda desexada ou sexa para facer moi interesante o investimento especulativo en ladrillo ou no chan.

Año	Visadas	Iniciadas	Terminadas
1991	274.136	205.460	274343
1992	280.643	208.613	221828
1993	252.787	199.144	223584
1994	315.690	234.386	230307
1995	347.727	302.457	221252
1996	322.073	288.034	276451
1997	399.007	324.599	299595
1998	460.527	407.650	298783
1999	563.682	511.854	356781
2000	585.933	534.010	416184
2001	547.883	523.839	505271
2002	617.726	543.105	519328
2003	681.178	623.084	508268
2004	761.790	691.876	565278
2005	812.294	716.035	590631
2006	920.199	760.179	657990

Fig. 137 - Evolución da construción de vivendas en España.

O incremento do número de fogares ten sido resultado do notable e imprevisto crecemento demográfico debido sobre todo á intensa inmigración e da redución do tamaño dos fogares españois na que interveu o desenvolvemento de novas formas de convivencia. Foron anos de forte crecemento económico que se traduciu nunha expansión importante da poboación empregada, nun aumento da renda familiar dispoñible pola incorporación da muller ao traballo e nun maior nivel salarial, todo o cal incrementou o número de familias con capacidade de compra. Esta dirixiuse en moitos casos a conseguir o acceso a unha vivenda ou a cambiarse a outra de mellores condicións; pero tamén á adquisición dunha segunda residencia, impulsada pola xeneralización

en España do hábito social da posesión deste tipo de vivenda.

Este forte incremento da demanda produciuse nun ámbito político e social moi favorable ao crecemento sen límites, que explica a introdución de normas e prácticas para facilitar o intenso desenvolvemento urbanístico e o seu non rexeitamento social. A obsesión ultra liberal de que todos os males do chan e da vivenda obedecen á escaseza de chan urbanizable producida pola intervención pública mediante un plan, do Estado Español converterse en lei co goberno de Aznar.

Segundo esta posición, canto máis se urbanice máis baixará prezo da vivenda; polo tanto dende o goberno teñen a hipótese de que hai que aumentar todo o posible o chan urbanizable a disposición dos axentes privados. Para iso, en contra de toda a tradición urbanística española, estableceuse legalmente que poderá ser urbanizable ou non o chan que se determine no Plan.

Nesta época de inicio do novo milenio, a palabra corrupción e urbanismo aparezan inevitablemente unidos para boa parte da opinión pública española; o urbanismo en España ten "mala imaxe", a de algo turbio e pouco claro. Na nosa opinión, o forte aumento da corrupción urbanística nos últimos anos é o resultado de ter eliminado ou suavizado, moitos dos controis que impoñía o plan público; agravado, ademais, polo contexto dunha demanda moi intensa e dunha ideoloxía dominante favorable ao crecemento a calquera custo.

A corrupción aparece case sempre ligada ás decisións municipais de recualificación de chan non urbanizable que producen

enormes plusvalías ao chan rústico, moito máis aínda tras a valoración especulativa do chan reclasificado establecida na Lei 6/1998. Trátase de dirixir a vontade municipal, baixo supostas razóns de beneficios xerais, a reclasificar as propiedades concretas de alguén, que en moitas ocasións acaba de adquirilas.

España coñeceu na última década un impresionante incremento da actividade urbanística, cunha intensidade e unha duración descoñecidas ata agora. Nestes anos, a diferenza do anterior boom inmobiliario dos anos 1986 a 1991, a dispoñibilidade de chan urbanizable no plan non actuou como elemento limitador da cantidade nin da localización territorial do desenvolvemento urbanístico, porque case toda a demanda foi satisfeita sobre chan non urbanizable.

Un marco político conservador, plasmado legalmente na concepción do todo urbanizable e nunha valoración especulativa do chan, produciu unha práctica urbanística que foi deslexitimando progresivamente, e así obviando, o plan público. O resultado foi a posibilidade dun crecemento urbanístico sen límites, mediante a utilización masiva de chan non urbanizable o que precisamente o plan decidira preservar nos lugares e nas condicións que a iniciativa privada desexou.

Como consecuencia diso, aquelas áreas das zonas turísticas ou dos principais ámbitos metropolitanos que tiñan maior dispoñibilidade de chan rústico por unha menor urbanización anterior foron as que coñeceron nestes anos un maior desenvolvemento da actividade urbanística. (Parejo, 2007)




Fig. 138 - Deseño edificado 2003.

Como xa se analizou no período anterior, as dúas rúas principais (antiga estrada Tui-Salceda e Porriño-Salvaterra), perden o seu papel principal na malla urbana, aínda así a Rúa Victoriano Pérez Vidal ten unha forte presenza edificatoria posto que tratase dunha Rúa moi longa que atravesa o espazo urbano case de Norte a Sur. Morfoloxicamente, este crecemento

comeza a desenvolverse de forma máis irregular, desviándose da primeira forma lineal.

As novas construcións seguen a aliñarse no límite da parcela que ocupan, para manter unha relación estreita coa estrada, seguindo o modelo edificatorio de 1995 onde as construcións adoitan albergar

negocios. As novas construcións en altura permiten a creación de locais comerciais mais amplos a nivel da Rúa.

Os comercios que se establecían en torno a estas vías atopaban un maior dinamismo fronte á periferia.

Coa construción de novas rúas, séguense pechando mazás, as cales son aproveitadas para edificar pisos en altura na maioría das mazás.

Dende finais dos anos 1960, vanse construíndo unha serie de obras que mostran a transición progresiva do bloque illado á mazá, é dicir, unha disposición dos bloques en forma de envolvente perimetral dun espazo libre interior. Esta transición adopta, por regra xeral, algunha das tres formas seguintes:

A mazá rectangular obtense mediante a asociación de dous ou catro bloques lineais. É o sistema utilizado nos barrios Cen Cardo de Gregotti (1970) e Lacua (1977) de Solá-Morales e Moneo, nos que é posible identificar unha unidade modular de mazá, rodeada por rúas, que se repite regularmente ata formar un tecido mallado. Os dous bloques centrais da mazá flanquean unha rúa peonil que a percorre lonxitudinalmente, e o dous laterais recaen á rúa perimetral. (Lamas, 1993)

A parcelación é o procedemento para subdividir o chan dende o punto de vista xurídico. Dende o punto de vista físico, o que interesa cando se aproxima ao tema da ocupación do chan e a vista da forma urbana que se constrúe materialmente no plano do chan.



Fig. 139 - Deseño interpretativo sobre as mazas en 2003.

Para construír o plano do chan dun modo razoable pódese recorrer a dous procedementos. O primeiro é o de delimitar claramente as propiedades con elementos non construídos tales como valos, sebes, cercadas, entre outros. O segundo é o de edificar total ou parcialmente o devandito plano do chan, creando un zócolo construído que ocupa a planta baixa ou máis plantas, aliñando coa rúa, de modo que a edificación aberta, o bloque, só se fai evidente a partir das plantas altas.

Da forma como se ve na figura 139, existen varios modelos de mazas, a tendencia que se vai dando e a de fechar as mazas con edificios en todo o seu perímetro exterior.

A continuación analizarase e mostraranse as diferentes formas de mazas construídas dentro da forma urbana de Salceda.



Fig. 140 - Localización de tres mazás sobre a malla urbana de Salceda.

A anterior figura representa varias mazás sobre as cales pasarase a analizar cada unha delas.



Fig. 141 - Localización de tres mazás sobre ortofotomapa de 2003.

A maza nº1 caracterízase por ser rectangular, tratase de un edificio case rectangular ocupando case todo o perímetro da mazá. Cada fachada desta construción dá a unha Rúa. Esta aberta en cada lateral, podendo entrar os locais comerciais directamente dende a beirarrúa (ver Fig. 142).



Fig. - 142 Fotografía da mazá nº1.

A mazá nº2 sitúase enfronte a nº1, na Rúa Lugo. Esta maza está semi-pechada, por todos os laterais, conta con un gran patio central de uso público. Falta por pechar un lateral que se atopa en fase de construción, unha vez rematado a mazá estará totalmente pechada. A forma ven sendo en U. Tanto este edificio como o anterior, constan de 5 alturas. (Figura 142)



Fig. 143 - Fotografía da mazá nº2.



A mazá nº3 esta deseñada en forma de L. Esta aberta, e tres dos catro laterais dan cara a Rúa. O lateral interior da ha un futuro Parque. Os edificios son de cinco alturas e entrase directamente os locais comerciais dende a Rúa (ver figura 144). Esta situada entre a Rúa Coruña, Rosalía de Castro e a Rúa Rafael Tilve.

Fig. 144 - Fotografía da mazá nº3.





Fig. 145 - Deseño edificado 2003, identificación entre construcións anteriores e posteriores a 1995.

A figura anterior mostra mediante manchas de cor vermello as construcións feitas entre 1995 e 2003. Si se compara con etapas anteriores pódese ver como en tan poucos anos, o centro urbano crece máis ca calquera época analizada anteriormente. As manchas vermellas son case tantas como as que están a cor negro. En tan so oito anos, a forma urbana de Salceda vese mais alterada que en trinta anos.

No referente ao tecido edificado, falta mencionar as urbanizacións. Na periferia do centro urbano, atopase unha urbanización construída entre 1995 e 2003. Ten un bo acceso dende a PO-510. Atopase xusto o carón do campo de fútbol da Gándara. Trátase de unha serie de chales medianeiros, proxectados en liña, de dúas alturas, con materiais típicos da zona como a pedra, tal e como se ve na figura 146.

Unha das compoñentes mais comúns en España, e sobre todo en Galiza, foron as urbanizacións, Manuel de Solà-Morales, fala no seu libro sobre este tema.

Las tipologías estructurales del crecimiento urbano: Tipificación de los procesos de crecimiento urbano entendidos como conjunto de operaciones; parcelación urbanización y edificación. Especificidad urbanística de esta tipología estructural frente a otras tipificaciones históricas y geográficas. Componentes materiales del proceso de construcción de la ciudad: -Parcelación, entendida como transformación de suelo rústico en urbano como atribución de uso urbano a un suelo. -Urbanización, operación de construcción de los elementos físicos colectivos de la ciudad. (Solà-Morales, 1997, p.78)



Urbanización

..... Accesos mediante a estrada PO-510

Fig. 146 - Imaxe da urbanización da Gándara.

4.4.4 Equipamentos e elementos de referencia




Fig. 147 - Deseño do tecido edificado e equipamentos de 2003.

Nesta época de expansión económica, as arcas municipais dos concellos Españois contan con bastante crédito e axudas para investir. Vendo a figura 147, pódese apreciar o gran numero de equipamentos

que se construíron nestes oito anos. A continuación analizarase os novos equipamentos engadidos dentro desta época.



Fig. 148 - Fotografía Colexio Público Altamira.

Esta escola (figura 148) foi construída inicialmente como apoio do vello colexio. Foi creada para impartir aulas a alumnos de secundaria, nun inicio impartiron aulas para primeiro, segundo, terceiro e cuarto da E.S.O. (educación secundaria

obrigatoria). Na seguinte figura, pódese ver a nova escola a vermello xunto a escola vella a amarelo. Por último o Pavillón Municipal de Deportes a cor azul.



Fig. 149 - Fotografía aérea, Colexio Publico Altamira e Pavillón Municipal.



Fig. 150 - Pavillón Municipal dos deportes.

A fotografía anterior mostra o Pavillón Municipal dos Deportes. Construído en 1995, foi de usufruto do Colexio Público Altamira, así como do equipo de Baloncesto entre outros.

Un dos extractos sobre a súa historia na web do Club de Baloncesto Caselas describe o seguinte:

No ano 1995 coa inauguración do demandado Pavillón Municipal de Deportes de Salceda prodúcese un punto de inflexión na historia. Este feito anima ós dirixentes a traballar coa base co obxectivo de crear equipos e formar xogadores para o futuro. (Club Baloncesto Caselas)

A figura 151 mostra o interior do Pavillón con nenos xogando o Bádminon, actualmente celébranse torneos de

diversos deportes, converténdose en plurifuncional en variedade de deportes.



Figura 151 Interior Pavillón Municipal dos deportes.

Un dos equipamentos que cambia de función e a antiga cámara agraria. Transformase nun local destinado para o grupo de Protección Civil de Salceda. Esta edificación mantívose practicamente intacta durante moitos anos, podéndose ver na figura 152.



Fig. 152 - Edificio de Protección Civil.



Fig. 153 – Correos.

A Fig. 153 mostra a oficina de Correos, situada no cruce entre a Rúa de Vigo e a Avenida de Galicia. Atópase no baixo de un edificio construído nesta época de 1995 a 2003.

Para rematar mostrárase un equipamento máis, a farmacia. A primeira farmacia de Salceda estaba situado xusto en fronte da actual, no edificio que foi demolido. Aínda permanece unha fachada branca que fai de medianeira, pódese ver na figura 154, e no trazado a vermello e onde se sitúa a actual.



Fig. 154 – Farmacia.

Para rematar esta época, a continuación analizarase os usos do solo.

4.4.5 Usos do solo




Fig. 155 - Deseño usos do solo 2003.

A figura anterior mostra un deseño dos usos do solo con varios trazados, o de cor laranxa destinado a uso agrario é o que máis predomina despois do de uso forestal (160.000 m²) con 290.000 m². A área acumulada que se destina a uso público pasou de 35.000 a 42.000 m².

Por último analizar un novo uso do chan, o creado polos baleiros urbanos no que se pode apreciar na figura 155 con un total de 27.000 m², polo tanto incrementase considerablemente respecto os 10.000 m² de 1995.




Fig. 156 - Deseño usos segundo as Normas Subsidiarias de Planeamento.

Esta figura serve para comprobar os tipos de chan que destinaron no Planeamento Urbanístico. Pódese ver o Limite de solo urbano na liña a trazos, e en trazos verdes un cacho de solo rural non urbanizable que entra dentro do limite da área de

estudo. O restante terreo e de uso urbano. A continuación verase un deseño do Planeamento das Normas Subsidiarias cos tipos de edificacións, o solos destinados para distintos usos entre outros.





Fig. 157 - Cartografía das Normas Subsidiarias do Planeamento Urbano de Salceda.

Unhas das normas que trouxo este plan foron as seguintes:

ORDENANZAS ESPECIFICAS DO SOLO URBAN SU.01 DE EDIFICACION PECHADA

OBXETO: Corresponde a unha edificación con edificacións contiguas, formando mazás pechadas ou abertas co patio de mazá correspondente grafiado nos planos de zonificación.

CONDICIÓNS DE EDIFICACION

- Parcela. Non se establece parcela mínima a efectos de edificación e parcelación.

- Frente mínimo de parcela. Establecese unha dimensión de cinco (5) metros.

As parcelas que non alcancen este frente mínimo, se non poden cumprir as condicións de habitabilidade esixibles ás vivendas colectivas, só poderán destinarse ó uso de vivenda unifamiliar, debendo cumprir tódalas condicións de alienación, altura, etc. da ordenanza.

(Boletín Oficial de Pontevedra, Nº 64, 1997, p.35)

Estas condicións específicas foron creadas co propósito de regularizar e establecer un límites no solo de Salceda de Caselas.

Outra norma foi a que se redactou para as condicións de edificacións illadas no chan urbano foi:

SU.02 DE EDIFICACION ILLADA
OBXETO. *Corresponde a unha edificación con bloques illados ou adosados, garantindo a non*

creación de medianeiras, en mazá pechadas ou abertas, como ampliación de zonas de edificación pechadas e que se delimitan nos planos de zonificación.

CONDICIÓNS DE EDIFICACION

- Parcela. Establecese unha parcela mínima a efectos de edificación e parcelación, de superficie 150m²

- Frente mínimo de parcela. Establecese unha dimensión de seis (6) metros, salvo que a parcela se sitúe entre edificacións existentes que impidan o cumprimento.

- Ocupación máxima de parcela en planta. Establecese unha ocupación máxima del 75 % da parcela. (...) A altura máxima permitida na zona, será de catro plantas (Planta baixa + 3 plantas) (...) - Aliñacións. Os edificios constrúanse aliñados coas rúas ou coas aliñacións que se establecen en planos. (Boletín Oficial de Pontevedra, Nº 64, 1997, p.37)

Estas foron algúns das normas que se estableceron no centro urbano para garantir uns mínimos controis no referente o urbanismo de Salceda. Seguirase analizando estas Normas Subsidiarias no seguinte apartado.

Un interpretación final dos usos do solo indica que os espazos abertos privados non ocupados por construcións, eran áreas residuais utilizadas para o horto familiar ou para actividades domésticas. Este espazo verde, constituíu un elemento fundamental ate a chegada do Século XX, o cal, irase perdendo paulatinamente.

A continuación analizarase o último capítulo deste apartado, a transformación da forma urbana desde 2003 e 2013.

4.5 Transformación da forma urbana desde 2003 a 2013

O modelo inmobiliario imperante veu configurando o modelo urbano e territorial. O urbanismo español estivo gobernado polo negocio da promoción inmobiliaria, que impuxo a súa lóxica de obter plusvalías recualificando e construíndo chans por enriba da do plan urbano e territorial. O predominio desta lóxica económica condicionou tanto o modelo urbano-territorial resultante, como o marco institucional que o impulsa. Vese tamén que o modelo exemplificado por España outorga un peso maioritario ao réxime de ocupación da vivenda en propiedade, quedando moi reducida a ocupación en réxime de aluguer. Ao mesmo tempo que potenciou a vivenda libre, deixando a vivenda social como algo testemuñal, sobre todo no que concirne ás vivendas de promoción pública e de alugueres baratos. O modelo apóiase, por unha parte, en potentes empresas de promoción inmobiliaria e, por outra, en fogares (nacionais e estranxeiros) con capacidade de compra e afán de investir en vivendas, contando co apoio dun sistema de crédito hipotecario moi desenvolvido, que se viu reforzado polas boas posibilidades de captación de liquidez internacional de que dispoñen os países da Unión Europea.

Concretando algo máis sobre como o modelo inmobiliario dominante veu incidindo sobre o modelo urbanístico, mencionar que o predominio económico descrito condicionou á vez os modelos de ordenación territorial, urbana e construtiva resultantes, adaptándoos á lóxica da patoloxía antes descrita. Por unha parte, promoveu un crecemento da edificación

rápido e incontrolado, arrastrado por burbullas que se moven por lóxicas especulativas alleas ás necesidades da poboación. (Naredo, 2007)

Despois de un breve resumen sobre o modelo inmobiliario español, analizarase de forma máis completa o modelo urbano de Salceda de Caselas, identificando os elementos de transformación da forma urbana.

O trazado viario xa non mudara máis dende o último período analizado. Tan so pequenas modificacións de cambios de sentido de circulación. A principal característica morfolóxica que fai cambiar un pouco a forma urbana nesta época foi o tecido edificado, aínda que tan se viu afectado en algunha mazá puntualmente, posto que o modelo de edificación foi practicamente igual o anterior.

Durante a etapa que comprende entre 2003 e 2013, dáse un fenómeno que en poucas localidades de Galiza acontece, o Concello de Salceda de Caselas e un dos poucos que segue aumentando a poboación mesmo despois do ano 2008 o cal se caracteriza polo comezo da crise inmobiliaria.

No apartado dos equipamentos apenas tivo incidencia, o mesmo pasa no de parcelamento.

A continuación proseguirase co análise do trazado viario para o estudo da forma urbana de Salceda.

Unha das primeiras Rúas en humanizar foi a Doutor Zunzunegui, un dos propósitos desta rúa era restrinxir o tráfico rodado tan so a entradas de garaxes. As obras comezaron coa retirada do anterior pavimento. (Ver figura 159)



Fig. 159 - Obras na Rúa Doutor Zunzunegui.

Utilizouse toda a beirarrúa como calzada so pa uso peonil. Desta maneira e como se fusionase a praza principal coa rúa doutor Zunzunegui e a rúa da Praza. Cambiouse a configuración dos bancos situados na praza para poder atravesar de

un lado a outro con maior liberdade. Instalouse un novo sistema de iluminación, de acorde coa estética da Rúa. Destacar a incorporación de novo mobiliario urbano, así como a vexetación engadida dispersa por toda a praza. Tamén as sinais, indicando direccións de rúas, lugares e elementos de referencia do centro urbano.

A figura 160, mostra todos estes cambios anteriormente analizados.

Outra Rúa que foi humanizada na mesma data, corresponde a Joaquín Fernández Sestelo. Pasa a ser unha vía de dous sentidos a un sentido, tan so se pode circular dirección a praza. Estreitase o pavimento da calzada para o transito de vehículos e aumentase considerablemente o ancho da beirarrúa. Os materiais empregados foron practicamente os mesmos que se usaron na rúa Doutor Zunzunegui. Estes elementos analizados pódense ver na figura 161.



Fig. 160 - Humanización rúas Doutor Zunzunegui e Rúa Praza do Concello, 2013.



Fig. 161 - Humanización rúa Joaquín Fernández Sestelo, 2013.

Outro espazo humanizado foi o do cruzamento das vías analizadas anteriormente coa Avenida de Galicia. Esta Rúa pasou tamén so a un sentido de circulación asta o encontro coa rúa Argentina, a partir de aquí pasa a ter dous sentidos de circulación. Os materiais, e demais remodelacións foron as mesmas que se usaron na rúa Doutor Zunzunegui e

Joaquín Fernández Sestelo. (Fig. 162) Por último so queda analizar a rúa Victoriano Pérez Vidal, sobre a cal tamén se humanizou ate o encontro coa vía Rafael Tilve Adrio. (Ver figura 163) Esta rúa pasou a como as restantes a ser de un sentido único de circulación ata a rúa de Rafael Tilve. Os materiais foron os mesmos que se utilizaron anteriormente.



Fig. 162 - Humanización Avenida de Galicia, 2015.



Fig. 163 - Humanización rúa Victoriano Pérez Vidal, 2015.

4.5.2 Matriz de parcelamento

O fraccionamento parcelario rural transformouse rapidamente en chan urbano e sempre ligado a un aumento do seu valor. No presente apartado búscase facer unha aproximación á tipificación destes procesos, recoñecidos ou non polo plan, a partir de teorías urbanas que relacionan as operacións materiais de construción de cidade, parcelación, urbanización, edificación, e coa transformación dos elementos da morfoloxía urbana: rúas, mazás, edificios, e as formas de xestión da urbanización. A división do espazo territorial en unidades prediais de formas, tamaños e xerarquías diferentes denota a evolución da estrutura de propiedade do chan. A expansión da forma urbana evoluciona a partir dunha estrutura predial rural preexistente valéndose dos camiños e trazados rurais orixinarios. Así pois, son os elementos do sistema parceiro os que maior permanencia teñen no tempo, a lectura de mapas catastrais de diferentes períodos

pode aclarar o proceso de subdivisión que sufriu o parceiro e que permitiu o moldeado da forma urbana. O sistema parceiro analízase a partir da unidade mínima: a mazá e a parcela. O estudo do ciclo da parcela permite coñecer as transformacións parceiras e os cambios nos usos do chan debido a que a estrutura de propiedade a que posibilita ou limita determinados usos do chan. De aí que as grandes extensións teñan posibilidades de albergar usos de equipamentos colectivos, mentres as pequenas destínanse case sempre a vivenda e outros usos de baixo impacto. Na cidade conxúganse gran variedade de sistemas parceiros de orixe histórica diferente. Estas variacións no tipo, forma, extensión e topografía das parcelas foron definidas polos promotores urbanos que, de acordo as necesidades económicas, produtivas e sociais xeran estratexias de urbanización para gañar maior rendibilidade do chan.




Fig. 164 - Cartografía de Catastro no centro urbano de Salceda de Caselas de 2013.

Este deseño (figura 164) foi elaborado por Catastro en 2013 para a identificación parcelaria de Salceda. Aquí pódese ver xa a numeración de cada parcela.

Foi utilizado este deseño para o análise deste traballo na época entre 2003 e 2013 dentro deste apartado. A partir da década

de 2000, practicamente fanse as modificacións sobre a cartografía o momento, deste xeito permite descargar a cartografía case sempre actualizada.

A continuación mostrárase un deseño parcelario do centro urbano no cal se pode apreciar a distribución das parcelas.




Fig. 165 - Deseño parcelario 2013.

O tamaño e proporción das mazás e parcelas varia de acordo a súa época de constitución, á evolución urbana do sector e ao papel dos promotores. Dentro das estratexias dos promotores urbanos a dimensión de mazás e predios xoga un papel determinante, pois para garantir a rendibilidade débese usar a

menor superficie posible para albergar a maior cantidade de vivendas. Ademais, o tamaño dun predio pode facilitar ou bloquear o desenvolvemento doutras parcelas.

A continuación comezarase a analizar o tecido edificado ata 2013.

4.5.3 Tecido Edificado

A mediados da década de 2000 sigue en auge o boom inmobiliario ata entrada da crise no ano 2008. O auge da construción non é so un fenómeno tipicamente especulativo. Non se trata dun encarecemento simple, derivado da insuficiencia da oferta, ao contrario parece haber un exceso dela. A vivenda convertida en investimento instálase nunha espiral de prezos que atrae novos investidores consumados polas ganancias rápidas e abundantes, e o proceso perpetúase. Mentres dure esta conxuntura, a burbulla non estalará. Os prezos competitivos das vivendas situadas no centro urbano de Salceda impulsan a compra destas por parte de persoas que deciden mercar aquí a súa vivenda en vez de zonas máis grandes como pode ser o caso de Vigo.

O aumento de compra de vivendas, fai que se siga construíndo. De todas as características morfolóxicas analizadas neste traballo, a do tecido edificado é a que cambia constantemente, posto que é unha das únicas que segue en auge. Aínda que o crecemento non foi tan amplo como a etapa anterior ata 2003, séguese construíndo ata que se produce a crise inmobiliaria en 2008, data na que se paraliza este sector e practicamente non se constrúen mais vivendas no centro urbano.

Segundo o Ministerio de Vivenda no segundo semestre de 2007 preséntase a primeira desaceleración da actividade económica en catro anos (dende 2003), sendo o PIB do 4%, unha décima menos que no primeiro trimestre. Reflictese, así, unha suave desaceleración do consumo

privado e da construción, os tipos de interese soben e as familias son os axentes económicos máis afectados.

A principios do ano 2008 a economía española enfrontase a unha situación de crise, que ten catro aspectos:

- Unha crise financeira, derivada da crise das hipotecas.
- Unha crise inmobiliaria, debido a unha caída da demanda de vivendas despois dun decenio dun gran crecemento, que leva aparelada unha caída no resto da economía a causa do seu vínculo con ela.
- Unha crise no modelo de crecemento da economía española que se vén arrastrando dende finais do século pasado.
- Unha crise petrolífera unida a un incremento dos prezos dos alimentos.

A crise inmobiliaria en España, a construción daba síntomas de esgotamento a principios de 2007. Estes síntomas fixéronse evidentes ao longo do ano sendo unha cuestión irrefutable a comezos de 2008 cunha ralentización tanto nas vendas de vivenda como no incremento do prezo que, neste segundo trimestre caeu. Segundo o Ministerio de Vivenda, o prezo descendeu un 0,1% no segundo trimestre do ano respecto aos tres meses anteriores e incrementouse un 2,4% nos últimos 12 meses o que, en termos reais, supón unha baixada por segundo trimestre consecutivo. (Ministerio de Vivenda Español, 2009)




Fig. 166 - Deseño edificado 2013.

Para o estudo da morfoloxía dos distintos tecidos urbanos, cabe a posibilidade de relacionar a trama viaria e o tecido edificado coas etapas da evolución histórica da cidade. Unha primeira aproximación a división entre a zona máis antiga, e as expansións dos séculos XX e

XXI. Realizando divisións máis matizadas, cabe distinguir a maior detalle a cidade, recoñecendo as áreas residenciais dominantes, barrios con mesturas funcionais e tipolóxicas. Outras caracterizacións da forma urbana ligadas á estrutura xeral da cidade poñían

tamén énfase na singularidade da área central de actividade, áreas centrais de degradación, áreas residenciais históricas e modernas e as formas de expansión da periferia.

O estudo da morfoloxía dos tecidos urbanos estendese ás rúas, os espazos intervais ou mazás, as parcelas en que estas se dividen, con alusión á súa forma, tamaño, e finalmente os edificios, coa súa morfoloxía, equipamentos e usos. Será preciso distinguir entre as zonas de vivendas compactas, chans residenciais colmatados, e nos que a edificación se dispón aliñada a Rúa e entre medianeiras, configurando mazás pechadas e zonas de vivenda unifamiliar.

A zona mais antiga aparece de forma ben diferenciada no tecido urbano, sendo o resultado da evolución histórica. O tecido histórico puido formarse por evolución a partir de camiños rurais; e por plan do conxunto ou de determinados sectores.

O crecemento da cidade realizouse durante varias décadas a través do que hoxe se considera zona antiga, este espazo tradicional continuou crecendo ata o último terzo do século XX, estando estancada urbanisticamente ata finais do Século XX, cando se decide dar saídas municipais. Así foise configurando unha trama viaria pouco regular debido ao crecemento lento e adaptado á forma urbana existente e ás estruturas rurais preurbanas. Como resultado dunha trama viaria pouco regular, as mazás, determinadas polo devandito trazado, tenden a ser tamén irregulares e de tamaño variable.

Nesta zona antiga os barrios poden denominarse a partir das vías de

comunicación xa establecidas. De feito a maior parte dos edificios públicos e culturais encóntranse na parte antiga. As parcelas fragmentan moito a mazá, de xeometría irregular, teñen unha característica definitoria, son parcelas perpendiculares a fachada, algunhas de pouca amplitude de fachada. A maioría destas vivendas teñen patios interiores privados e individuais de cada propiedade. Son igualmente irregulares e de dimensións diversas, reflexo dunha antiga e longa evolución, con formas que orixinariamente poden proceder das explotacións rurais preurbanas e de procesos de reparcelación diversos e complexos. Abundan as parcelas estreitas e alongadas.

Inicialmente ocupábase a parte próxima á rúa, pero dende o século XX houbo unha ocupación progresiva de toda a parcela. A súa tipoloxía edificatoria predominante son as vivendas plurifamiliares entre medianeiras de catro a cinco alturas.

A excepción da construción do novo Concello, o resto de vivendas construídas neste período, fixéronse o redor da parte máis histórica do centro urbano. Comezase o análise edificatorio con construcións illadas como os seguintes casos.



Fig. 167 - Edificacións illadas Nº1 en 2013.



Vivendas illadas

Fig. 168 - Localización de edificacións illadas construídos ata 2013.

A figura 168 representa os tipos de construcións localizados e enumerados. Na figura 167, vese dúas vivendas illadas, son as que se atopan co número 1 en vermello. Son dous edificios de 3 alturas destinadas a vivendas e unha como baixo ou posibles locais comerciais.



Fig. 169 - Edificación illada Nº2 en 2013.

A construción nº 2 de vivendas illadas, ten 4 alturas. Os materiais empregados son case todos iguais, sen ser algunha excepción. Practicamente predomina a pedra como elemento de construción.

A construción nº 3 tamén se asemella as anteriores, conta con 4 alturas en total.



Fig. 170 - Edificación illada Nº3 en 2013.

A número 4 esta situada na Rúa de Vigo, sendo un dos últimos ensanches que se produciron no centro urbano. Son dúas construcións construídas na mesma época, sobre o ano 2007. Os dous edificios constan de 4 alturas en total, co material predominante en pedra.



Fig. 171 - Edificación illada Nº4 en 2011.



Fig. 172 - Localización dos dous tipos de edificacións construídos ata 2013.

Na figura 173, consta de un edificio adosado a outro. Trátase do número 1 de cor azul segundo a figura 172. É un edificio de 5 alturas en total. Está pegado a unha construción polo lateral esquerdo sobre a fachada principal. Os materiais son os mesmos, predominancia da pedra.



Fig. 173 - Edificación adosada Nº1 en 2013.

A construción nº 2 de vivendas adosadas, ten 5 alturas o igual que a número 3.



Fig. 174 - Edificación illada Nº2 en 2013.

A número 3 está situada na Rúa Victoriano Pérez Vidal. Trátase dunha construción das máis grandes edificadas no centro urbano



Fig. 175 - Edificación adosada Nº3 en 2013.

A anterior figura mostra unha construción encaixada entre dous edificios. Ten dúas fachadas que dan a diferentes Rúas, a da figura 175 está situada cara a rúa Victoriano Pérez Vidal.

A seguir mostrarase un deseño das alturas de construcións edificadas ate 2013, para poder observar os volumes do tecido edificado a través de manchas.




Fig. 176 - Distinción de edificacións por alturas en 2013.

A figura 176, mostra mediante manchas a cores as alturas edificadas o centro urbano. As cores que máis destacan sobre o deseño e a de cor verde e marrón, correspondendo a catro alturas e cinco alturas. A tipoloxía edificatoria, polo

normal rexese en alturas segundo o tamaño do edificio, aínda que en certos casos non se da este patrón. Posteriormente mostrarase un deseño das construcións edificadas antes de 2003 e das feitas a partir de 2003.




Fig. 177 - Deseño edificado 2013, identificación entre construcións ate 2003 e ate 2013.

A figura anterior mostra, mediante manchas de cor vermello, as construcións feitas entre 2003 e 2013. Esta etapa aínda é forte en termos de crecemento do tecido edificado. Aproximase os valores de construción rexistrados entre 1995 e 2003. Quizais non se rexistrou tanto índice de crecemento coma na etapa anterior, xa

que nesta prodúcese a crise inmobiliaria, na que o sector da construción veuse fortemente somerxido.

A continuación pasarase a analizar os equipamentos e elementos de referencia do centro urbano, mediante un deseño de localización destes, máis fotografías.

4.5.4 Equipamentos e elementos de referencia




Fig. 178 - Deseño do tecido edificado e equipamentos de 2013.

Dende 2003 ate 2013, os equipamentos máis notables foron o da nova Casa do Concello, máis o Parque Raíña Aragonta.

A seguir poderase ver un pequeno análise destas dúas construcións que foron as que mais marcaron a forma urbana ate 2013.



Fig. 179 - Parque Raíña Aragonta en 2013.

Nun artigo no diario La Voz de Galicia do nove de Setembro de 2008 di:

El Concello de Salceda de Caselas inauguró este fin de semana el parque de Raíña Aragonta, un ambicioso proyecto que ha convertido un espacio de 7.500 metros cuadrados en un auditorio al aire libre. (...) Pese a ello, sus instalaciones ya fueron utilizadas en algún concierto de la programación veraniega, con el objetivo de que no se centralizasen las actividades en la plaza del Concello.

El área cuenta también con una zona para los más pequeños. En los elementos se ha invertido 34.000 euros con el objetivo de que se convierta el parque en una referencia en el municipio y la comarca. La zona, junto con la de A Gándara, es uno de los puntos de

esparcimiento al aire libre más grande de la comarca de A Louriña. (La Voz de Galicia, 2008, p. 32)

O parque esta situado dentro de unha mazá na que esta semi-construída por edificacións destinadas a vivendas, das cales a maioría contan con locais comerciais, producindo un maior dinamismo nesta zona.

Este equipamento esta rodeado nunha zona de maior crecemento poboacional do centro urbano. Foi nesta etapa e na anterior de análises onde máis medrou o tecido edificado.

O espazo público / praza / parque organízase (tendo en conta as aliñacións das edificacións existentes) e en torno a un espazo central de representación a cuxa marxe se sitúan áreas para o espaxamento co ánimo de contribuír para unha mellora do ambiente urbano no

centro de Salceda nun intento de conferir identidade e dar desafoxo á veciñanza.

Distintos tipos de pavimento proporcionan unha lectura diferenciada das áreas que incentivan usos dominantes (espazos de xogo para nenos, áreas sosegadas para persoas maiores, bancadas en zonas para audiencia con superficie dura nun posible palco eventual, entre outros).

A circulación peonil garántese por beirarrúas/ terrazas pavimentadas para o efecto (que poden resolver eventualmente o acceso rodado dos servizos de mantención, ou ocasionalmente tránsito restrinxido a certos residentes), pero tamén por percorridos de superficie branda que conseguen un continuo entre o manto vexetal e as circulacións

predominantes peonís de atravesamento do propio parque.

No Parque dá Raíña Aragonta buscouse facilitar a unión directa do centro de Salceda e a zona de equipamentos a Noroeste do parque (Escolas e pavillón), tendo un percurso para unir estas zonas.

Na figura 180 pódese ver o parque nun trazado en amarelo.

Dentro deste apartado de equipamentos e elementos de referencia, so queda facer mención o novo edificio do Concello de Salceda. Esta obra foi inaugurada o cinco de Febreiro de 2007. Está situada na Praza do Concello. A antiga casa do concello pasou a ser “a Casa da Cultura”.



..... Parque Raíña Aragonta.

Fig. 180 - Vista aérea zona periférica Parque Raíña Aragonta en 2013.



Figura 181 - Fachada principal novo edificio Casa do Concello en 2013.

Esta obra construíuse coa maioría dos materiais da zona. Un dos materiais principais foi a pedra. De forma rectangular, consta de tres pisos máis un subterráneo no cal se atopa a oficina da Policía Local máis o Arquivo Municipal (ver figura 182). A fachada principal da cara a praza principal, compartindo o mesmo espazo.



Fig. 182 - Novo edificio Casa do Concello en 2013.

Para rematar o capítulo de elementos de transformación da forma urbana so queda

analizar os usos do solo en 2013. A continuación mostrarase dito análise.

4.5.5 Usos do solo

A figura 183 mostra un deseño dos usos do solo con varios trazados, o de cor laranxa destinado a uso agrario é o que máis predomina con 240.000 m² a 290.000 m² en 2003, despois do de uso forestal 138.000 m² e perder espazo fronte os 160.000 m² de 2003. A área acumulada que se destina a uso público pasou de 42.000 m² a 50.000m².

Por último analizar o último uso do chan, o creado polos baleiros urbanos no que se pode apreciar na figura 184, o que posuía en 2003 un total de 27.000 m², baixando a 8.000 m².



Fig. 183 - Deseño usos do solo 2013

Os baleiros urbanos reducíronse, xa que as parcelas que estaban sen ocupar, fóronse enchendo con novas construcións.

Un dos últimos usos do solo que se aproveitaron no centro urbano foron os estacionamentos públicos destinados a

principios da década do 2010. Repartíronse varias parcelas en todo o espazo urbano con un total de 9, contando dous espazos baleiros.

A continuación mostrarase un deseño coa localización dos estacionamentos máis unha serie de fotografías.




Fig. 184 - Deseño estacionamentos públicos 2013.



Fig. 185 - Estacionamento público nº1 en 2013.

Outro espazo no que estacionar vehículos, no cal se pode ver na figura 185, aínda que legalmente non estea considerado como lugar de estacionamento, e un espazo baleiro que se utiliza habitualmente para aparcar os vehículos. Tamén soen deixar aquí autobuses ou mesmo algún camión.



Fig. 186 - Estacionamento público nº2 en 2013.

A figura anterior mostra un aparcamento público e asignado polo Concello. Asentase sobre un espazo baleiro, nunha parcela na que se construíra no futuro.



Fig. 187 - Estacionamento público nº3 en 2013.

A figura 187, situada na estrada que une o centro urbano coa parroquia de Entenza, na rúa Gándara, mostra un aparcamento público, proxectado sobre unha parcela baleira, foi asignada polo concello como lugar de estacionamento.



Fig. 188 - Estacionamento público nº7 en 2013.

Tratase doutra parcela destinada ao estacionamento, a cal tamén esta baleira e foi aproveitada para este fin. Este aparcamento (nº6) atopase na rúa Doutor Zunzunegui.



Fig. 189 - Estacionamento público nº8 en 2013.

Este estacionamento (nº8) atopase xusto en fronte da farmacia, na rúa Victoriano Pérez Vidal. Foi un dos primeiros aparcamentos destinados para este fin. O estar tan próximo a praza principal, convertese nun dos espazos máis ocupados entre todos os estacionamentos.



Fig. 190 - Estacionamento público nº9 en 2013.

O estacionamento numero 9, localízase na rúa Rosalía de Castro, pegado a Escola Altamira. Da apoio a escola e os negocios que se atopan a súa volta.

Por último concluír co seguinte capítulo "Sistematización".

5. Sistematización

Esta investigación centrouse en dar resposta ao baleiro científico que se atopa na transformación morfolóxica polas que pasou a vila de Salceda de Caselas ao longo dos anos, formulando dous obxectivos. Coa lectura do tecido do centro urbano de Salceda constatáronse diferentes fenómenos encadrados previamente, extraendo os elementos estruturadores da transformación que responden aos obxectivos formulados.


Sobre a base do primeiro obxectivo “identificar os elementos de transformación da forma urbana de Salceda”, deuse resposta a través da relación da caracterización xeral da cidade, ao contexto social, político e económico e a propia análise de cada época. Así, verificase que o contexto de cada momento vese reflectido no proceso de transformación do propio espazo urbano. Grazas a iso destacou un maior crecemento na cidade en dous dos cinco períodos estudados, correspondentes ás décadas de 1990 e 2000. Nestes períodos obsérvase como, a raíz dunha mellora socioeconómica, a cidade é testemuña dun maior desenvolvemento no seu tecido edificado, destacándose sobre todo na década de 1990 cun incremento aínda máis notable, mentres que no período de 2008 a cidade se viu envolvida nunha decadencia económica que reflicte un desenvolvemento moi pouco apreciable.

O período de 1990 non destaca soamente polo incremento na ocupación do chan, senón que nesta época, a cidade é testemuña da implantación dunha nova tipoloxía edificatoria, a vivenda plurifamiliar, caracterizada por adquirir maior altura con respecto ás vivendas que ata o momento se construíran nesta vila.

En canto ás áreas periféricas do espazo urbano, constatouse tamén outro fenómeno estruturador diferente ao do resto da cidade, a vivenda unifamiliar illada, característica por distribuírse de xeito disperso polo territorio, permitindo o espazo libre dentro da parcela privada.

Non obstante, os principais elementos que estruturaron o crecemento do centro urbano de Salceda de Caselas foron os trazados infraestructurais. Obsérvase un crecemento apoiado nas redes de comunicación que se van executando na cidade, creándose así unha dinamización ao longo destes eixes. Así, tras urbanizar o tecido viario, apréciase un crecemento lineal a ambos os dous lados das dúas principais vías de comunicación, sobre as cales, pasan a trazarse novas vías, secundarias, que tamén serán ocupadas nun proceso de aumento do territorio ata completarse o espazo dispoñible dentro dos límites da cidade. Aínda así, o crecemento lineal característico da zona mais antiga da vila, sería contrarrestado nas áreas periféricas por un crecemento disperso.

Estas dúas tipoloxías diferenciadas tradúcense nunha estruturación do tecido urbano do que se extraen dúas lecturas que, nalgúns ocasións, entran en conflito. Por un lado, o crecemento lineal caracterizada pola altura dos seus edificios formando un tecido máis denso, mentres que por outro lado, o crecemento disperso nas zonas periféricas, leva consigo unha tipoloxía de vivenda unifamiliar illada con parcela privada anexa a esta, denotando unha estruturación moito menos compacta (ver figura 191).



— Vivendas máis compactas, tecido máis denso. — Vivendas illadas, tecido máis disperso.

Fig. 191 - Estructuración do tecido edificado en 2013.

Unha vez caracterizada a forma urbana de Salceda cos seus principais elementos estruturadores, condicionados en cada etapa tales como: o trazado viario, a matriz de parcelamento, o tecido edificado, os equipamentos e elementos de referencia máis os usos do solo,

analizados no capítulo numero 4 centranse en identificar a transformación morfolóxica acontecida nos últimos cincuenta e oito anos. A confrontación de diferentes datos estatísticos, demografía, actividades económicas, entre outros, xunto con rexistros escritos e fotográficos,

foi determinante para a comprensión de diferentes fenómenos plasmados na forma urbana.

